



XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**
Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE ESPAÑOL

CURSO 2011/2012

Contido

1. NIVEL BÁSICO.....	3
1.1. DEFINICIÓN DO NIVEL.....	3
1.2. OS ELEMENTOS DO CURRÍCULO.....	3
1.2.1 OBXECTIVOS XERAIS.....	3
1.2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE BÁSICO 1.....	4
1.2.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE BÁSICO 2.....	5
1.3. CONTIDOS XERAIS BÁSICOS.....	6
1.3.1. COMPETENCIAS XERAIS.....	6
1.3.2. COMPETENCIAS COMUNICATIVAS.....	7
1.4. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS POR CUADRIMESTRES.....	14
1.4.1. BÁSICO 1.....	14
1.4.2. BÁSICO 2 INTEGRADO.....	18
2. NIVEL INTERMEDIO.....	21
2.1. DEFINICIÓN DO NIVEL.....	21
2.2. OS ELEMENTOS DO CURRÍCULO.....	21
2.2.1 OBXECTIVOS XERAIS.....	21
2.2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE INTERMEDIO 1.....	22
2.2.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE INTERMEDIO 2.....	22
2.3. CONTIDOS XERAIS BÁSICOS.....	23
2.3.1. COMPETENCIAS XERAIS.....	23
2.3.2. COMPETENCIAS COMUNICATIVAS.....	24
2.4. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS POR CUADRIMESTRES.....	33
3. NIVEL AVANZADO.....	38
3.1. DEFINICIÓN DO NIVEL.....	38
3.2. OS ELEMENTOS DO CURRÍCULO.....	38
3.2.1 OBXECTIVOS XERAIS.....	38
3.2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE AVANZADO 1.....	39
3.2.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE AVANZADO 2.....	39
3.3. CONTIDOS XERAIS BÁSICOS.....	40
3.3.1. COMPETENCIAS XERAIS.....	40
3.3.2. COMPETENCIAS COMUNICATIVAS.....	42
3.4. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS POR CUADRIMESTRES.....	47
3.4.1. AVANZADO 1.....	47
3.4.2. AVANZADO 2.....	50
4. AVALIACIÓN.....	54
4.1. NATUREZA DA AVALIACIÓN.....	54
4.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	55
4.2.1. PROBA PARCIAL DE PROGRESO E PROBA FINAL DE PROMOCIÓN.....	56
4.2.2. PRBAS TERMINAIS ESPECÍFICAS DE CERTIFICACIÓN.....	56
4.2.3. CONVOCATORIA DAS PRBAS.....	57

4.2.4. ASISTENCIA.....	58
4.3. ALUMNADO CON DISCAPACIDADE	58
4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR DESTREZAS	58
4.4.1. ACCESO DE BÁSICO 1 A BÁSICO 2	58
4.4.2. BÁSICO 2.....	59
4.4.3. ACCESO DE INTERMEDIO 1 A INTERMEDIO 2.....	60
4.4.4. INTERMEDIO 2	61
4.4.5. ACCESO DE AVANZADO 1 A AVANZADO 2.....	62
4.4.6. AVANZADO 2	63
4.5. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	65
5. ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS.....	71
6. RECURSOS DIDÁCTICOS	71
7. BIBLIOGRAFÍA E MATERIAL RECOMENDADO	72
8. MEDIDAS PARA A UTILIZACIÓN DAS TIC	73
9. LIÑAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	74
10. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DO IDIOMA.....	76
11. PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	76
12. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	77
14. PROCEDEMENTOS PARA IDENTIFICAR E CANALIZAR AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO	77

O Decreto 191/2007 de 20 de setembro e o Decreto 239/2008 de 25 de setembro establecen a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico, intermedio e avanzado e a incorporación a estes do alumnado que estea a cursar as ensinanzas reguladas polo Real decreto 967/1988, de 2 de setembro.

1. NIVEL BÁSICO

1.1. DEFINIÇÃO DO NIVEL

O nivel Básico presentará as características do nivel de competencia A2, segundo este nivel se define no MECRL.

O nivel Básico ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos.

Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar en situacións cotiás de comunicación como intermediario entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

A hora de describir de forma xeral este nivel temos que acudir á descrición que o MCER fai deste nivel:

“É capaz de comprender e utilizar expresións cotiás de uso moi frecuente así como frases sinxelas destinadas a satisfacer necesidades de tipo inmediato. Pode presentarse a si mesmo e aos outros, pedir e dar información persoal básica sobre o seu enderezo, as súas pertenzas e as persoas que coñece. Pode relacionarse de forma elemental sempre que o seu interlocutor fale devagar e con claridade e estea disposto a cooperar.”

(Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Aprendizaxe, Ensino, Avaliación.

Consello de Europa. Anaya, 2002, p.27)

Este curso de carácter xeral ten unha duración de 130 horas de asistencia obrigatoria e supón, como mínimo, unha dedicación equivalente de preparación e seguimento fóra da aula.

1.2. OS ELEMENTOS DO CURRÍCULO

1.2.1 OBXECTIVOS XERAIS

Tal e como establece o Decreto 191/2007 no seu anexo 1, o nivel básico ten que presentar as características do nivel de competencia A2 segundo o MCER define este nivel. A finalidade do nivel básico é “capacitar para utilizar o español oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos”.

Os obxectivos xerais deste nivel para o desenvolvemento das destrezas receptivas ou pasivas (comprensión oral e escrita) e das destrezas produtivas ou activas (expresión e interacción oral e escrita) son os seguintes:

COMPRESIÓN ORAL.

Comprender o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais de textos breves, referidos a asuntos da vida cotiá, ben estruturados, articulados a una velocidade lenta e con claridade, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, nunha variedade de lingua estándar, e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL.

Producir textos orais breves, referidos a asuntos da vida cotiá, tanto en comunicación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, e comunicarse de forma comprensible, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos interlocutores para manter a comunicación.

COMPRESIÓN LECTORA.

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles relevantes en textos breves referidos a asuntos da vida cotiá, de estrutura sinxela e clara, nunha variedade de lingua estándar.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA.

Escribir textos breves e de estrutura sinxela, referidos a asuntos da vida cotiá, nos que se pide ou transmite información, utilizando axeitadamente os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.

1.2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE BÁSICO 1

COMPRESIÓN ORAL

- Comprender fórmulas básicas de contacto social, como saúdos, despedidas, desculpas, agradecementos, etc.
- Comprender o esencial en conversas sobre temas frecuentes que se refiren ao ámbito persoal (familia, traballo...), sempre que se fale con lentitude, articulando axeitadamente os sons, e que se poidan pedir aclaracións e repeticións.
- Comprender o interlocutor en transaccións moi básicas (por exemplo, mercar o xornal ou pedir un café), sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado e que se poidan pedir aclaracións e repeticións.
- Comprender instrucións básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves (por exemplo, na aula, para orientarse nunha cidade...), sempre que se poidan pedir aclaracións e repeticións.
- Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión: por exemplo, deducir do contexto o significado posible dos termos descoñecidos, axudarse dos acenos, da entoación, dos coñecementos doutras linguas, etc.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

- Establecer contactos sociais moi breves utilizando saúdos, despedidas, agradecementos, desculpas e outras fórmulas de cortesía de estrutura moi sinxela.
- Presentarse e intercambiar información sobre si mesmo ou sobre outra persoa (nome, profesión, idade, residencia, relacións familiares, orixe, etc.).
- Facer invitacións e propostas e reaccionar adecuadamente ante elas.
- Facer compras sinxelas dicindo o que se quere e preguntando o prezo.
- Dar instrucións e indicacións moi breves e sinxelas e reaccionar adecuadamente ante elas.
- Falar de experiencias persoais e de actividades cotiás de forma moi sinxela e breve.
- Expresar de forma sinxela sentimentos e sensacións físicas frecuentes (fame, frío, calor, satisfacción, insatisfacción, afecto, etc.).
- Expresar de forma sinxela gustos, preferencias e intereses.
- Pedir a colaboración do interlocutor: por exemplo, dicir que algo non se entende, pedir que se repita, que se soletree un nome, que se fale máis devagar, que se reformule a pregunta, etc.

COMPRESIÓN DE LECTURA

- Comprender textos que inclúan información persoal básica propia e doutras persoas, como formularios, carnés, etc.
- Comprender instrucións breves e sinxelas, indicacións e información básica en letreiros e carteis nas rúas, tendas, restaurantes, medios de transporte e outros servizos e lugares públicos, especialmente se contan con apoio visual.
- Comprender en notas persoais mensaxes breves que conteñan informacións, instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.
- Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia, por exemplo listaxes, horarios, páxinas amarelas, dicionarios, catálogos de prezos, guías de ocio, etc.
- Comprender correspondencia persoal moi breve e sinxela, como por exemplo postais, felicitacións, correos electrónicos, etc.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión: por exemplo, deducir do contexto o significado posible dos termos descoñecidos, axudarse de materiais de consulta, dos coñecementos doutras linguas, etc.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

- Completar un cuestionario, formulario ou impreso con informacións persoais básicas: nome, nacionalidade, idade, etc.
- Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información transmitida oralmente, sempre que poida pedir que lle repitan ou reformulen a información.

- Escribir anuncios sinxelos, notas ou mensaxes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou de inmediata necesidade, por exemplo listas de tarefas, listas de compras, etc.
- Escribir correspondencia persoal moi breve e sinxela, como por exemplo postais, felicitacións, correos electrónicos, etc., sobre temas da vida cotiá.
- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

1.2.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE BÁSICO 2

COMPRESIÓN ORAL

- Comprender o sentido xeral e a información específica de conversas cotiás que se desenvolvan na súa presenza, e identificar un cambio de tema.
- Comprender o interlocutor en transaccións e xestións básicas (por exemplo, mercar un billete de tren ou elixir o menú nun restaurante) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado e que se poidan pedir aclaracións e repeticións.
- Comprender o significado global e as informacións relevantes dunha comunicación telefónica moi sinxela (conversas ou mensaxes gravadas), sempre que non haxa distorsión do son e se poidan pedir repeticións e aclaracións.
- Comprender os puntos principais e os detalles relevantes en mensaxes e anuncios públicos, transmitidos por medios técnicos ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información en situacións de necesidade inmediata (avisos de perigo, horarios en estacións...).
- Comprender textos sinxelos que relaten experiencias persoais, captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar.
- Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.
- Comprender o sentido xeral e a información esencial de textos audiovisuais tales como partes meteorolóxicos ou informativos, cando os comentarios contén co apoio de imaxes ou con outro apoio documental.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión: por exemplo, deducir do contexto o significado posible dos termos descoñecidos, axudarse dos acenos, da entoación, dos coñecementos doutras linguas, etc.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

- Establecer contactos sociais breves utilizando saúdos, despedidas, agradecementos, desculpas e outras fórmulas de cortesía de estrutura sinxela, adecuadas á situación e ao interlocutor.
- Iniciar, manter e rematar unha conversa, tomar a palabra ou reclamar atención, utilizando expresións básicas.
- Desenvolverse en transaccións e xestións cotiás (as viaxes, o aloxamento, as compras...).
- Facerse entender nunha entrevista e poder dar nela información moi básica, ou intercambiar ideas sobre temas habituais.
- Describir de forma breve e sinxela persoas, lugares e obxectos en conversas informais en relación con asuntos cotiáns.
- Contar unha historia breve e sinxela, cun nivel moi básico de coherencia e cohesión.
- Facer anuncios breves, sinxelos e previamente ensaiados, sobre temas habituais e coñecidos, respondendo preguntas breves e sinxelas dos ouvintes se llas repiten e se lle axudan coas respostas.
- Expresar de forma sinxela a opinión sobre un tema coñecido, mostrando acordo ou desacordo.
- Expoñer plans e facer hipóteses de forma breve e sinxela. en conversas informais en relación con asuntos cotiáns.
- Pedir a colaboración do interlocutor: por exemplo, dicir que algo non se entende, pedir que se repita, que se soletree un nome, que se fale máis devagar, que se reformule a pregunta, etc.

COMPRESIÓN DE LECTURA

- Comprender instrucións, indicacións e información básica en letreiros e carteis nas rúas, tendas, restaurantes, medios de transporte e outros servizos en lugares públicos, por exemplo bibliotecas, centros de estudo, teatros, etc.
- Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos relacionados con temas da súa experiencia, por exemplo revistas, guías de ocio, páxinas web, folletos ilustrados, etc.
- Comprender correspondencia persoal breve e sinxela, por exemplo cartas, correos electrónicos, etc.

- Comprender correspondencia formal breve sobre cuestións prácticas, tales como a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedido, a reserva dun hotel, etc.
- Comprender o sentido xeral e identificar información relevante en textos xornalísticos breves e sinxelos, que describan feitos e acontecementos, especialmente se contan con apoio visual.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión: por exemplo, deducir do contexto o significado posible dos termos descoñecidos, axudarse de materiais de consulta, dos coñecementos doutras linguas, etc.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

- Dar informacións sobre a actividade profesional, a formación, os hábitos e os intereses, por exemplo redactar un curriculum vitae esquemático, cubrir enquisas e cuestionarios breves, etc.
- Describir de xeito sinxelo lugares, obxectos e persoas.
- Narrar e describir de forma sinxela e breve feitos e experiencias así como expoñer plans e presentar proxectos relacionados con temas cotiáns como a familia, as condicións de vida, a formación, o traballo, etc.
- Escribir correspondencia persoal breve e sinxela, como por exemplo cartas, correos electrónicos, postais, etc., na que se expresen sentimentos, opinións e actitudes.
- Escribir correspondencia formal sinxela e breve na que se solicite un servizo ou se pida información, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.
- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

1.3. CONTIDOS XERAIS BÁSICOS

Todas as competencias humanas contribúen á capacidade comunicativa do alumnado e poden considerarse aspectos da competencia comunicativa, tanto as competencias lingüísticas como as competencias xerais, das que nos imos ocupar neste apartado.

1.3.1. COMPETENCIAS XERAIS

Competencia sociocultural

O alumnado debe adquirir un coñecemento da sociedade, da mentalidade e da cultura española, pois a ausencia de competencia sociocultural pode distorsionar a comunicación.

O desenvolvemento destes contidos enmarcarase nunha perspectiva intercultural. O léxico e as estruturas utilizados para os desenvolver adecuaranse aos obxectivos do Nivel Básico. Non terán que aparecer necesariamente nun apartado específico da programación, xa que a maioría deles poden presentarse formando parte das diferentes áreas temáticas, coas que están estreitamente relacionados.

Teranse en conta as seguintes áreas:

A vida cotiá: a distribución do día e a rutina diaria: horarios e hábitos de comida, alimentos asociados; horarios e costumes relacionados co traballo; os ciclos anuais (estacións, festas e vacacións); actividades de lecer, etc.

As convencións sociais e as fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá: comportamento na mesa, felicitacións, invitacións, presentacións, puntualidade, regalos, saúdos e despedidas; tabús, vestiario, etc.

As condicións de vida: condicións da vivenda, condicións laborais (introdución ao mundo laboral, busca de emprego...), sanidade (seguridade social, hábitos de saúde e hixiene...), transporte, sistema educativo, etc.

Os servizos públicos: servizos de comunicación (teléfono, correo...), medios de transporte e tipos de establecementos.

As relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares: relacións familiares, xeracionais e profesionais; relacións entre distintos grupos sociais, relación coas autoridades ou coa Administración, etc.

Valores, crenzas e actitudes: principais festas populares, costumes e tradicións máis frecuentes, celebracións máis significativas e comportamento nelas (p.e., en aniversarios...), principais relixións, etc.

A linguaxe corporal e os sons paralingüísticos: expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume, etc.

Competencia estratéxica

A programación didáctica ten en conta as estratexias de aprendizaxe e de comunicación. É importante facerlles comprender aos alumnos a importancia de establecelas como base para o desenvolvemento da competencia comunicativa, especialmente no Nivel Básico, para que poidan autodirixir conscientemente a súa aprendizaxe. Non serán avaliadas directamente, pero o maior ou menor grao de aplicación destas influirá na consecución dos obxectivos.

As estratexias que cómpre ter en conta nas distintas programacións didácticas para lle axudar ao alumnado a comprender, aprender ou lembrar nova información son, entre outras:

- estratexias de aprendizaxe;
- estratexias de expresión;
- estratexias de comprensión;
- estratexias de interacción.

1.3.2. COMPETENCIAS COMUNICATIVAS

1.3.2.1. COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS

Considéranse incluídos no Nivel Básico 2 todos os contidos consignados para o Nivel Básico 1 segundo a súa pertinencia para acadar os obxectivos dese nivel.

CONTIDOS LÉXICO-SEMÁNTICOS: BÁSICO 1 E BÁSICO 2

Sinálanse os aspectos que o alumno debe ser capaz de comprender ou producir dos temas xerais que se indican. O léxico e as estruturas lingüísticas utilizados para desenvolver estes aspectos adecuaranse aos obxectivos que marca cada un dos dous cursos do Nivel Básico.

Os contidos léxico-semánticos adaptaranse ás realidades socioculturais dos países nos que se fala español.

BÁSICO 1

Identificación persoal: Nome – Enderezo - Teléfono, enderezo electrónico - Data e lugar de nacemento - Idade e sexo - Estado civil - Orixe e nacionalidade - Profesión propia e dos achegados - Familia directa - Gustos e hábitos.

Vivenda, fogar e contorna: A vivenda e as súas dependencias: partes da casa -Mobiliario básico.

Actividades da vida diaria: Na casa - No traballo.

Tempo libre e ocio: Actividades de lecer (xogos, deportes, prensa, radio, televisión...).

Actividades culturais (cine, teatro, museos, exposicións...).

Viaxes e transportes: Lugares de interese público - Transporte público (horarios, billetes, medios de transporte) - Transporte particular.

Relacións humanas e sociais: Relacións con outras persoas: familiares, amorosas, de amizade, etc. - Invitacións e citas - Formas de tratamento sinxelas - Correspondencia persoal.

Saúde e cuidados físicos: Estado físico (dor, malestar) e necesidades corporais (sono, fame, cansazo, frío, ir ao baño...) - Hixiene e cuidado corporal - Partes do corpo.

Educación: Material e actividades da aula.

Compras e actividades comerciais: Establecementos comerciais - Prezos e formas básicas de pagamento.

Alimentación: Alimentos - Comidas do día - Tipos de comida e bebida.

Tipos de establecementos: cafés, bares, restaurantes...

Bens e servizos: Correos e telecomunicacións - Servizos de emerxencia.

Lingua e comunicación: Actividades de lingua (comprender, falar, repetir...).

Metalinguaxe non especializada (letra, son, frase...).

Clima, condicións atmosféricas e ambiente: Animais e plantas da contorna – Estacións do ano.

Fenómenos atmosféricos (calor, frío, chuvia, sol...).

Ciencia e tecnoloxía: Medios técnicos de comunicación (telefonía, internet).

BÁSICO 2

Identificación persoal: Formación e experiencia laboral - Descrición persoal: carácter, preferencias, crenzas - Descrición persoal: aspecto físico.

Vivenda, fogar e contorna: Mobiliario - Electrodomésticos e aparellos electrónicos

A vivenda e a contorna – Alugueiro - Servizos (auga, luz, calefacción...).

Tempo libre e ocio: Afeccións e intereses

Viaxes e transportes: Vacacións – Aloxamento – Equipaxe – Documentación - Lugares de interese turístico.

Relacións humanas e sociais: Actos sociais: festas, reunións - Correspondencia formal.

Saúde e cuidados físicos: Accidentes - Saúde e enfermidade.

Educación: Centros de ensino - Tipos de estudos.

Compras e actividades comerciais: Artigos para a casa - Moda e vestido.

Alimentación: Comida: preparación e sabores - Materiais e utensilios.

Bens e servizos: Bancos – Institucións - Servizos médicos - Servizos sociais.

Clima, condicións atmosféricas e ambiente: Previsións meteorolóxicas - Paisaxe: campo, cidade.

Ciencia e tecnoloxía: Aparellos de uso cotián

CONTIDOS GRAMATICAIS: BÁSICO 1 E BÁSICO 2.

Básico 1:

Contidos gramaticais.

- ❖ Tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición.
- ❖ Oración declarativa.
- ❖ Oración interrogativa.
- ❖ Oración exclamativa.
- ❖ Fenómenos de concordancia: suxeito □ predicado □ atributo.
- ❖ A oración composta.
- ❖ Expresión de relacións lóxicas. Oración composta por coordinación:
- ❖ Copulativas: y/e.
- ❖ Disxuntivas: o/u.
- ❖ Adversativas: pero, pues.
- ❖ Oración composta por subordinación:
- ❖ Causa: porque.
- ❖ Resultado: asíque, por eso, entonces.
- ❖ Relacións temporais.
- ❖ Simultaneidade no presente e no pasado: cuando, mientras.
- ❖ sintagma nominal
- ❖ Núcleo.
- ❖ Substantivo.
- ❖ Clases: comúns e propios.
- ❖ Xénero: con e sen oposición.
- ❖ Número: con e sen oposición.
- ❖ Pronomes.
- ❖ Persoais: átonos e tónicos.
- ❖ Reflexivos en construcións pronominais
- ❖ Demostrativos: formas de proximidade e de distancia.
- ❖ Indefinidos: con e sen oposición de xénero ou número.
- ❖ Interrogativos / exclamativos: con e sen oposición de xénero ou número.
- ❖ Modificación do núcleo.
- ❖ Determinantes.
- ❖ Artigos: determinados e indeterminados.
- ❖ Demostrativos: formas de proximidade e de distancia.
- ❖ Posesivos: formas átonas.
- ❖ Cuantificadores: numerais cardinais e outros cuantificadores.
- ❖ Aposición.
- ❖ Posición dos elementos do sintagma.
- ❖ (Det. +) N (+ SAdx.) (+ SPrep.).
- ❖ Fenómenos de concordancia. Concordancia dos determinantes e modificadores co núcleo.
- ❖ Funcións sintácticas do sintagma: sux., atrib., OD, OI e CC.
- ❖ sintagma adxectivo.
- ❖ Núcleo: adxectivo.
- ❖ Xénero: con oposición xenérica (□o/□a; □O/□a) e invariables.
- ❖ Número: regras xerais (O/□ [e]s).
- ❖ Grao: positivo.
- ❖ Modificación do núcleo mediante SAdv., SAdx. e SPrep.
- ❖ Posición dos elementos do sintagma.
- ❖ (SAdv. +) N (+ SAdx.) (+ SPrep.).
- ❖ Funcións sintácticas do sintagma: atributo.
- ❖ Sintagma verbal.
- ❖ Núcleo: verbo.
- ❖ Tempo.
- ❖ Expresión do presente: pres. do indic. Dos verbos regulares e irregulares.
- ❖ Expresión do pasado: pret. indefinido e pret. perfecto dos verbos regulares e dalgúns irregulares.
- ❖ Expresión do futuro: ir a + inf.; pres. do indic.
- ❖ Aspecto.
- ❖ Contraste durativo / habitual: estar + xer. / pres. do indic.
- ❖ Contraste incoativo / terminativo: empezar, comenzar a + inf. / acabar, dejar, terminar de inf.
- ❖ Modalidade.
- ❖ Factualidade: indicativo.

- ❖ Necesidade: tener que + inf.
- ❖ Obriga: tener, haber que + inf.; deber + inf.
- ❖ Capacidade: poder + inf.; saber + inf.
- ❖ Permiso: poder + inf.
- ❖ Posibilidade: poder + inf.
- ❖ Prohibición: no poder + inf.
- ❖ Intención: ir a + inf.; querer + inf.
- ❖ Desexo: querer + inf.
- ❖ Voz activa e pasiva reflexa.
- ❖ Modificación do núcleo mediante negación.
- ❖ Posición dos elementos do sintagma.
- ❖ (Neg.+) N.
- ❖ Funcións sintácticas do sintagma.
- ❖ sintagma adverbial.
- ❖ Núcleo: adverbio e locucións adverbiais máis usuais.
- ❖ Clases: modo, cantidade e grao, espazo, tempo, interrogación e exclamación, negación e afirmación.
- ❖ Grao: positivo.
- ❖ Modificación do núcleo mediante SAdv. e SPrep.
- ❖ Posición dos elementos do sintagma.
- ❖ (SAdv. +) N (+ SPrep.).
- ❖ Funcións sintácticas do sintagma: CC.
- ❖ sintagma preposicional.
- ❖ Relacionantes: preposicións e locucións prepositivas máis usuais.
- ❖ Modificación do sintagma mediante SAdv, SPrep.
- ❖ Posición dos elementos do sintagma.

Básico 2:

Contidos gramaticais:

1. A oración simple.

1.1. Tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición.

1.1.1. Oración declarativa.

1.1.1.1. OI / OD en posición inicial.

1.1.1.2. Se impersonal en posición inicial.

1.1.1.3. Posición da negación.

1.1.1.4. Formas elípticas.

1.1.2. Oración imperativa.

1.1.2.1. Verbo en posición inicial.

1.1.2.2. Neg. en posición inicial.

1.2. Fenómenos de concordancia.

2. A oración composta.

2.1. Expresión de relacións lóxicas. Oracións compostas por subordinación.

2.1.1. Comparación: como, que.

2.1.2. Condición: si.

2.1.3. Causa: es que, que.

2.1.4. Finalidade: para (+ inf.).

2.1.5. Relacións temporais: anterioridade antes de + inf. Posterioridade despois de + inf. simultaneidade no presente, no pasado e no futuro: cuando, mientras.

3. O sintagma nominal.

3.1. Núcleo.

3.1.1. Substantivo.

3.1.1.1. Grao: os diminutivos.

3.1.2. Pronomes.

3.1.2.1. Persoais: átonos e tónicos.

3.1.2.2. Posesivos: para un só posuidor, para varios posuidores.

3.1.2.3. Reflexivos.

3.1.2.4. Indefinidos: con e sen oposición de xénero ou número.

- 3.1.2.5. Interrogativos / exclamativos: con e sen oposición de xénero ou número.
- 3.2. Modificación do núcleo.
 - 3.2.1. Determinantes.
 - 3.2.1.1. Posesivos: formas tónicas.
 - 3.2.1.2. Cuantificadores: numerais ordinais e outros cuantificadores.
 - 3.2.2. Aposición.
 - 3.2.3. Modificación mediante SAdx., SPrep. e frase de relativo.
- 3.3. Posición dos elementos do sintagma.
 - 3.3.1. (Det. +) (SAdx. +) N (+ SAdx.) (+ SPrep.) (+ fra^o se de relativo).
- 3.4. Funcións sintácticas do sintagma: sux., atrib., OD, OI e CC.

- 4. O sintagma adxectivo.
 - 4.1. Núcleo: adxectivo.
 - 4.1.1. Grao: comparativo e superlativo.
 - 4.2. Modificación do núcleo mediante SAdv., SAdx. e SPrep.
 - 4.3. Posición dos elementos do sintagma.
 - 4.3.1. (SAdv. +) N (+ SAdx.) (SPrep.).
 - 4.4. Funcións sintácticas do sintagma: atrib.

- 5. O sintagma verbal.
 - 5.1. Núcleo: verbo.
 - 5.1.1. Tempo.
 - 5.1.1.1. Expresión do presente: pres. do indic. e do subx. dos verbos regulares e irregulares.
 - 5.1.1.2. Expresión do pasado: pret. indefinido, per^ofecto e imperfecto do indic.
 - 5.1.1.3. Expresión do futuro: ir a / estar a punto de + inf.; pres. do indic.; futuro simple e pres. do subx.
 - 5.1.2. Aspecto.
 - 5.1.2.1. Contraste durativo / habitual: estar + xer. / pres. do indic.; soler + inf.
 - 5.1.2.2. Contraste iterativo / puntual: soler + inf. / pret. indefinido.
 - 5.1.2.3. Contraste incoativo / terminativo: empezar, comenar a + inf. / acabar, deixar, terminar de + inf.
 - 5.1.3. Modalidade.
 - 5.1.3.1. Factualidade: indicativo.
 - 5.1.3.2. Obriga: imperativo.
 - 5.1.3.3. Permiso: imperativo.
 - 5.1.3.4. Posibilidade: a lo mejor + oración.
 - 5.1.3.5. Prohibición: imperativo negativo.
 - 5.1.3.6. Desexo: subordinada substantiva.
 - 5.1.4. Voz activa e pasiva reflexa.
 - 5.2. Modificación do núcleo mediante negación.
 - 5.3. Posición dos elementos do sintagma.
 - 5.3.1. (Neg. +) N.
 - 5.4. Funcións sintácticas do sintagma: verbo, sux., atrib., OD e CC.

- 6. O sintagma adverbial.
 - 6.1. Núcleo: adverbio e locucións adverbiais.
 - 6.1.1. Clases: modo, cantidade e grao; espazo, tem^opo; interrogación e exclamación; negación, afirmación e dúbida.
 - 6.1.2. Grao: comparativo e superlativo.
 - 6.2. Modificación do núcleo mediante SAdv. e SPrep.
 - 6.3. Posición dos elementos do sintagma.
 - 6.3.1. (SAdv. +) N (+ SPrep.).
 - 6.4. Funcións sintácticas do sintagma: CC.

- 7. O sintagma preposicional.
 - 7.1. Relacionantes: preposicións e locucións prepositivas.
 - 7.2. Modificación do sintagma mediante SAdv.
 - 7.3. Posición dos elementos do sintagma.
 - 7.3.1. (Mod. +) Relac. + termo.
 - 7.4. Funcións sintácticas do sintagma preposicional: atrib., OD, OI, CC e suplemento.

Contidos ortográficos: Básico 1 e Básico 2.

Básico 1

1. Representación gráfica de fonemas e sons:
 - correspondencia entre fonemas e letras.
2. Uso da maiúscula no principio de oración e nos nomes propios.
3. Signos ortográficos.
 - Acento en partículas interrogativas e exclamativas, en pron. tónicos e no vocabulario e formas verbais do nivel.
 - Signos interrogativos e exclamativos de apertura e peche.
 - Coma, punto, puntos suspensivos, paréntese e guión.

Básico 2

1. Representación gráfica de fonemas e sons.
 - Casos excepcionais.
2. Signos ortográficos.
 - Acento en partículas interrogativas e exclamativas, en pron. tónicos e no vocabulario e formas verbais do nivel.
 - Coma, punto, puntos suspensivos, paréntese, guión.
3. División de palabras no final da liña. Estrutura silábica.

Contidos fonéticos: Básico 1 e Básico 2:

Básico 1

1. Sons e fonemas vocálicos
 - Vogais.
 - Ditongos e tritongos.
 - Hiato.
2. Sons e fonemas consonánticos.
 - Sistema consonántico.
 - Secuencias en principio e interior de palabra.
3. Procesos fonolóxicos.
 - Contracción do artigo el ante as preposicións a e de.
 - Fricatización de /b/, /d/, /g/ en posición intervocálica.
 - Sonorización de /p/, /t/, /k/ en posición final de sílaba.
4. Acento dos elementos léxicos illados.
5. Acento e atonicidade: patróns tonais no sintagma.
 - Art. / pos. + subst.; pron. pers. átono + verbo; prep. monosilábica + subst. / pron. tónico.

Básico 2

- 1.1. Procesos fonolóxicos.
 - 1.1.1. Fricatización de /b/, /d/, /g/ en posición intervocálica.
 - 1.1.2. Sonorización de /p/, /t/, /k/ en posición final de sílaba.
 - 1.1.3. Epéntese de <r> en imperativo de 2ª pers. do plural + os.
- 1.2. Acento dos elementos léxicos illados.
- 1.3. Acento e atonicidade: patróns tonais no sintagma.

1.3.2.2. COMPETENCIA SOCIOLINGÜÍSTICA

Para que a comunicación sexa eficaz, o falante non só ten que coñecer os recursos dispoñíbeis, senón tamén saber utilíalos axeitadamente en cada contexto. A competencia sociolingüística consiste na capacidade do falante de interpretar diferentes situacións e comportarse de forma axeitada nelas. O alumnado debe adquirir as competencias sociolingüísticas que lle permitan comunicarse con efectividade ao nivel básico. Entre estas encóntranse o coñecemento e o uso de marcadores lingüísticos de relacións sociais, fórmulas de tratamento, saúdos e normas de cortesía.

Ao final do Nivel Básico estará en condicións de desenvolverse axeitadamente en intercambios sociais moi breves no ámbito das relacións persoais, utilizando fórmulas cotiás de saúdo e tratamento, e amosará de

maneira adecuada a linguaxe corporal que corresponda. Estará en condicións, por exemplo, de realizar invitacións, suxestións, pedir desculpas e responder a elas.

Así mesmo, estará en condicións de realizar funcións básicas da lingua como intercambiar e demandar información e responder a ela ou expresar opinións e actitudes de xeito sinxelo en contextos relacionados coas condicións de vida; e de desenvolverse nas relacións sociais de modo sinxelo pero con eficacia (utilizando as expresións máis sinxelas e correntes, seguindo fórmulas básicas, coñecendo as correspondentes convencións sociais, sabendo tomar a palabra, etc.).

BÁSICO 1

Ao final do primeiro curso do Nivel Básico, o alumnado estará en condicións de establecer contactos sociais básicos axeitados en contextos da vida cotiá, e relacionados coa utilización de servizos públicos e as relacións persoais utilizando as convencións sociais e as fórmulas de cortesía máis sinxelas e cotiás relativas a saúdos, despedidas e presentacións; e utilizando expresións como “por favor”, “grazas”, “síntoo moito”, etc.

BÁSICO 2

Ao final do segundo curso do Nivel Básico, o alumnado estará en condicións de desenvolverse axeitadamente en intercambios sociais moi breves no ámbito das relacións persoais, utilizando fórmulas cotiás de saúdo e tratamento, e amosarán de maneira adecuada a linguaxe corporal que corresponda. Estarán en condicións, por exemplo, de realizar invitacións, suxestións, pedir desculpas e responder a elas.

Así mesmo, estará en condicións de realizar funcións básicas da lingua como intercambiar e demandar información e responder a ela, ou expresar opinións e actitudes de xeito sinxelo en contextos relacionados coas condicións de vida. Ademais, estará en condicións de desenvolverse nas relacións sociais de modo sinxelo pero con eficacia: utilizando as expresións máis sinxelas e correntes, seguindo fórmulas básicas, coñecendo as correspondentes convencións sociais, sabendo tomar a palabra, etc.

1.3.2.3. COMPETENCIAS PRAGMÁTICAS

As competencias pragmáticas refírense ao coñecemento que posúe o alumno ou a alumna dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizar funcións comunicativas.

A) CONTIDOS FUNCIONAIS

Os contidos funcionais responden aos obxectivos e formúlanse en termos de expresión, pero considérase que inclúen tamén a comprensión e a interacción respectivas.

BÁSICO 1

Usos sociais da lingua:

Saudar e despedirse.

Presentarse ou presentar alguén.

Dirixirse a alguén.

Pedir desculpas.

Agradecer.

Felicitar.

Convidar.

Interesarse por persoas.

Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.

Control da comunicación:

Manifestar comprensión e incompreensión.

Pedir confirmación da comprensión ao interlocutor.

Solicitar axuda ao interlocutor para facilitar a comprensión: por exemplo, falar devagar, soletrear, repetir.

Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.

Información xeral:

Pedir e dar información sobre datos persoais.

Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.

Preguntar ou expresar se existe algo, e se se sabe unha cousa.

Indicar posesión.

Indicar onde e cando ocorre algo.

Referirse a accións cotiás presentes.

Opiniós e valoracións:

Expresar intereses, preferencias e gustos (e contrarios).
Afirmar e negar algo.
Mostrar acordo, satisfacción (e contrarios).
Preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento, seguridade ou inseguridade.

Estados de saúde, sensacións e sentimentos:
Expresar sensacións físicas e sentimentos.

Petición de instrucións e suxestións:
Pedir axuda, obxectos e servizos.
Invitar, e reaccionar adecuadamente.

BÁSICO 2

Usos sociais da lingua:
Iniciar e concluír unha conversa telefónica.

Control da comunicación:
Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.

Información xeral:
Describir persoas, obxectos e lugares.
Referirse a accións e situacións presentes e pasadas.
Expoñer proxectos e formular hipótesis.

Opinións e valoracións:
Valorar un feito.
Xustificar unha opinión ou unha actividade.
Preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento.

Estados de saúde, sensacións e sentimentos:
Expresar estados de ánimo.

Petición de instrucións e suxestións:
Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos.
Suxerir unha actividade.

B) CONTIDOS DISCURSIVOS

COHERENCIA E COHESIÓN

O texto é a unidade mínima de comunicación; para que teña validez debe ser coherente con respecto ao contexto e presentar unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. O alumnado deberá adquirir, daquela, as competencias que lle permitan producir e comprender textos que teñan coherencia e cohesión.

BÁSICO 1

COHERENCIA

1. Asociar enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilizalos (fórmulas de cortesía, saúdos, despedidas).
2. Adaptar formas de tratamento e fórmulas sociais básicas (saúdos, despedidas) á relación social co interlocutor/a.
3. Seleccionar o léxico e as estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo.
4. Adaptarse ás características, organización básica e formato dos textos orais e escritos aos que se enfronta ou que produce.
5. Utilizar recursos deícticos básicos para garantir a coherencia espazo-temporal.

COHESIÓN

1. Utilizar recursos moi sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito ou oral (dirixirse a alguén, tomar a palabra).
2. Utilizar os recursos básicos de puntuación seguindo as regras e convencións propias dos textos.

3. Utilizar os patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa.
4. Manter, de forma incipiente, a concordancia na estrutura do texto para enmarcar a mensaxe.
5. Usar conectores básicos para enlazar grupos de palabras.

BÁSICO 2

COHERENCIA

1. Seleccionar o léxico e as estruturas adecuadas, e ofrecer información suficiente e relevante para acadar o propósito comunicativo.
2. Adaptarse ás características, á organización básica e ao formato dos textos orais e escritos aos que se enfronta ou que produce.
3. Recoñecer e usar un rexistro básico formal ou informal –dentro do estándar– de acordo co grao de familiaridade co interlocutor (tratamentos, xestos e actitudes).
4. Organizar a información aínda que sexa de modo lineal, de forma coherente e unitaria, evitando contradicións e repeticións.

COHESIÓN

1. Utilizar formulas adecuadas e sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el.
2. Utilizar recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito ou oral.
3. Utilizar recursos simples para evitar repeticións innecesarias.
4. Utilizar os recursos básicos de puntuación seguindo as regras e convencións propias dos textos.
5. Utilizar os patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa.
6. Usar elementos deícticos para referirse a conceptos citados anteriormente.
7. Usar os conectores máis frecuentes para enlazar oracións.
8. Utilizar as concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.
9. Cohesionar o texto, retomando a información, con recursos sinxelos.

TIPOLOXÍA DE TEXTOS

Este apartado inclúe un repertorio de textos orais e escritos. A complexidade de cada un deles deberá ser adaptada aos obxectivos propios do nivel.

BÁSICO 1

Textos orais: Anuncios (instrucións e indicacións) - Contactos sociais - Conversas á cara – Transaccións – Presentacións.

Textos escritos: Fichas, formularios e cuestionarios – Listaxes – Horarios - Catálogos, páxinas amarelas, guías e folletos – Etiquetas - Billetes e entradas.

Correspondencia persoal (cartas, tarxetas postais, correos electrónicos, fax, invitacións, felicitacións, tarxetas de visita...) - Anuncios (instrucións e indicacións) - Carteis, letreiros e sinais – Menús -Textos literarios moi sinxelos -Manuais de instrucións - Notas e mensaxes - Dicionarios e *thesaurus* (dicionarios bilingües).

BÁSICO 2

Textos orais: Mensaxes - Anuncios (instrucións e indicacións) – Avisos – Horarios Entrevistas - Transaccións e xestións – Menús - Partes meteorolóxicos – Partes informativos -Exposición e presentación pública - Conversas á cara – Conversas telefónicas e mensaxes gravadas - Contos, historias e anécdotas – Presentacións.

Textos escritos: Fichas, formularios, cuestionarios e enquisas – Listaxes – Horarios -Catálogos, páxinas amarelas, guías e folletos - Etiquetas de produtos e embalaxes - Billetes e entradas - Correspondencia persoal (cartas, tarxetas postais, correos electrónicos, fax, invitacións, felicitacións, tarxetas de visita...) – Correspondencia formal - Anuncios (instrucións e indicacións) - Carteis, letreiros e sinais - Notas e mensaxes - Menús - Textos xornalísticos (noticias, ofertas de traballo...) - Textos literarios sinxelos -Currículos - Manuais de instrucións - Notas e mensaxes - Axendas e diarios - Tiras cómicas – Folletos - Receitas de cociña – Horóscopos - Programacións de radio e televisión - Carteleiras de espectáculos.

1.4. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS POR CUADRIMESTRES

1.4.1. BÁSICO 1

■ Febreiro-abril: unidades 1 e 5 do *Manual de Español* e do *Libro de ejercicios*. En abril farase unha proba parcial de progreso.

■ Abril-xuño: unidades 6 a 10 do *Manual de Español* e do *Libro de ejercicios*. En xuño relizarase unha proba final de promoción.

A programación de aula poderá ser modificada ao longo do curso en función das necesidades do alumnado.

CURSO	LIBRO DE TEXTO	LECTURA RECOMENDADA
Básico 1	<p><i>Agencia ELE 1. Manual de español. Libro de clase.</i> Ed Sgel, Madrid, 2008. ISBN 978-84-9778-402-3.</p> <p><i>Agencia ELE 1. Manual de español. Libro de ejercicios.</i> Ed Sgel, Madrid, 2008. ISBN 978-84-9778-401-6.</p>	Sen determinar.

Programación de BÁSICO 1 1º CUADRIMESTRE	Contidos gramaticais, léxicos e fonéticos	Contidos funcionais	Contidos socioculturais e tipos de textos	Contidos complementarios
<p>U.1</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer os sons do español e o alfabeto. - Recoñecer frases sinxelas para interactuar en español. 	<ul style="list-style-type: none"> - Os sons do español: vogais e consoantes. - O alfabeto español. - A relación entre grafía e fonema: distinción entre c/c/qu, g/j/gu. - O xénero e o número do substantivo. - Números do 1 ao 10. 	<ul style="list-style-type: none"> - Interaccións sinxelas en español. - Pedir o deletreo dunha palabra. 	<ul style="list-style-type: none"> - O español no mundo. <p>Tipos de textos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Diálogos sinxelos. 	-
<p>U.2</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer nomes de linguas, profesións e nacionalidades. - Saudar e presentarse. - Intercambiar información persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario sobre ocupacións e profesións. - Vocabulario sobre linguas e nacionalidades. - Estruturas para pedir e dar información persoal. - Xénero e número dos adxectivos. - Presente de indicativo de <i>ser, hablar, trabajar, llamarse, dedicarse, vivir.</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - Pedir e dar información. - Pedir información e completar un texto con ela. 	<ul style="list-style-type: none"> - Nomes máis frecuentes en español. - Produtos representativos de países de fala hispana. <p>Tipos de texto:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Noticias. - Tarxetas de información. - Anuncios. - Correo electrónico. - Diálogos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Hábitos de saúde. - Estratexias para comunicarse adecuadamente.
<p>U. 3</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Intercambiar información persoal. - Falar sobre a familia. - Coñecer o calendario en 	<ul style="list-style-type: none"> - Números do 10 ao 100. - Vocabulario sobre a familia. - O calendario en español. - Formas de presente de verbos 	<ul style="list-style-type: none"> - Intercambiar información persoal. - Dar e recibir información sobre a familia. - Descrición física de persoas. - Encher 	<ul style="list-style-type: none"> - Novos modelos de familia en España. - Festas máis importantes no calendario español. <p>Tipos de textos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formulario on- 	<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para falar da familia. - Personalidades famosas.

español.	irregulares: <i>ir, venir, tener</i> . - Interrogativo cuántos; concordancia. - Posesivos. -	formularios.	line. - Reportaxes. - Textos periodísticos. - Diálogos.	
U.4 Obxectivos: - Falar sobre hábitos de ocio e tempo libre. - Contrastar gustos e preferencias sobre actividades culturais e deportivas. - Propor actividades. - Comprender documentos con información sobre actividades ao aire libre	- Vocabulario sobre expresións de frecuencia. - Vocabulario sobre actividades ao aire libre. - Estruturas para expresar gustos: <i>me gusta(n) / te gusta(n)</i> . - Presente dos verbos <i>preferir</i> e <i>querer</i> (verbos <i>e>ie</i>) - Os verbos irregulares <i>salir, hacer, jugar</i> .	- Contraste de gustos e preferencias. - Proposición de actividades ao aire libre.	- Hábitos culturais dos españois. - Arte mundano. Tipos de textos - Diálogos. - Reportaxes. - Encuestas.	- O uso do tempo libre en distintos países. - Estratexias para manter unha conversación sobre gustos e preferencias. - Estratexias para intercalar opinións.
U. 5 Obxectivos. - Describir unha cidade e os seus servizos. - Preguntar e dar información sobre horarios. - Preguntar e dar a hora. - Pedir e dar información sobre a ubicación de lugares. - Concertar unha cita.	- Vocabulario sobre tipos de vías urbanas. - Vocabulario sobre espazos urbanos. - Estruturas para ubicar espazos urbanos. - Números a partir de 100. - Expresións <i>hay / está</i> . - O sistema horario español.	- Intercambiar impresións sobre cidades famosas. - Ubicar espazos urbanos dentro dunha cidade. - Comprender o sistema horario español. - Concertar unha cita. - Preparación dun itinerario turístico.	- A calidade de vida nas cidades. - Estrutura das cidades e pobos españois. - Hábitos de socialización en España. Tipos de textos. - Diálogos. - Textos periodísticos. - Textos orais sobre rutas e itinerarios. - Folletos sobre unha cidade.	- Estratexias para concertar unha cita.
U.6 Obxectivos: - Describir espazos naturais e lugares de vacacións. - Falar de plans e intencións. - Comprender e dar información sobre o tempo e o clima. - Reservar aloxamento por escrito.	- Vocabulario sobre medios de transporte. - Vocabulario sobre espazos naturais, actividades e lugares de vacacións. - Vocabulario e estruturas sobre o tempo e o clima. - Estruturas para falar de plans e desexos. - Estruturas para	- Descripción de espazos naturais e lugares de vacacións. - Plans e intencións. - Falar sobre o tempo. - Reserva de aloxamento. - Comparación de intereses e desexos.	- Costumes relacionadas coas vacacións. - Hábitos de viaxe dos españois. Tipos de textos: - Diálogos. - Textos orais sobre as vacacións. - Textos escritos (cartas, postais, textos periodísticos) sobre lugares naturais.	- Estratexias para plantexar desexos e intencións.

	falar de viaxes e itinerarios.			
--	--------------------------------	--	--	--

Programación de BÁSICO 1 2º CUADRIMESTRE	Contidos gramaticais, léxicos e fonéticos	Contidos funcionais	Contidos socioculturais e tipos de textos	Contidos complementarios
U. 7 Obxectivos: - Falar de hábitos de alimentación. - Pedir consumicións. - Decidir un menú.	- Vocabulario sobre momentos do día: <i>mañá, tarde, noite...</i> - Vocabulario de alimentos: pratos e bebidas. - Uso e contraste entre as formas <i>tú e usted</i> .	- Pedir nun bar / restaurante. - Decidir un menú. - Identificación da fórmula de tratamento axeitada.	- As fórmulas de tratamento. - As comidas en España. Tipos e horarios Tipos de textos - Textos informativos. - Entrevistas. - Publicacións (carteis)	- Hábitos de comida saudable. - Dietas especiais.
U. 8 Obxectivos: - Describir as partes dunha casa e os mobles que contén. - Falar de hábitos, rutinas e tarefas domésticas. - Establecer normas de convivencia. - Pedir permiso e responder a peticións doutras persoas. - Ofrecer e responder a ofrecementos.	- Vocabulario sobre a casa. - Vocabulario sobre cores e mobiliario. - Demostrativos. - Presente de verbos con cambio vocálico (<i>jugar, poder, vestirse</i>). - Verbos reflexivos en presente: <i>llamarse, lavarse, ducharse</i> . - Marcadores discursivos: <i>primero, después / luego, por último</i> . - Concordancia de adxectivo e nome.	- Establecer normas de convivencia. - Pedir permiso e responder a peticións. - Ofrecer e responder a ofrecementos. - Prohibicións.	- Hábitos propios das casas españolas. - Relacións de convivencia. - Relacións sociais. Tipos de textos - Entrevista oral. - Textos escritos informativos.	- As normas de convivencia. - Casas tradicionais en España.
U. 9 Obxectivos: - Describir unha ocupación: lugar, horario, tarefas... - Dar e recibir información sobre condicións de traballo. - Informar sobre coñecementos e habilidades profesionais.	- Vocabulario sobre profesións e as súas tarefas. - Abreviaturas. - Estruturas para expresar opinión. - Estruturas de comparación.	- Expresar opinións. - Informar sobre habilidades e coñecementos profesionais. - Expresar comparacións.	- Os horarios de traballo en España, comparados con outros países. - A situación do traballo en España. Tipos de textos. - Textos informativos. - Entrevistas orais.	- Estratexias para afrontar unha entrevista de traballo.
U. 10 Obxectivos:	- Estruturas das fórmulas sociais.	- Expresar preferencias.	- Fórmulas sociais para festas e	- Vantaxes e desvantaxes das

<ul style="list-style-type: none"> - Pedir información e comprar en supermercados. - Falar de pesos, medidas, cantidades e envases. - Comparar produtos e precios. 	<ul style="list-style-type: none"> - Nomes de prendas de vestir. - Nome e valor da moeda de distintos países. - Tipos de establecementos comerciais. - Vocabulario sobre envases e cantidades. - Conectores coordinantes (y/pero) - Cuantificadores (<i>un poco / muy / más</i>). 	<ul style="list-style-type: none"> - Interacción social. - Interacción básica nunha tenda. 	<ul style="list-style-type: none"> celebracións. - Hábitos de compras. <p>Tipos de texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entrevistas orais. - Textos informativos escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> distintas formas de pago.
<p>U. 11</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Falar de datas e momentos importantes na vida dunha persoa. - Preguntar por experiencias do pasado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Pretérito indefinido de verbos regulares e algúns irregulares (<i>ser, ir, estar, hacer, tener</i>). - Vocabulario necesario para facer unha biografía. - Marcadores temporais. - Pronomes persoais de OD. 	<ul style="list-style-type: none"> - Preguntar e responder con datos sobre a biografía persoal. - Contar experiencias do pasado persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> - Deporte español. - Música española. <p>Tipos de texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Páxinas web, blogs. - Textos periodísticos. - Entrevistas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Influencias na biografía dunha persoa.
<p>U. 12.</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Falar sobre acontecementos históricos. - Situar feitos pasados e relacionalos. - Pedir e dar información sobre feitos e personaxes do pasado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Pretérito indefinido de verbos irregulares. - Marcadores temporais do pasado. - Vocabulario sobre temas políticos. - Colocación dos pronomes reflexivos. - Os refráns. 	<ul style="list-style-type: none"> - Situar feitos do pasado e relacionalos con outros. - Pedir e dar información sobre personaxes e acontecementos do pasado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Os refráns. - A emigración. <p>Tipos de texto</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entrevista oral. - Textos periodísticos. - Fichas de datos personais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valoración dos movementos migratorios. - As diferenzas culturais.

1.4.2. BÁSICO 2 INTEGRADO

O ano académico 2011-2012 divídese en dous cuatrimestres:

- O primeiro cuatrimestre comprenderá desde o 19 de setembro ata o 27 de xaneiro.

Impartiranse as unidades 1-6 de *Aula Internacional 2*.

A proba de avaliación de progreso terá lugar entre os días 30 de xaneiro e o 9 de febreiro.

- O segundo cuatrimestre comprenderá desde a realización da proba de progreso ata o 23 de xuño.

Impartiranse as unidades 7-12 de *Aula Internacional 2*.

A programación de aula poderá ser modificada ao longo do curso en función das necesidades do alumnado.

CURSO	LIBRO DE TEXTO	LECTURAS RECOMENDADAS
-------	----------------	-----------------------

BÁSICO INTEGRADO	<p><i>Aula 2 Internacional. Curso de español.</i> Editorial Difusión, Barcelona, 2005. ISBN: 978-84-8443-230-2</p> <p><i>Cuadernos de gramática española A2;</i> Jaime Corpas et al., Difusión, Barcelona, 2009. ISBN: 9788484434757</p>	<p><i>Por amor al arte.</i> Serie Lola Lago, Barcelona, 2007. ISBN 978-84-8443-104-6</p> <p><i>Vacaciones al sol.</i> Serie Lola Lago, Barcelona, 2007. ISBN: 978-84-8443-101-5</p>
-------------------------	--	---

Programación de BÁSICO INTEGRADO

1º CUADRIMESTRE	Contidos gramaticais, léxicos e fonéticos	Contidos funcionais	Tipos de textos	Outros contidos
Unidad 1: "El español y tú"	<p>Presente de indicativo: verbos regulares e irregulares</p> <p>Verbos reflexivos</p> <p>Verbos <i>gustar</i> y <i>costar</i></p> <p>Usos de <i>porque</i> y <i>para</i></p> <p>tener que + INF</p> <p>lo mejor es + INF</p> <p>Vocabulario para hablar de aprendizaje</p>	<p>Hablar de hábitos</p> <p>Preguntar y responder sobre motivaciones</p> <p>Hacer recomendaciones</p> <p>Hablar de dificultades</p> <p>Expresar duración</p>	<p>Test</p> <p>Artículo</p> <p>Reportajes</p>	Repaso del alfabeto
Unidad 2: "Hogar dulce hogar"	<p>Usos del presente de indicativo</p> <p>Colocación del adjetivo</p> <p>Léxico del ámbito de la casa</p> <p>Algunas preposiciones</p> <p>Estructuras comparativas</p>	<p>Expresar gustos</p> <p>Describir una casa</p> <p>Comparar</p> <p>Expresar coincidencia</p> <p>Ubicar objetos</p> <p>Describir objetos</p>	<p>Artículo</p> <p>Anuncios</p>	
Unidad 3: "Esta soy yo"	<p>Presentes irregulares</p> <p>Demostrativos</p> <p>Artículo</p> <p>Adjetivos</p> <p>Léxico de las</p>	<p>Identificar y describir físicamente a las personas</p> <p>Hablar de parecidos entre personas</p>	<p>Conversación informal</p> <p>Foro</p> <p>Titulares</p>	Conectores

	prendas de vestir y de las características de las personas			
Unidad 4: “¿Cómo va todo?”	estar + GERUNDIO Léxico de las relaciones sociales	Dar excusas Desenvolverse en invitaciones, presentaciones, saludos y despedidas.	Conversaciones	Contenidos socioculturales
Unidad 5 “Guía del ocio”	Pretérito perfecto ir a + INF ya / todavía no Léxico del ámbito del ocio	Describir lugares Hablar de ocio Hablar de horarios Narrar en pasado	Fragmentos de guías de ocio Cartas Artículos	Marcadores temporales
Unidad 6 “No como carne”	Usos impersonales de <i>se</i> Pronombres personales de CD Usos de <i>ser</i> y <i>estar</i> Vocabulario del ámbito de la comida	Expresar finalidad Expresar gustos Hablar de hábitos alimentarios	Presentación en internet de un canal de televisión Programación televisiva Carta de protesta Relatos breves Artículo de opinión	Algunos conectores

2º CUADRIMESTRE	Contidos gramaticais, léxicos e fonéticos	Contidos funcionais	Tipos de textos	Outros contidos
U. 7 “Nos gustó mucho”	Usos del Pretérito perfecto y del Pretérito indefinido <i>parecer</i> <i>caer bien/mal...</i> <i>me gustaría</i> + INF	Hablar de experiencias y valorarlas Expresar deseos	Artículos de revistas	Contenidos culturales españoles actuales
U. 8 “Estamos muy bien”	Usos de <i>ser</i> y <i>estar</i> Vocabulario de las partes del cuerpo	Dar consejos Hablar de estados de ánimo Describir dolores y síntomas	Artículos de revistas Consultorio Canción	
U. 9 “Antes y ahora”	Usos del Pret. Imperfecto ya no / todavía	Hablar de hábitos en el pasado Situación en el pasado y en el presente	Reportajes Titulares	Conectores para argumentar

		Argumentar y debatir		
U. 10 "Momentos especiales"	Pret. Indefinido vs. Pret. Imperfecto estar + GERUNDIO (en pasado)	Narrar en pasado Secuenciar acciones	Anécdotas Noticias Artículos	Marcadores temporales
U. 11 "Busque y compare..."	Colocación de los pronombres reflexivos y de OD/OI Imperativo: usos y forma	Recomendar y aconsejar Dar instrucciones Describir en pasado y en presente	Anuncios	Publicidad
U. 12 "Mañana"	Futuro simple Oraciones condicionales	Hablar del futuro Expresar condiciones e hipótesis	Artículos Canción	Marcadores temporales de futuro

2. NIVEL INTERMEDIO

2.1. DEFINICIÓN DO NIVEL

O nivel Intermedio presentará as características do nivel de competencia B1, segundo se define este nivel no *Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas*.

Este nivel supón utilizar o idioma con certa seguridade e flexibilidade, receptiva e produtivamente, tanto na forma falada como na escrita, nunha variedade de situacións que requiran comprender e producir textos en lingua estándar, con estruturas habituais e un repertorio léxico de uso frecuente, e que versen sobre temas xerais, cotiáns ou polos que se ten un interese persoal.

2.2. OS ELEMENTOS DO CURRÍCULO

2.2.1 OBXECTIVOS XERAIS

COMPRESIÓN ORAL

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes de textos orais claramente estruturados e en lingua estándar, articulados a velocidade lenta ou media e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar o que se dixo.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

Producir textos orais ben organizados e adecuados ao interlocutor e ao propósito comunicativo e desenvolverse cunha corrección, fluidez e espontaneidade que permitan manter a interacción, aínda que ás veces resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas para planificar o discurso ou corrixir erros e sexa necesaria certa cooperación por parte dos interlocutores.

COMPRESIÓN DE LECTURA

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes de textos escritos claros e ben organizados, en lingua estándar e sobre temas xerais, actuais ou relacionados coa propia especialidade.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

Escribir textos sinxelos e cohesionados, sobre temas cotiáns ou polos que se ten un interese persoal, nos que se pide ou transmite información, se narran historias, se describen experiencias, acontecementos reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións, se xustifican brevemente opinións e se explican plans.

2.2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE INTERMEDIO 1

COMPRESIÓN ORAL

1. Comprender as principais ideas de interaccións prolongadas articuladas con claridade, ben estruturadas e en lingua estándar, nas que se traten temas cotiáns relacionados cos ámbitos persoal e profesional.
2. Comprender en liñas xerais conferencias e presentacións ben organizadas e expostas con claridade, sobre temas coñecidos e emitidas cunha pronuncia estándar e clara.
3. Captar as ideas principais e detalles específicos de textos audiovisuais e doutro material gravado sinxelo que traten temas coñecidos ou de interese persoal, articulados con relativa lentitude e claridade.
4. Comprender información técnica sinxela o suficiente para poder seguir as instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente.
5. Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

1. Establecer, manter e pechar adecuadamente contactos sociais e interaccións sinxelas, á cara, sobre temas habituais, de interese persoal e profesional, con eficacia no logro do propósito de comunicación.
2. Interaccionar con corrección sociolingüística, certa naturalidade e relativa fluidez, en lingua estándar, expresando de forma básica reaccións, actitudes e sentimentos, e dando instrucións ou solucións sobre temas cotiáns dos ámbitos persoal e profesional.
3. Participar espontaneamente en conversas informais sinxelas e habituais, para realizar xestións e transaccións relativas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns, con obxectivos concretos.
4. Intercambiar e contrastar opinións e explicar proxectos sinxelos ou plans, utilizando expresións fixas e estruturas idiomáticas moi frecuentes e un repertorio léxico básico propio do tema da interacción.
5. Realizar breves exposicións preparadas, con certa fluidez, mantendo o tema con coherencia e cohesión.
6. Solicitar a cooperación do interlocutor para verificar o logro do propósito comunicativo.

COMPRESIÓN DE LECTURA

1. Identificar e comprender información relevante en material escrito de uso cotián en lingua estándar e ben estruturado, que non presente excesiva complexidade se non está relacionado co seu campo de especialización.
2. Comprender textos sinxelos sobre acontecementos, sentimentos, argumentos e opinións que traten temas relacionados co seu campo de interese.
3. Identificar as partes relevantes dun texto ou de varios en busca de información para realizar unha tarefa específica.
4. Comprender instrucións técnicas sinxelas escritas con claridade e presentadas coa axuda de soporte visual.
5. Comprender a información xeral e específica de textos auténticos, de extensión variada, sobre temas diversos, coñecidos e sen complexidade, que vehiculen aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua obxecto de estudo.
6. Utilizar estratexias que faciliten a comprensión mediante claves lingüísticas e non lingüísticas.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

1. Redactar textos sinxelos, coherentes e cohesionados, coidando os aspectos formais e a corrección ortográfica e de puntuación para que sexan comprensíbeis para o lector.
2. Escribir textos breves solicitando información e responder transmitindo información sinxela de carácter inmediato ou sobre temas habituais do ámbito profesional.
3. Escribir textos sinxelos –correspondencia, narracións e descripcións–, que conteñan experiencias, sentimentos e acontecementos expresados con detalle.
4. Escribir informes e resumos breves en formato convencional para describir cuestións coñecidas do ámbito profesional, dando razóns e expoñendo de forma básica opinións, plans e accións.

2.2.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE INTERMEDIO 2

COMPRESIÓN ORAL

1. Comprender información concreta en conversas informais relativas a temas cotiáns ou relacionadas co traballo, realizadas cun discurso articulado con claridade, en lingua estándar e a unha velocidade media.
2. Seguir as ideas principais dun debate longo que trate de temas coñecidos e previsíbeis, articulado con claridade e nun nivel de lingua estándar que poida conter expresións fixas, locucións e estruturas idiomáticas moi frecuentes.
3. Comprender suficientemente o contido de conversas formais e reunións de traballo, que versen sobre a súa especialidade e se desenvolvan a unha velocidade normal, estruturadas con claridade e sen moitos usos idiomáticos.
4. Comprender a maior parte das películas e representacións teatrais, programas de TV, textos audiovisuais ou material gravado, nos que se fale articulando con claridade, cun nivel de lingua estándar e unha trama sinxela e predicible, e nos que existan, se é o caso, apoios visuais de carácter redundante.
5. Comprender información técnica sinxela e seguir indicacións detalladas expostas ordenadamente e a velocidade media.
6. Utilizar estratexias que faciliten a comprensión mediante o uso de claves lingüísticas e non lingüísticas.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

1. Establecer con certa fluidez contactos sociais sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de cortesía, de inicio, mantemento e peche da interacción e expresións fixas e frecuentes, cunha ampla diversidade de función lingüísticas.
2. Desenvolverse en transaccións da vida cotiá, enfrontándose con relativa naturalidade e fluidez a situacións variadas, e dar nelas argumentos ou explicacións de forma básica, eficaz e comprensible.
3. Expresar puntos de vista con claridade en discusións formais e reunións de traballo, ofrecendo breves razoamentos e expresando opinións de forma básica, eficaz e comprensible.
4. Realizar con razoable fluidez narracións e descricións sinxelas seguindo unha secuencia lineal de elementos, expoñendo experiencias, feitos, esperanzas, aspiracións e crenzas.
5. Facer unha presentación breve e preparada sobre un tema do seu interese, coa suficiente claridade como para poder seguilo sen dificultade –aínda que fagan falla aclaracións ou repeticións, explicando as ideas principais cunha precisión razoable e respondendo adecuadamente a preguntas.
6. Seguir unha entrevista sinxela estruturada, cun guión establecido con anterioridade, e confirmar nela información, realizar preguntas complementarias ou responder a elas, se son predicíbeis, tomar a iniciativa de cambio temático ou formularlle comentarios ao interlocutor.
7. Empregar estratexias de cooperación para contribuír a manter a interacción e asegurar a comprensión.

COMPRESIÓN DE LECTURA

1. Seguir a liña argumental xeral dun texto narrativo ou literario contemporáneo de estrutura sinxela e amplo repertorio léxico, sen usos idiomáticos rexionais ou sociais, aínda que non se entenda na súa totalidade.
2. Localizar a información necesaria nun texto extenso ou en varios co fin de realizar unha tarefa específica.
3. Distinguir, en textos informativos, narrativos, argumentativos e descritivos redactados en lingua estándar, as ideas e conclusións principais e recoñecer información específica se o asunto é coñecido.
4. Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, mediante claves lingüísticas e non lingüísticas.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

1. Redactar textos sinxelos, coherentes e cohesionados, coidando os aspectos formais e a corrección ortográfica e de puntuación para que sexan comprensíbeis para o lector.
2. Transmitir e solicitar información e ideas sobre temas tanto abstractos como concretos, explicándose ou preguntando con razoable precisión.
3. Resumir información de diversas fontes e realizar paráfrases sinxelas de pasaxes breves escritas, empregando as palabras e a ordenación do texto orixinal.
4. Escribir descricións, narracións, presentacións e cartas persoais sobre experiencias, sentimentos e reaccións, acontecementos e contidos diversos, en textos sinxelos, en lingua estándar, organizados con orde e claridade, cohesionados e con amplitude de vocabulario suficiente para expresarse con eficacia nos temas pertinentes.
5. Conseguir comunicar as ideas principais que se queren transmitir empregando calquera recurso dispoñible e logrando a comunicación cos medios de que se dispón para expresarse.

2.3. CONTIDOS XERAIS BÁSICOS

2.3.1. COMPETENCIAS XERAIS

Coa finalidade de realizar as tarefas e as actividades que se requiren para abordar as situación comunicativas nas que participan, os alumnos utilizan varias competencias desenvolvidas no curso da súa experiencia previa. Por outra parte, a participación en acontecementos comunicativos, incluída a aprendizaxe de linguas, dá como resultado un maior desenvolvemento destas competencias. Todas as competencias humanas contribúen dunha forma ou doutra á capacidade comunicativa do alumno e poden considerarse aspectos da competencia comunicativa. No entanto, pode resultar útil distinguir entre as competencias lingüísticas propiamente ditas e as competencias xerais, menos relacionadas coa lingua; é destas últimas das que nos imos ocupar neste apartado.

Estas competencias serán desenvolvidas ao longo de todo o Nivel Intermedio.

COMPETENCIA SOCIOCULTURAL.

O alumnado deberá adquirir un coñecemento da sociedade e a cultura propias dos países e territorios onde se fala español, xa que esta circunstancia mellora a competencia comunicativa e, alén diso, a ausencia dunha competencia sociocultural pode distorsionar a comunicación.

O desenvolvemento destes contidos enmarcarase nunha perspectiva intercultural. Terán que ser adaptados ás circunstancias socioculturais específicas de cada lingua, e o léxico e as estruturas utilizados para os desenvolver adecuaranse aos obxectivos do Nivel Intermedio.

Estes contidos deberán considerarse ao elaborar os materiais didácticos, mais non terán que aparecer necesariamente nun apartado específico da programación, xa que a maioría deles poden presentarse formando parte das diferentes áreas temáticas, coas que están estreitamente relacionados.

Teranse en conta as seguintes áreas:

A vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais e comportamento na mesa, horarios e servizos dos distintos establecementos, etc.); actividades de lecer: deporte e espectáculos, actividades en días festivos e non laborábeis (excursións, visitas aos lugares de interese cultural, monumentos, museos, etc.).

Os servizos públicos: uso do transporte público (horarios, planos de transportes urbanos, estacións de trens, aeroportos, convencións e normas de uso de autobuses, taxis...).

As condicións de vida: condicións da vivenda (tipos, prezos, alugueiro, convencións relacionadas coa súa procura, etc.); niveis de vida (con variacións rexionais, sociais e culturais); comunicación (por vía telefónica, postal, informática, etc.); saúde (sistema de asistencia médica); o sistema educativo.

O contorno xeográfico: paisaxes, condicións climáticas, medio rural e medio urbano.

As relacións persoais: cos familiares (costumes familiares), cos amigos, cos veciños, con descoñecidos, no ámbito laboral, no administrativo, no educativo e nas actividades de lecer.

Valores, crenzas e actitudes: valores e crenzas fundamentais, tradicións importantes, características básicas do sentido do humor, referentes artístico-culturais significativos (historia: feitos históricos e personaxes relevantes; artes: literatura, música, teatro, pintura...; relixión: tradicións e supersticións máis comúns); tradición e cambio social.

As convencións sociais: tradicións sociais no ámbito familiar, aspectos relevantes do comportamento en contextos informais e formais (presentacións, saúdos, despedidas, puntualidade, hospitalidade, visitas, regalos, etc.), convencións relativas ao vestuario en diferentes situacións, tabús e costumes nos comportamentos e nas conversas.

O comportamento ritual: acontecementos de ámbito privado (nacementos, vodas, funerais, etc.), festas relixiosas e tradicionais, espectáculos e acontecementos públicos.

A linguaxe corporal e sons paralingüísticos: linguaxe xestual (expresións faciais, acenos, posturas, contacto visual, etc.), contacto corporal e proximidade física; calidade de voz, ton e volume.

Lingua e sociedade: extensión xeográfica, status e contacto con outras linguas.

COMPETENCIA ESTRATÉXICA.

O proceso de ensinanza-aprendizaxe inclúe necesariamente o uso dos diferentes tipos de estratexias, tanto de aprendizaxe como comunicativas. Por iso é importante facerlles comprender aos alumnos a importancia de establecelas como base para o desenvolvemento da competencia comunicativa e para que poidan dirixir a súa aprendizaxe de forma consciente.

Dependendo da tarefa, activaranse as correspondentes estratexias, tendo en conta que o maior ou menor grao de aplicación destas redundará na consecución dos obxectivos.

2.3.2 COMPETENCIAS COMUNICATIVAS

2.3.2.1. COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS

A) CONTIDOS LÉXICO-SEMÁNTICOS: INTERMEDIO 1 E INTERMEDIO 2

O léxico e as estruturas lingüísticas utilizados adecuaranse aos obxectivos dos cursos Intermedio 1 e Intermedio 2. Os contidos léxico-semánticos deberán adaptarse ás realidades socioculturais dos países nos que se fala español. Alén dos que se detallan a continuación, considéranse adquiridos os contidos dos mesmos temas correspondentes ao nivel Básico (que o alumnado non presencial pode consultar nesta mesma programación). No entanto, repasaranse tamén nas aulas cando se considere necesario para acadar os obxectivos do nivel Intermedio.

Estes contidos, presentados nunha lista única, serán desenvolvidos ao longo dos dous cursos do Nivel Intermedio.

Identificación persoal: Información sobre o traballo - Linguas estranxeiras - Relixión

Vivenda, fogar e contorna: Tipos de vivenda - Descrición da vivenda - Localización da casa (periferia, barrio, medio rural, etc.)

Traballo e profesión: Actividade profesional - Organización do traballo (lugar, cargo, horario, etc.)

Condicións de traballo

Tempo libre e actualidade: Descrición das actividades de lecer e culturais (localidades e instrumentos usados para actividades deportivas, xéneros cinematográficos, etc.) - Acontecementos do momento

Viaxes e transportes: Entrada e saída dun país- Comunicación con empregados de locais para o aloxamento - Planificación das vacacións - Viaxes ligadas ao turismo (axencia de viaxes, monumentos, etc.)

Relacións humanas e sociais: Tipos e formas de relación social (levarse ben, mal, conflitos, etc.)

Formas de tratamento - Asociacións

Saúde e cuidados físicos: Posición do corpo e movementos, sensacións e percepcións físicas

Especialidades médicas - Servizos de saúde - Accidentes e lesións - Síntomas de enfermidades

Adiccións e drogas

Educación: Actividades escolares - Nomes de materias - Títulos e diplomas - Servizos de educación (matrícula, inscrición, bolsa, etc.) – Exames.

Compras e actividades comerciais: Relacións co persoal comercial - Compra de alimentos.

Alimentación: Convites e brindes - Comer fóra - Características de comidas e de bebidas.

Relacións co persoal de hostalaría - Preparación de comidas e de bebidas - Produtos alimentarios.

Bens e servizos: Policía - Automóbil (reparación, asistencia na estrada, etc.) - Gasolineira e alugueiro de coches.

Clima, condicións atmosféricas e ambiente: Cualificativos para o ambiente - Partes da cidade – Flora e fauna - Problemas ambientais

Ciencia e tecnoloxía: Instrucións de aparellos de uso cotián - Tecnoloxías da información e da comunicación.

B) CONTIDOS GRAMATICAIS: INTERMEDIO 1 E INTERMEDIO 2.

INTERMEDIO 1:

A ORACIÓN COMPOSTA.

- A expresión de relacións lóxicas.
- Oración composta por coordinación (copulativas, disxuntivas, adversativas). A xustaposición.
- Oración composta por subordinación: substantivas (o estilo indirecto para información simples: Me dijo que no quería más), adxectivas ou de relativo (con que, e que precedidas de artigo con antecedente expreso: el que), adverbiais: temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade), de lugar, modais, causais, finais, condicionais, consecutivas, concesivas, comparativas.

A ORACIÓN SIMPLE.

- Tipos de oración (enunciativa, interrogativa, exclamativa e exhortativa). Elementosconstituíntes (o suxeito, o verbo e os seus complementos e o atributo) e a súa posición (casos de inversión nas interrogativas directas e indirectas e nas oracións encabezadas por adverbios como si, dónde, cómo, cuándo, etc..).Oracións impersoais co verbo na 3ª persoa do plural: te han regalado una planta.Oracións impersoais con se: Se come bien en este restaurante.
- Fenómenos de concordancia (orde de elementos na oración: suxeito, predicado/atributo). Concordancia en caso de suxeito múltiple: ¿María y tú vais de compras?Concordancia con suxeitos de diferentes persoas gramaticais.

O SINTAGMA NOMINAL

- Núcleo: Substantivo e pronome (clases, xénero, número, caso).
- Substantivos: comúns e propios; simples e compostos. Aspectos relevantes das diferenzas de xénero dependendo da súa terminación : masculinos en -a, -or, -aje e femininos en -o, -dad, -tad, -ción, -ez, -tud, etc.; diferenzas de xénero dependendo do sentido da palabra: el cura (masc.), la coliflor (fem.) ;

diferencias de significado segundo o xénero: el /la policía . Nomes con unha soa forma para masculino e feminino: el/la estudiante. Substantivos con oposición de xénero polo significante: buey-vaca.

- Formación do plural en casos xerais e particulares en palabras de uso frecuente; plural dos nomes compostos: los paraguas, e nomes de uso cotián que só poden ir en singular ou plural: el dinero.
- Pronomes: formas tónicas e átonas; funcións de suxeito, OD, OI; orde dos pronomes: suxeito ÉI, ella y yo; uso do tratamento con usted / ustedes coas formas verbais correspondentes; reduplicación do pronome: a ti te parece bien; omisión e presenza do pronome suxeito; pronomes con verbos reflexivos e pronominais; pronomes tónicos con preposición: conmigo, pronomes relativos, posesivos, deícticos, indefinidos, interrogativos e exclamativos.

Modificación do núcleo mediante:

- Determinantes (artigos, demostrativos, posesivos, cuantificadores).
- artigo definido, indefinido, neutro: Lo alto que es Tomás. Contraste entre o artigo determinado e o indeterminado. Presenza de artigos con nomes identificables e con valor xeral; ausencias de artigo para designar clases: Matar ballenas está prohibido.
- Demostrativo: mención deíctica e mención anafórica.
- Posesivo: formas átonas e tónica. Usos de su: su casa (de él , de usted, de ella). Posición do posesivo e combinación con outros determinantes: Este amigo mío. Concordancias co posuído.
- Cuantificadores indefinidos: algunos, varios... Numerais cardinais e ordinais; partitivos e múltiplos máis usuais.
- Aposición. Complementos do nome. Construcións introducidas por preposición: el niño, de la cazadora azul, es mi hermano. Oracións de relativo: la niña, que vimos ayer, se llama María.
- Sintagma (nominal, adxectivo, verbal, adverbial, preposicional).
- Frase de relativo ou oración.
- Posición dos elementos do sintagma (determinantes + núcleo + modificadores) e fenómenos de concordancia (entre o núcleo + adxacentes)
- Funcións sintácticas do sintagma (suxeito, obxecto directo, etc).

O SINTAGMA ADXECTIVAL.

- Núcleo: Adxectivo (clases, xénero, número, caso, grao). Adxectivos variables: o/a, or/ora, an /ana e invariables: -e,-i, ista o consoante. Formación do número. Substantivación: lo bueno. Comparativo de igualdade, inferioridade, e superioridade; superlativo absoluto. Comparativos sintéticos: mejor, peor.
- Apócopies: El primer amor.
- Modificación do núcleo mediante sintagma (nominal, adxectivo, verbal, adverbial, preposicional): el azul del cielo, bastante generoso u oración.
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.
- Posposición: estas carreteras polvorientas y anteposición: estas polvorientas carreteras, con adxectivos de orden: es la tercera chica, con adxectivos que cambian o significado: pobre.
- Funcións sintácticas do sintagma (atributo, etc.).

O SINTAGMA VERBAL.

- Núcleo: verbo (clases, tempo, aspecto, modalidade, voz). Conxugación dos verbos regulares e irregulares de uso frecuente en indicativo e presente e imperfecto de subxuntivo. Revisión dos usos dos tempos do pasado (Indicativo). Distinción entre imperfecto/ perfecto indefinido /pluscuamperfecto. Distinción entre aspecto perfectivo/ imperfectivo. Valores temporais secundarios: presente co valor de pasado: Rosalía de Castro nace en 1847 e futuro: Mañana voy a misa. Usos do pretérito imperfecto e do pluscuamperfecto co valor de cortesía: ¿Podías decirme qué hora es?; Quixiera proponerles algo. Uso do futuro para indicar probabilidade e dúbida: Vendrán pronto, Costará unos mil euros.
- Distinción entre modo indicativo (acontecemento real, existencia obxectiva...); subxuntivo (acontecemento irreal, subxectivo...); imperativo negativo e afirmativo, valores usuais (dar instrucións, aconsellar, convidar...), combinación cos pronomes e imperativos lexicalizados frecuentes: ¿Diga?. Usos do presente e imperfecto de subxuntivo en oracións subordinadas: Es importante que vengas pronto; Ojalá estuviera aquí conmigo.
- Formas non persoais: o infinitivo con valor de substantivo: Cantar no me gusta; xerundio con valor adverbial: Salió llorando de la película; participio con valor adxectivo: Lo escuché impresionada.
- Perífrases verbais de infinito e xerundio de uso frecuente.
- Distinción SER/ESTAR.
- Pasiva reflexa: Se alquila piso.

- Modificadores do núcleo: negación, etc.
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia. Concordancia Suxeito- verbo.
- Funcións sintácticas do sintagma. A orde dos elementos no sintagma.

O SINTAGMA ADVERBIAL.

- Núcleo: Adverbios e locucións adverbiais (clases, grao).
- Adverbios de uso frecuente de lugar, tempo, modo, cantidade. Adverbios en mente: formación e uso. Adverbios de afirmación negación e dúbida: efectivamente, seguro, quizá, tal vez, probablemente.. Adverbios e locucións adverbiais de uso frecuente que indican afirmación, negación e dúbida: bueno, de acordo. Gradación do adverbio: grao comparativo: máis lejos que, superlativo: lejísimos
- Modificación do núcleo: Mediante sintagma adverbial: Bastante cerca; preposicional: Detrás de la casa e adxectivo: Ella es muy lista .
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.
- Funcións sintácticas do sintagma (complemento circunstancial, etc.)

O SINTAGMA PREPOSICIONAL.

- Núcleo: Preposición e locucións preposicionais (clases).
- Significado e usos frecuentes das preposicións. Uso da preposición a con OD de persoa, e en perífrases de: ir + a: voy a casa. Distinción de a/en, por/para... Locucións preposicionais de uso frecuente: después de, encima de. Verbos de uso frecuente que rexen preposición: contar con, ayudar a, hablar de.
- Modificación do núcleo: Mediante sintagma adverbial, preposicional, etc.
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.
- Funcións sintácticas do sintagma (complemento de réxime, etc.)

INTERMEDIO 2:

A ORACIÓN COMPOSTA

A expresión de relacións lóxicas.

- Ampliación de enlaces en oracións coordinadas afirmativas e negativas.
- Ampliación e reforzo de estruturas con todo tipo de conectores (subordinadas adverbiais de tempo, modo, causa, lugar ...) e especial atención a correlación de tempos e modos.
- Oración composta por subordinación: substantivas (o estilo indirecto para comunicar ordes , peticións e consellos en subxuntivo: me dijo que la esperase, e para a transmisión de información con indicativo: Nos informo de que marcharía mañana; interrogativa indirecta introducida por: que, si); adxectivas ou de relativo (oracións de relativo con antecedente e sen antecedente: El, la los, las que; quien/quienes ; usos de donde, en que, con el que, por lo que).

A ORACIÓN SIMPLE

- Ampliación de tipos de oración (enunciativa, interrogativa, exclamativa e exhortativa).
- Elementos constituíntes e a súa posición. Oracións pasivas con SE: la escuela se construyó en el siglo XX. Oracións coordinadas afirmativas e negativas: clases e nexos.
- Fenómenos de concordancia (orde de elementos na oración: suxeito, predicado/atributo).

O SINTAGMA NOMINAL.

- Núcleo: Substantivo e pronome (clases, xénero, número, caso).
- Substantivos: aspectos relevantes do xénero feminino con nomes de profesións.
- Formación do plural en substantivos en -y: rey-reyes; substantivos acabados en -s: el martes/los martes. Nomes de uso cotián que só poden ir en plural: las gafas;
- Pronomes: omisión e presenza do pronome con valor de contraste: me ha insultado a mi y no a usted; pronomes de OI con verbos como parecer; pronomes obxecto directo e indirecto con verbos de dobre réxime pronominal: interesar; leísmo, laísmo, loísmo; usos de lo + que, lo+de para aludir a un tema: lo que pasa es que. Pronomes relativos, posesivos, deícticos indefinidos, interrogativos e exclamativos e os seus usos con preposición: de qué. Pronomes relativos con artigo: los que, las que.... Usos dos pronomes posesivos precedidos ou non de artigo: es el tuyo / es tuyo. Usos deícticos do demostrativo: no, no quiero ése, quiero aquel. Pronomes indefinidos sen flexión: nadie, nada.

Modificación do núcleo mediante:

- Determinantes (artigos, demostrativos, posesivos, cuantificadores), aposición, sintagma (nominal, adxectivo, verbal, adverbial, preposicional), frase de relativo u oración.

- Artigo: presenza e ausencia de artigo: la llave, una llave, ¿tienes llaves? Uso do artigo con valor posesivo; artigo masculino con palabras que empezan por a tónica: el alma). Uso intensificador do artigo indeterminado: hace un calor. Usos do artigo lo + adxectivo: lo interesante, lo+superlativo: lo mejor.
- Demostrativo: mención anafórica e catafórica.
- Posesivo: Usos de su: su casa de él, de usted, de ella. Posición do posesivo e combinación con outros determinantes cando vai posposto: este amigo mío.
- Cuantificadores indefinidos: varios, cierto, algunos... Usos de indefinidos en posición preverbal e posverbal con negación: no ha llegado ningún paquete/ ningún paquete ha llegado; Contrastes do tipo : Un poco de /poco. Apócope de formas: ningún/algún.
- Contrastes do tipo: llegó el primero/ llegó de número 1
- Posición dos elementos do sintagma (determinantes + núcleo + modificadores) e fenómenos de concordancia:(entre o núcleo + adxacentes)
- Funcións sintácticas do sintagma (suxeito, obxecto directo, etc):

O SINTAGMA ADJECTIVAL

- Núcleo: Adxectivo (clases, xénero, número, caso, grao).
- Comparativo de igualdade: igual que, lo mismo que, inferioridade e superioridade.
- Comparativos sintéticos: mejor, peor, mayor, menor. Superlativo absoluto e relativo: el más alto. Formas apócopadas: gran, buen...
- Modificación do núcleo mediante sintagma (nominal, adxectivo, verbal, adverbial, preposicional) e oración.
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.
- Posposición con valor especificativo e anteposición con adxectivos que cambian de significado. Apócopes en posición anteposta de adxectivos masculino singular: bueno, primero...
- Funcións sintácticas do sintagma (atributo, etc.).

O SINTAGMA VERBAL

- Núcleo: verbo (clases, tempo, aspecto, modalidade, voz).
- Modo indicativo: Tempos do pasado: insistencia nos usos dos tempos que ofrecen maior dificultade: oposición pretérito imperfecto / perfecto e indefinido. Condicional para a expresión de consellos, desexos e hipóteses e peticións máis cortesés: ¿le molestaría si paso máis tarde.Tempos de futuro: futuro perfecto de suposición : Ya habrá llegado.Outros valores do futuro: para expresar probabilidade, desexos, cortesía.
- Modo subxuntivo: Presente: uso frecuente en oracións simples imperativas, desiderativas, dubitativas; en oracións subordinadas: futuro, necesidade, desexo, dúbida, probabilidade. Conxugación regular e irregular das formas compostas de subxuntivo.
- Usos do pretérito perfecto e do imperfecto de subxuntivo referidos ao pasado ou ao futuro con valor de petición ou desexo: Correlación de tempos e modos na oración subordinada: Le mandan que se retire/ Le mandaron que se retirara).
- Ampliación de perífrases verbais de infinito e xerundio.
- Formas non persoais: ampliación dos seus valores.
- Ampliación dos valores do imperativo negativo e afirmativo: Vete de aquí; No te vayas de aquí. Imperativos lexicalizados.
- Voz activa e pasiva. Pasiva reflicte con Se.
- Contraste entre SER/ESTAR en outros usos: Es soltero/está soltero
- Modificadores do núcleo: Negación, etc.
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.
- Concordancia suxeito- verbo- complementos. A orde dos elementos no sintagma.
- Funcións sintácticas do sintagma (verbo, suxeito, etc.). Verbocomplementos (OD,OI, CC, Atributo,Complemento Axente)

O SINTAGMA ADVERBIAL

- Núcleo: Adverbios e locucións adverbiais (clase, grao). Ampliación dos adverbios e locucións de lugar, tempo, modo, cantidade. Adverbios de afirmación, negación e dúbida (afectivamente, seguro, quizá, tal vez, probablemente, seguramente, lo mismo, igual). Adverbios relativos e interrogativos (donde, cando, como, cuantos).
- Adverbios relacionados cun elemento da oración ou con toda a oración:

- Efectivamente, es como te dije.
- Gradación do adverbio: grao comparativo e superlativo
- Modificación do núcleo: Mediante sintagma adverbial, preposicional, etc.
- Sintagma adverbial: outro adverbio (Muy lejos); sintagma preposicional (Lejos de aquí)
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia. A colocación na oración.
- Funcións sintácticas do sintagma (complemento circunstancial, etc.)...
- Función do sintagma adverbial: CC (Iremos temprano al cine), Modificador dun adxectivo (Ha llegado un chico bastante simpático) ou doutro adverbio Demasiado pronto).

O SINTAGMA PREPOSICIONAL

- Núcleo: Preposición e locucións preposicionais: Ampliación das preposicións e locucións. Rexencias con verbos de uso frecuente. Ampliación dos verbos rexidos con preposición: contar con, pensar en, reirse de. Adxectivos que rexen preposición agradable con, difícil de. Repaso das preposicións que xeneran dificultade: por/para/ ; a/en; en/con. Uso de preposición + infinitivo: antes de comer. Ampliación de locucións preposicionais: alrededor de, en relación con.
- Modificación do núcleo.
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.
- Funcións sintácticas do sintagma (complemento de réxime, etc.).

C) CONTIDOS ORTOGRÁFICOS.

INTERMEDIO 1:

- O alfabeto/os caracteres.
- Representación gráfica de fonemas e sons.
- Sistematización ortográfica e fónica das letras ou grupos de letras que representan varios sons (c, qu, k, g, j, gu, rr, r, y, ll) e dos sons representados por varias letras (/z/, /b/, /y/, /j/, /g/, /r/ y/r/).
- Ortografía de palabras estranxeiras.
- Uso dos caracteres nas súas diversas formas (maiúsculas, minúsculas, cursiva, etc.). Abreviaturas e siglas de uso frecuente (Avda., ONU, SA, etc.).
- Ortografía dos números con decimais e das porcentaxes. Os números romanos para a escritura dos séculos.
- Signos ortográficos (acento, apóstrofo, diérese, guión, etc.).
- Uso do acento nas palabras agudas, graves e esdrúxulas de uso frecuente, incluídas as que presentan ditongos e hiatos. Uso do acento nos interrogativos e exclamativos.
- Usos xerais dos signos de puntuación (punto e seguido e punto e aparte) e usos básicos da coma e punto e coma. Usos básicos da paréntese. Signos de apertura e peche nas exclamacións e preguntas.
- División das palabras ó final da liña. Estrutura silábica. Uso do guión para separación de sílabas - sílabas átonas e tónicas. Número de sílabas: monosílabas...

INTERMEDIO 2:

- O alfabeto/os caracteres
- Representación gráfica de fonemas e sons. Letras que se corresponden con varios fonemas (<c>, <x>); letras sen correspondencia (<h>); no correspondencia grafía / son: ballet. Palabras homófonas: tuvo, tubo, homógrafas: banco
- Ortografía de palabras estranxeiras.
- Préstamos de palabras estranxeiras en determinados campos temáticos, deportes: waterpolo, hockey, cociña: sandwich, pudding, telecomunicacións: mail...
- Uso dos caracteres nas súas diversas formas (maiúsculas, minúsculas, cursiva, etc). Sistematización do uso das letras maiúsculas: (nomes propios, países, títulos, etc.) e minúsculas (nomes comúns, nomes de linguas, etc.).
- Signos ortográficos (acento, apóstrofo, diérese, guión, etc.).
- Recoñecemento e produción de ditongos e hiatos correntes e recoñecemento dos tritongos máis frecuentes (segunda persoa do plural de certos verbos: estudiáis, limpiáis).
- Uso de comiñas para a transmisión do discurso directo, da desviación semántica, o rexistro vulgar ou coloquial, a ironía, etc. Diferenzas entre o acento ortográfico e diacrítico: sí /si, él/el. Diferenzas de acentuación e ortografía dos interrogativos e exclamativos fronte os relativos e as conxuncións: qué/que, cómo/como. Uso do carácter esdrúxulo nas formas verbais con pronomes enclíticos: enseñándome, vámonos e a súa obrigatoriedade do acento. Permanencia do acento dos adverbios en -mente : fácilmente.

- División das palabras ó final da liña. Estructura silábica.

D) CONTIDOS FONÉTICOS.

INTERMEDIO 1:

- Sons e fonemas vocálicos e as súas combinacións.
- Recoñecemento e produción dos fonemas vocálicos do español estándar. Vogais anteriores, medias e pechadas. Grupos vocálicos: ditongos, tritongos e hiatos máis frecuentes. As sinalefas.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Recoñecemento e pronuncia dos fonemas consonánticos. Insistencia nos fonemas que presenten un maior grao de dificultade (sibilantes, palatais, vibrantes...). Recoñecemento e pronuncia dos grupos consonánticos: Pr, Pl...
- Procesos fonolóxicos máis habituais na lingua (enxordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica, etc.).
- Acento fónico / tonal dos elementos léxicos illados. Entoación e ritmo na expresión de certos estados de ánimo (sorpresa, ánimo, enfado).
- Acento e atonicidade / patróns tonais no sintagma e na oración.). Curvas de entoación en diferentes tipos de oración: preguntas, repreguntas, exclamacións. Énfase nun elemento da oración, especialmente os antepostos (MARIA es la que me regaló las flores). Pausas e entoación.

INTERMEDIO 2:

- Sons e fonemas vocálicos e as súas combinacións.
- Recoñecemento e produción de ditongos, tritongos e hiatos.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos (enxordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica, etc.).
- Acento fónico / tonal dos elementos léxicos illados. O grupo fónico e a entoación. Entoación e curvas entoativas básicas e algunhas secundarias: repregunta, citas ou parenteses, promesas ou ameazas, entoacións suspendidas: Me quedé....
- Acento e atonicidade / patróns tonais no sintagma e na oración. O acento.
- Iniciación no recoñecemento doutros acentos dialectais do español especialmente os que se realizan en España: pronunciacións do tipo /s/z/j/h/. Atención aos tonos dialectais, cambios do acento da palabra, etc.

2.3.2.2. COMPETENCIA SOCIOLINGÜÍSTICA

Un enfoque centrado no uso do idioma supón necesariamente a súa dimensión social. Para que a comunicación sexa eficaz, o usuario da lingua non só ten que coñecer os recursos dispoñíbeis, senón tamén saber utilízalos axeitadamente en cada contexto. Neste sentido, enténdese que a competencia sociolingüística consiste na capacidade do usuario de interpretar diferentes situacións e comportarse nelas de forma axeitada.

As alumnas e os alumnos deben adquirir as competencias sociolingüísticas que lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado. Entre estas encóntranse o coñecemento, o discernimento e o uso de marcadores lingüísticos de relacións sociais, fórmulas de tratamento, saúdos, normas de cortesía, diferenzas de rexistro (formal e informal) e expresións idiomáticas moi frecuentes.

Por outra parte, cada lingua é reflexo da súa realidade social. Polo tanto, os contidos que se enumeran a seguir teñen que ser adaptados a realidade específica de cada lingua.

Desenvolveranse ao longo do Nivel Intermedio de acordo cos obxectivos propios deste.

Convencións sociais: establecemento de contacto (saúdo, expresión do interese por alguén), presentacións, dirixirse a alguén, solicitar e conceder permiso, comunicación telefónica e telemática.

Finalización do contacto: despedida, envío de saúdos, finalización de conversa telefónica, formas de saúdo en despedida en cartas.

Mantemento do contacto: desculpa, agradecementos, cumprimentos, felicitación, condolencia, desexo, brindes.

Expresión axeitada de sentimentos: alegría, entusiasmo, sorpresa, gabanza, etc.; utilización axeitada das exclamacións.

2.3.2.3. COMPETENCIAS PRAGMÁTICAS

As competencias pragmáticas refírense ao coñecemento que posúe o alumnado dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizar funcións comunicativas.

A) CONTIDOS FUNCIONAIS

Os contidos funcionais preséntanse nunha lista única que retoma as funcións previstas para o Nivel Básico, utilizándoas agora nun abano máis amplo de situacións e recursos e engadindo outras novas propias dun maior contacto coa lingua e cultura obxecto de estudo.

Os contidos funcionais responden aos obxectivos e fórmulanse en termos de expresión pero considérase que inclúen tamén a comprensión e a interacción respectivas.

Usos sociais da lingua:

En situacións formais e informais, dirixirse a alguén, saudar e despedirse, usar as formas de tratamento adecuadas, desculparse, agradecer, presentarse e presentar persoas, felicitar, eloxiar, invitar.

Reaccionar ante unha información con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.

Control da comunicación:

- Manifestar comprensión e incomprensión. Pedir confirmación da comprensión.
- Solicitar a axuda do interlocutor para facilitar a comprensión: por exemplo, falar devagar, soletrear, repetir, preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Reformular, parafrasear, repetir, corrixir, explicar, sinalar, etc.

Encher con pausas ou expresións de dúbida mentres se busca o elemento que falta.

Información xeral:

- Pedir e dar información sobre datos persoais.
- Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.
- Responder a preguntas ofrecendo información, confirmando, refutando, dubidando, expresando descoñecemento, etc.
- Identificar e solicitar información mediante preguntas. Intercambiar información sobre asuntos cotiáns: actividades, normas, costumes, sucesos. Resumir, repetir e transmitir información.
- Indicar posesión. Relacionar datos (causa, consecuencia, finalidade, condicións, etc.).
- Indicar onde e cando ocorre algo. Referirse a accións cotiáns no presente, no pasado e no futuro.

Coñecemento, opinións e valoracións:

- Expresar intereses, preferencias e gustos (e contrarios). Afirmar e negar algo.
- Mostrar acordo total ou parcial, satisfacción conformidade (e contrarios).
- Preguntar e expresar coñecemento e descoñecemento, seguridade e inseguridade.
- Expresar reticencias, obxeccións.
- Expresar aprobación e satisfacción ou os seus contrarios. Expresar e contrastar opinións.

Desexos, estados de saúde, sensacións e sentimentos:

- Expresar vontade, intencións, desexos para si e para outros.
- Expresar estados de saúde, síntomas e sensacións físicas
- Expresar estados de ánimo, emocións, sentimentos (sorpresa, ledicia, mágoa, enfado, esperanza, etc.) e sentimentos cara a outras persoas (agradecemento, afecto, admiración, etc.).
- Compartir sentimentos e reaccionar adecuadamente ante eles: acougar, dar azos, expresar condolencia, etc. Eloxiar, facer cumprimentos e os seus contrarios.
- Desculpar(se) e aceptar desculpas. Expresar unha queixa ou unha reclamación.

Peticións, instrucións e suxestións.

- Pedir e ofrecer obxectos, servizos e axuda.
- Acceder ou rexeitar agradecendo ou xustificando; acceder con reservas ou condicións.
- Expresar imposibilidade, posibilidade, obriga ou prohibición de facer algo.
- Pedir, conceder e denegar permiso (con ou sen obxeccións).
- Dar instrucións, avisos e ordes.
- Aconsellar, recomendar e animar a facer algo. Previr, advertir. Transmitir unha petición.
- Suxerir actividades, aceptar ou rexeitar e reaccionar ante suxestións.
- Planificar unha actividade. Invitar. Concertar unha cita.

Organización do discurso:

- Dirixirse a alguén. Iniciar a intervención en situacións formais e informais.
- Pedir, tomar e ceder a palabra. Reaccionar e cooperar na interacción.
- Recoñecer e adecuarse ao esquema usual da interacción.
- Introducir un tema en situacións formais e informais. Introducir unha secuencia, unha anécdota ou unha opinión. Enumerar, opoñer, exemplificar, aclarar aspectos, cambiar de tema, resumir.
- Anunciar o peche do discurso e pechalo.
- Relacionar e cohesionar o discurso.
- Ao teléfono: inicio, presentación, espera, recado, despedida. Control da comunicación.
- Recoñecer e axustarse á estrutura das cartas e dos tipos de mensaxe utilizados.
- Utilizar as convencións propias dos textos ou discursos que se manexan.

B) CONTIDOS DISCURSIVOS

COHERENCIA E COHESIÓN

O alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan producir e comprender textos coherentes e cohesionados, pois para que un texto teña validez desde o punto de vista comunicativo debe ser coherente e debe presentar unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.

Coherencia

- Ofrecer información suficiente e relevante para cumprir o propósito comunicativo.
- Utilizar a variedade de lingua estándar. Utilizar o rexistro formal ou informal segundo o requira a situación de comunicación.
- Seleccionar o léxico e as estruturas sintácticas suficientes para acadar o propósito comunicativo segundo o tema que se trate.
- Adaptarse ás características, organización básica e formato dos textos orais e escritos aos que se enfronta ou que produce, recollidos no apartado “Tipoloxía de textos”.
- Utilizar recursos lingüísticos adecuados para garantir a coherencia espazo-temporal.

Cohesión

- Iniciar, desenvolver e rematar textos en diferentes situacións de interacción escrita.
- Iniciar, manter e rematar conversas en diferentes situacións de interacción oral.
- Tomar, manter e ceder a quenda de palabra en diferentes situacións de interacción oral respectando as regras e as convencións.
- Usar unha certa variedade de conectores discursivos para iniciar, continuar, engadir, exemplificar e concluír.
- Manter a cohesión temática do texto utilizando recursos tales como a correferencia, (por exemplo o uso de artigos, pronomes, demostrativos, concordancia de tempos verbais...), a elipse, as repeticións, etc.
- Organizar o discurso de maneira que se distinga con claridade o tema principal dos temas secundarios.
- Utilizar unha certa variedade de conectores básicos para expresar relacións lóxicas tales como causa, consecuencia, finalidade, etc.
- Recoñecer e utilizar a reformulación como recurso para garantir a comprensión nunha situación de comunicación.
- Utilizar os patróns de entoación adecuándoos á situación comunicativa.
- Utilizar con corrección os recursos básicos de puntuación adecuándoos ás regras e convencións propias dos textos recollidos no apartado “Tipoloxía de textos”.

TIPOLOXÍA DE TEXTOS

O texto é calquera secuencia de discurso (falado ou escrito) relacionada cun ámbito específico e que durante a realización dunha tarefa constitúe o eixe dunha actividade de lingua, ben como apoio ou meta, ben como produto ou como proceso.

Este apartado inclúe un repertorio de textos orais e escritos. A complexidade de cada un deles deberá ser adaptada aos obxectivos propios do nivel.

Oral

- Anuncios publicitarios na radio e televisión e anuncios por megafonía
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas á cara e en grupo.
- Conversas telefónicas e mensaxes en contestadores automáticos
- Reunións de traballo. Debates. Discusións formais
- Entrevistas: de traballo, académicas, médicas... Enquisas
- Textos audiovisuais: películas, programas de TV ou de radio, telexornais, documentais, material gravado
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas
- Cancións
- Representacións teatrais

Escrito

- Anuncios publicitarios (en paneis, na prensa, etc.) e anuncios por palabras
- Correspondencia persoal e formal (cartas comerciais, reclamacións, pedidos, fax, notas, mensaxes, invitacións, felicitacións, etc.)
- Textos xornalísticos (noticias, reportaxes, crónicas, cartas ao director, artigos de opinión, entrevistas)
- Textos literarios (contos, relatos breves, poemas, diálogos teatrais)

- Cómics e tiras cómicas. Adiviñas. Biografías
- Guións
- Informes. Resumos e esquemas. Apuntamentos
- Documentos oficiais (formularios, impresos, instancias)
- Documentos comerciais (contratos, facturas, albarás, cartas comerciais, extractos bancarios)
- Catálogos
- Manuais de instrucións. Prospectos. Receitas de cociña
- Currículos. Dicionarios e *thesaurus* (dicionarios bilingües)

2.4. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS POR CUADRIMESTRES

O ano académico 2011-2012 divídese en dous cuatrimestres:

- ▶ O primeiro cuatrimestre comprenderá desde o 19 de setembro ata o 27 de xaneiro.
- ▶ A proba de avaliación de progreso terá lugar entre os días 30 de xaneiro e o 9 de febreiro.
- ▶ O segundo cuatrimestre comprenderá desde a realización da proba de progreso ata o 23 de xuño.

As unidades que integran a programación de aula para o curso de nivel intermedio integrado quedan secuenciadas do modo seguinte:

- 1º cuatrimestre: as unidades 1-6 de *Aula Internacional 3*.
- 2º cuatrimestre: as unidades 7-12 de *Aula Internacional 3*.

A programación de aula poderá ser modificada ao longo do curso en función das necesidades do alumnado.

CURSO	LIBRO DE TEXTO	LECTURA RECOMENDADA
Intermedio integrado	<p><i>Aula Internacional 3</i> (un libro de texto con 1 CD audio, un libro de exercicios con 1 CD) Ed. Difusión (2006) ISBN: 978-84-8443-232-6</p> <p><i>Cuadernos de gramática española B1</i>. Jaime Corpas et al., Editorial Difusión 2009. ISBN: 978-84-8443-476</p>	<p><i>El desorden de tu nombre</i>; Juan José Millás (adaptación). Ed. Santillana, Madrid, 2008. ISBN: 84-49713064-2</p> <p><i>Leyendas</i> (Bécquer). Literatura hispánica de fácil lectura. Ed. Sgel, Madrid, 2008. ISBN 978-84-9778-331-6</p>

Programación de INTERMEDIO INTEGRADO 1º CUADRIMESTRE	Contidos gramaticais, léxicos e fonéticos	Contidos funcionais	Contidos socioculturais e tipos de textos	Contidos complementarios
<p>U. 1</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - compartir información do presente e do pasado co resto da clase; - crear un bo ambiente de clase ao inicio do curso; - familiarizar o alumno con contextos laborais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Oracións interrogativas con preposición + partículas interrogativas (<i>hasta, para + cuando, donde</i>); - Ausencia de artigo para nomes que se refiren a unha clase (<i>¿tienes coche?</i>); - Uso dos tempos do pasado: p. Perfecto, p. Indefinido e p. Imperfecto; - Contraste entre <i>hace e desde hace</i>; entre <i>desde e desde</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - Dar información sobre si mesmo; pedir información sobre outras persoas; - Falar de hábitos no presente; - Relatar experiencias persoais pasadas; - Falar do inicio e a duración dunha acción; - Localizar unha acción no tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> - A pluralidade lingüística en España e América; - Breve historia do español; - O sistema académico, - O mundo laboral <p>Tipos de textos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios de emprego; - Currículo e carta de presentación solicitando un emprego; - Entrevista de traballo (oral). 	<p>Estratexias:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Seleccionar a información relevante nun texto de audio; - Elixir un título que resuma mellor un texto escrito.

	<p><i>que;</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Uso de <i>ya/todavía no</i> con pretérito perfecto; - Perífrase: <i>empezar a + infinitivo, acabar de + infinitivo, volver a + infinitivo, dejar de + infinitivo, estar + gerundio, llevar + gerundio, seguir + gerundio.</i> 			
<p>Unidade 2 Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Familiarizar os alumnos cos costumes sociais españois; - Reflexionar sobre os hábitos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Presenza do pronome suxeito con valor contrastivo (<i>yo soy Mike, él es John</i>); - Formas de tratamento habituais (Usted/ustedes); <i>é normal / habitual / raro + infinitivo; soler + infinitivo;</i> - Cuantificadores (<i>todo el mundo/ la mayoría /muchos/ algunos/nadie</i>); - Repaso dalgunhas irregularidades do presente de indicativo; - <i>Prohibido + infinitivo, está (n) prohibido/ a/os/ás + sustantivo, se prohíbe(n) + sustantivo, no se permite/n + sustantivo/infini vo, no está (n) permitido/a/os/á s - sustantivo, no se admite(n) + sustantivo; está prohibido/ no se permite/ no se puede/no dejan + infinitivo; es</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar prohibición, obrigatoriedade e impersonalidade; - Intercambiar información sobre hábitos cotiáns; - Levar a cabo con naturalidade as función sociais máis habituais como saudar, despedirse, presentarse, felicitar, facer cumpridos, eloxiar, agradecer, dar excusas, expresar bos desexos. 	<ul style="list-style-type: none"> - As normas de cortesía en España e contraste coas doutros países; - As costumes, - Os horarios. <p>Tipos de texto:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario sobre os costumes españois; - Diálogos de situacións sociais (oral); - Carteis con prohibicións e obrigas 	<p>Estratexias:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recursos para iniciar unha conversa cotiá: o tempo, o fútbol, o tráfico, etc.

	<p><i>obligatorio + infinitivo; es/son obligatorio/a/os/as + sustantivo; (No) es normal/habitual/frecuent e/raro + infinitivo;</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Se para expresar impersonalidad; - Fórmulas sociais máis usuais (<i>felicidades, me gusta/encanta tu casa, gracias por, lo siento, es que...</i>) 			
<p>Unidade 3</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - aprender a transmitir mensaxes con eficacia e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> - estilo indirecto: <i>me ha dicho/contado /comentado que...; me preguntó si...;</i> - Vocabulario e expresións propios da comunicación telefónica; - Encabezamento s (<i>querido/a, estimado/a...</i>) e despedidas (<i>un cordial saludo, muchos recuerdos y besos</i>). 	<ul style="list-style-type: none"> - Tomar e deixar recados por teléfono; - Transmitir mensaxes orais e escritas; - Expressar a intención do falante mediante verbos realizativos: invitar, felicitar, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> - formas habituais de felicitar; trabalinguas; a linguaxe abreviada dos sms. <p>Tipos de texto:</p> <ul style="list-style-type: none"> - e-mails e sms; - recados; - Artigo xornalístico; - Conversacións telefónicas e mensaxes de contestador (oral). 	<p>Estratexias:</p> <ul style="list-style-type: none"> - De comunicación para confirmar se entendemos unha mensaxe; - Pedir aclaracións ou repeticións sempre que se necesite; - Utilizar definicións cando non recordamos unha palabra.
<p>Unidade 4.</p> <p>Obxectivos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer chistes e historias e recoñecer os aspectos socioculturais que implican. - Narrar de forma axeitada. 	<ul style="list-style-type: none"> - Conectores do discurso utilizados para a redacción. - Forma e usos do OD e OI. - Léxico necesario para falar de xéneros no cine, a literatura e a televisión 	<ul style="list-style-type: none"> - Relatar en presente, - Resumir un argumento - Contar chistes 	<ul style="list-style-type: none"> - O Humor nas culturas hispanas. - Chistes - O cine, a televisión e a literatura <p>Tipos de textos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Programacións de televisión - Chistes; - Fragmento dunha película; - Anuncios publicitarios da televisión (oral con apoio de imaxes). 	<p>Estratexias para narrar de forma coherente e cohesionada.</p>
<p>Unidade 5</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aprender a expresar desexos e opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> - Presente de subxuntivo. - Perífrasis de infinitivo: Querer 	<ul style="list-style-type: none"> - Expresión de desexos, reclamacións e necesidades. 	<ul style="list-style-type: none"> - Momentos históricos importantes. - A igualdade do 	<p>Estratexias.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recursos para expresar aprobación ou

- Potenciar a capacidade de buscar solucións.	/ pedir / exigir / necesitar + infinitivo. - Querer / pedir / exigir / necesitar + que + presente de subxuntivo. - Que + Presente de Subxuntivo.	- Valoración de situacións e feitos. - Proposición de solucións.	home e da muller. - Inxusticias. - Tipos de textos - Artigos de prensa. - E-mails.	desaprobación. - Recursos para expresar desexos
Unidade 6 Obxectivos: activar os recursos para contar anécdotas.	- Marcadores temporais para relatar (una vez/ entonces, luego de repente...); - Tempos do pasado nun relato (perfecto/ indefinido/ imperfecto/ pluscuamperfecto); - Uso do pasado de estar + gerundio; - Contraste entre o <i>pretérito indefinido</i> e o <i>pretérito imperfecto</i>	- Falar do pasado, - Secuenciar accións, - Escribir relatos curtos sobre feitos describindo as circunstancias que os envolven.	- Feitos históricos moi relevantes nos países de fala hispana, - Lendas urbanas. Tipos de texto: - Biografías, textos e titulares periodísticos, lendas urbanas,.	Estratexias: - Recursos para despertar o interese ao narrar un relato.

Programación de INTERMEDIO INTEGRADO 2º CUADRIMESTRE	Contidos gramaticais, léxicos e fonéticos	Contidos funcionais	Contidos socioculturais e tipos de textos	Contidos complementarios
Unidade 7 Obxectivos. - Expresar os intereses propios, e confrontarlos aos de outra persoa; - expresar sentimentos e emocións.	- Expresións lingüísticas para o desacordo: qué e cómo - Conectores de contraargumentación. (pero) si, pues - Expresións de interese e sentimento: me encanta + nome, infinitivo, +que + subxuntivo	- Expresar intereses e sentimentos. - Falar das relacións entre persoas. - Mostrar acordo ou desacordo, en distintos rexistros. - Contraargumentación	- Tipoloxía musical española. - A familia en España - Os cambios nos adolescentes - Tipos de textos: - Textos periodísticos - Diarios - e páxinas web.	Estratexias. - Suavizar a expresión de desacordo.
Unidade 8 Obxectivos. - Falar sobre as características de algúns obxectos: - funcionalidade e valoración estética.	- Os superlativos. - Modificadores do adxectivo. - Frases exclamativas. ¡qué...!, ¡qué... tan / más...! - Frases relativas - Uso do indicativo e subxuntivo en	- Descrición das características e funcionamento dos obxectos. - Opinión sobre as características dun obxecto.	- As modas. - Os obxectos de deseño. Tipos de texto. Textos periodísticos. Cuestionarios	- Estratexias para describir un obxecto.

	frases relativas			
<p>Unidade 9</p> <p>- Falar sobre as diferenzas entre o punto de vista esotérico e o científico como formas de enfrontamento da realidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Usos do futuro simple e composto - Expresións en indicativo e subxuntivo para expresar diferentes grados de seguridade. <p>Uso de creer / creerse.</p> <p>marcadores temporais para falar do futuro: recursos para formular hipótese</p>	<p>Hipóteses e conxecturas.</p> <p>Relato de sucesos misteriosos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Esoterismo e relixión. - Superstições. - Convencións sociais. - Tipos de texto. - Textos periodísticos - Textos de opinión. - Panfletos. 	<p>Estratexias para organizar un debate.</p>
<p>Unidade 10</p> <p>Obxectivos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aprender a redactar unha noticia; - traballar o vocabulario dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> - Uso da voz pasiva. - Verbos de transmisión da información: manifestar, declarar. - Vocabulario relacionado cos medios de comunicación 	<ul style="list-style-type: none"> - Referirnos a unha noticia e comentala; - Transmitir información; - Estructurar una entrevista. 	<ul style="list-style-type: none"> - Os medios de comunicación en España; - hábitos televisivos e de lectura dos españois <p>Tipos de texto:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Noticias e retransmisiones de radio (oral); - artigos do periódico. 	
<p>Unidade 11</p> <p>Obxectivos</p> <p>Adoptar o punto de vista propio para falar da opcións persoais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Evocación de situacións imaxinarias: “si fuera”, “si estuviera...” + condicional; - Opinión sobre accións e conductas; - Expresión de descoñecemento: “no sabía que...”; - Expresión de desexos; - A forma e usos do Condicional; - O Pretérito Imperfecto de Subxuntivo de “ser”, “estar” e “poder”. 	<ul style="list-style-type: none"> - Dar consellos, - Intervir en diálogos para expresar unha opinión sobre diferentes actuacións ou realidades que están de moda. 	<ul style="list-style-type: none"> - A interculturalidade a a diferenza de comportamento dentro das diversas culturas - Tipos de textos - Prensa de actualidade, revistas, páxinas web e programas de televisión. 	<p>Estratexias:</p> <ul style="list-style-type: none"> - aportar o propio punto de vista para defender unha argumentación
<p>Unidade 12</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ampliar os coñecementos sobre os diferentes países de América Latina. 	<ul style="list-style-type: none"> - Recursos para narrar acontecementos do pasado; - Recursos para referir o que 	<ul style="list-style-type: none"> - Aportar información sobre diferentes países de Latinoamérica, recopilar información sobre 	<ul style="list-style-type: none"> - Valorar a diversidade de culturas e xeitos de pensar dentro de América Latina 	<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para expresar coñecemento ou descoñecemento de determinadas realidades

	<p>dixeron outros no pasado;</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os tempos de pasado; - Os usos do Presente de Subxuntivo; - Como expresar coñecemento e descoñecemento sobre un tema. 	<p>eles e verificar os datos adquiridos ao longo da unidade.</p>	<p>Tipos de texto:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Artigos xornalísticos - Páxinas web. 	
--	--	--	---	--

3. NIVEL AVANZADO

3.1. DEFINIÇÃO DO NIVEL

O nivel Avanzado presentará as características do nivel de competencia B2, segundo se define este nivel no *Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas*. Así, o nivel Avanzado 1 deberá acadar as competencias da primeira parte do nivel B2 (B2.1).

Segundo o Decreto 239 / 2008, de 25 de setembro, “o nivel avanzado ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para a utilización do idioma oralmente e por escrito con fluidez, flexibilidade e eficacia, en situacións comunicativas diversas, relativas a temas coñecidos ou propios do campo de especialización do falante, que requiran comprender e producir textos de certa complexidade lingüística, en lingua estándar, nunha variedade de rexistros, e que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas variadas e frecuentes, e riqueza léxica. Este nivel de uso do idioma deberá permitir, igualmente, actuar mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa, e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.”

3.2. OS ELEMENTOS DO CURRÍCULO

3.2.1 OBXECTIVOS XERAIS

COMPRESIÓN ORAL

Comprender textos extensos ben organizados e lingüisticamente complexos que traten de temas tanto concretos como abstractos, incluso de carácter técnico sempre que estean dentro do propio campo de especialización, nunha variedade de lingua estándar, transmitidos mediante calquera canle, articulados a velocidade normal e mesmo nun contorno ruidoso ou con interferencias.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

Falar e interaccionar oralmente con fluidez, precisión, eficacia e espontaneidade sobre unha ampla serie de temas relacionados cos distintos ámbitos de interacción social, marcando a relación entre as ideas, expresando e defendendo puntos de vista con claridade e proporcionando explicacións e argumentos adecuados cun alto grao de corrección e naturalidade que permita que a comunicación se realice sen esforzo.

COMPRESIÓN DE LECTURA

Ler cun alto grao de independencia textos extensos e de certa complexidade lingüística en lingua estándar, en variedade de rexistros, adaptando o estilo e a velocidade da lectura aos distintos textos e finalidades, utilizando fontes de referencia apropiadas de forma selectiva, e cun amplo vocabulario activo de lectura, aínda que teña algunha dificultade con expresións pouco frecuentes.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

Escribir textos de extensión variada, claros e ben estruturados, con diferentes propósitos comunicativos, sobre temas relacionados cos diferentes ámbitos da vida social, transmitindo e requirindo información con eficacia, e defendendo, cando cumpra, puntos de vista sobre temas de carácter xeral, destacando as ideas principais, establecendo relación cos puntos de vista doutras persoas, valorando e sintetizando distintas opcións procedentes de varias fontes cando corresponda.

3.2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE AVANZADO 1

COMPRESIÓN ORAL

1. Comprender as ideas principais de textos dos ámbitos académico, público e profesional dentro da propia área de coñecemento, desenvolvidos en lingua estándar e articulados a velocidade normal, de certa complexidade lingüística e con marcadores discursivos explícitos.
2. Comprender as ideas principais e as específicas moi relevantes dunha gama ampla de textos audiovisuais emitidos en lingua estándar, con claridade na fala, e sen condicións externas que dificulten a comprensión.
3. Comprender a maior parte do que se lle di directamente en conversacións e transaccións en lingua estándar e lingüísticamente complexas.
4. Comprender o esencial de textos orais de carácter instrutivo, mensaxes e avisos detallados, lingüísticamente complexos e emitidos en lingua estándar.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

1. Falar en público en intervencións, preparadas previamente, sobre temas xerais ou da súa especialidade, aportando descrições e argumentos, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, e respondendo a preguntas complementarias cun grao de fluidez e espontaneidade que non retraia a intervención dos interlocutores.
2. Participar en conversas formais e informais, iniciando, mantendo e rematando a interacción adecuadamente, expresando e defendendo con certa precisión as súas opinións, proporcionando explicacións, argumentos e comentarios adecuados, e avaliando propostas alternativas.
3. Colaborar para lograr un obxectivo, esbozando un asunto ou un problema cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos, especulando sobre causas e consecuencias e comparando as vantaxes e desvantaxes de diferentes enfoques.
4. Participar nunha entrevista con fluidez e naturalidade aportando información complementaria, con pouca axuda ou obténdoa do seu interlocutor malia algúns erros que non interfiren na comunicación.

COMPRESIÓN DE LECTURA

1. Comprender a información específica de textos instrutivos de carácter xeral e riqueza léxica, e sobre temas da propia especialidade que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas moi frecuentes no campo de especialización de que se trate, sempre que poida reler ou usar materiais que axuden a realizar unha interpretación correcta.
2. Ler de forma autónoma informes, textos xornalísticos, literarios e de divulgación científica relativos a temas actuais e nos que os autores adoptan posturas e puntos de vista concretos.
3. Ler textos relativos á interacción social persoal ou profesional, captando o sentido esencial de xeito que lle permita reaccionar adecuadamente.
4. Utilizar estratexias variadas que faciliten a comprensión, superando as limitacións dos recursos lingüísticos propios.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

1. Escribir textos de diversa extensión relacionados con temas propios dos ámbitos persoal, público, educativo e profesional, salientando os aspectos importantes e expresando as propias opinións claramente e con razoable precisión.
2. Escribir textos breves e precisos que conteñan abreviadamente o esencial de textos propios dos ámbitos profesional, público e educativo.
3. Compoñer textos nos que se razoe a favor ou en contra ofrecendo unha visión panorámica e á vez crítica sobre producións ou eventos dos ámbitos público e profesional.
4. Escribir textos que transmitan información obxectiva centrándose en comunicar algún coñecemento e mantendo a divulgación da información como intención principal do texto.

3.2.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE AVANZADO 2

COMPRESIÓN ORAL

1. Comprender monólogos sostidos extensos emitidos en declaracións públicas, conferencias, charlas, informes e outras formas de presentación pública, académica e profesional lingüísticamente complexas.
2. Comprender unha gama ampla de textos audiovisuais en lingua estándar, aínda que sexan emitidos en condicións físicas que supoñan algunha dificultade para a comprensión, sendo quen de identificar os puntos de vista e as actitudes dos falantes.
3. Comprender con detalle o que se lle di cara a cara en conversas e transaccións lingüísticamente complexas, en lingua estándar, mesmo nun contorno ruidoso.

4. Comprender con detalle declaracións e mensaxes, avisos e textos instrutivos lingüisticamente complexos, en lingua estándar, mesmo con ruído de fondo.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

1 Participar en entrevistas de xeito eficaz, con fluidez e naturalidade, tomando a iniciativa e mesmo saíndo das preguntas preparadas, dando respostas interesantes e información complementaria.

2. Falar en público sobre unha ampla gama de temas xerais ou relacionados coa súa especialidade, con descrições e argumentos desenvolvidos sistematicamente e cadeas argumentais razoadas, poñendo énfase nos aspectos significativos e ofrecendo detalles relevantes que sirvan de apoio á exposición, con claridade, fluidez e certa facilidade de expresión, afastándose espontaneamente, se procedese, dun texto preparado.

3. Participar activamente, con fluidez, naturalidade e eficacia en interaccións formais e informais sobre a maioría de temas xerais e da súa profesión defendendo liñas argumentais complexas de xeito convincente, dando suxestións e sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes.

4. Contribuír ao progreso dun traballo ou dunha negociación expoñendo con claridade, fluidez e espontaneidade unha situación dada e as súas ideas e propostas sobre ela, desenvolvendo con precisión e eficacia a súa argumentación.

COMPRESIÓN DE LECTURA

1. Comprender con suficiente detalle instrucións extensas e complexas relativas a distintos ámbitos, así como textos legais habituais da súa vida social, sempre que poida reler as partes difíciles. Ler de forma autónoma informes, textos xornalísticos, literarios e de divulgación científica, aínda que non sexan da súa especialidade, relativos a temas actuais, e comprender información, argumentos, ideas e opinións de fontes especializadas dentro de seu campo de interese.

2. Ler correspondencia formal e informal relativa a todos os ámbitos da vida social captando a información esencial e os detalles necesarios para poder reaccionar adecuadamente.

3. Identificar con rapidez o esencial e detalles relevantes en textos de extensión variada e complexos que versen sobre unha ampla serie de temas con que se estea familiarizado, para realizar con éxito tarefas relativas aos ámbitos tanto persoal e público como en relación coas necesidades específicas de carácter profesional e educativo.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

1. Escribir textos nos cales se transmita información e ideas sobre temas, tanto abstractos como concretos, propios dos diferentes ámbitos, se expliquen problemas ou se argumente sobre eles apoiando os puntos de vista con detalles e exemplos adecuados, e con suficiente claridade e adecuación do rexistro.

2. Escribir informes sobre unha variedade de temas xerais ou relacionados coa propia especialidade nos cales se expoñan uns feitos pasados ou previstos, e se emitan consideracións sobre eles, achegando algún tipo de conclusión e recomendación.

3. Escribir textos que sinteticen información procedente de varias fontes relativas aos ámbitos profesional, público e educativo, axustándose a un formato e rexistro axeitados.

4. Tomar notas ou elaborar esquemas durante unha explicación, conferencia ou evento que permitan reconstruír a continuidade temática do texto ou suceso orixinal.

3.3. CONTIDOS XERAIS BÁSICOS

3.3.1. COMPETENCIAS XERAIS

CONTIDOS NOCIONAIS

A seguinte listaxe inclúe as nocións xerais, é dicir, aquelas que un falante pode necesitar en calquera situación de comunicación. Son pois os conceptos básicos dos que se desglosarán as subcategorías correspondentes cos seus expoñentes lingüísticos en cada idioma para os cursos Nivel Avanzado 1 e Nivel Avanzado 2.

Entidades: Expresión das entidades e referencia ás mesmas.

Nocións existenciais: existencia/non existencia, presenza/ausencia, dispoñibilidade/non dispoñibilidade, calidade xeral, acontecemento, certeza/incerteza, realidade/ficción, necesidade/continxencia/obligación, xeneralidade/especialidade.

Nocións cuantitativas: cantidade numérica, cantidade relativa, aumento, diminución, proporción, grao, medidas (medidas xerais, talle, tamaño, distancia, velocidade, peso, superficie, volume, capacidade, temperatura, presión).

Nocións espaciais: localización, posición absoluta, posición relativa, distancia, movemento, estabilidade, orientación, dirección, orde, orixe.

Nocións temporais: referencias xerais, localización no tempo (presente, pasado e futuro), aspectos de desenvolvemento (simultaneidade, anterioridade, posterioridade, puntualidade, anticipación, retraso, inicio, finalización, continuación, repetición, duración, transcurso, frecuencia, cambio, permanencia, intermitencia, singularidade).

Nocións cualitativas: formas e figuras, dimensións, consistencia, resistencia, textura, acabado, humidade, sequidade, materia, visibilidade, audibilidade, sabor, olor, color, impresións ao tacto, idade, vellez, accesibilidade, limpeza.

Nocións avaliativas: avaliación xeral, valor, prezo, atractivo, calidade, aceptabilidade, adecuación, conformidade, corrección, precisión, claridade, interese, éxito, logro, utilidade, uso, capacidade, competencia, importancia, normalidade, facilidade.

Nocións mentais: reflexión, coñecemento, expresión verbal.

Nocións relacionais: similitude/contraste, posesión e propiedade, relacións entre accións e sucesos.

Nocións lóxicas: conxunción/disxunción, alternancia, equivalencia, oposición / concesión, inclusión / exclusión, comparación, condición, deducción, causa, intención / finalidade, consecuencia / efecto, centrar un tema.

CONTIDOS SOCIOLINGÜÍSTICOS E SOCIOCULTURAIS.

O alumnado deberá adquirir un coñecemento da sociedade e da cultura das comunidades en que se fala o idioma obxecto de estudo, xa que unha falta de competencia neste sentido pode facer fracasar a comunicación. Estes contidos derivan da competencia sociolingüística e sociocultural.

O desenvolvemento destes contidos enmarcarase nunha perspectiva intercultural. Estes contidos deberán considerarse ao elaborar os materiais didácticos, mais non terán que aparecer necesariamente nun apartado específico da programación.

O alumnado do nivel avanzado deberá ser quen de expresarse adecuadamente nunha lingua sociolingüísticamente apropiada ás situacións de comunicación. Debe adquirir a capacidade de abordar a variedade da fala, ademais dun maior control sobre rexistros e modismos.

Os contidos sociolingüísticos para o nivel Avanzado son os seguintes:

- Marcadores lingüísticos de relacións sociais:

- Uso e elección do saúdo.

- Uso e elección das formas de tratamento.

- Convencións para as quendas de palabra.

- Uso e elección de interxeccións e frases interxectivas.

- Normas de cortesía:

- Cortesía positiva (mostrar interese por unha persoa, compartir experiencias e preocupacións, expresar admiración, afecto; prometer favores e servizos, etc.).

- Cortesía negativa (evitar comportamentos ameazantes, ordes, dogmas, expresións categóricas, etc.; expresar arrepentimento, desculparse; utilizar enunciados evasivos).

- Descortesía (brusquidade, franqueza, desprezo, antipatía, queixa forte e reprimenda, ira, impaciencia, afirmación de superioridade).

- Estereotipos e modismos populares:

- Refráns de uso moi frecuente.

- Modismos habituais.

- Expresións coloquiais.

- Expresións de crenzas, actitudes e valores.

- Rexistros:

- Neste nivel espérase que o alumnado sexa capaz de recoñecer e usar expresións propias dos rexistros neutral, solemne, formal, informal, familiar, profesional.

- Diferenzas entre a lingua escrita e oral.

- Dialectos e acentos:

- Marcadores lingüísticos de: clase social, orixe nacional, grupo étnico, grupo profesional.

- Áreas do ámbito sociocultural que se terán en conta:

- A vida cotiá: cociña e alimentos, convencións sociais e comportamentos nos distintos

- establecementos; festividades, celebracións e vacacións; horarios laborais e prácticas de traballo; hábitos e afeccións; medios de comunicación.

- Os servizos públicos: comportamentos e uso de instalacións públicas (deportivas, académicas, culturais, sanitarias, etc...) e espazos públicos (prazas, parques, rúas, etc...); mobiliario urbano;

mantemento e limpeza de espazos públicos; reciclaxe; protección civil (bombeiros, persoal sanitario, etc.).

- As condicións de vida: atención á infancia, a persoas maiores, minusválidos, inmigrantes, a persoas sen recursos económicos, a persoas maltratadas; ONGs, asociacións e institucións sen ánimo de lucro; corpos e instalacións de seguridade (loita contra a drogadicción, a delincuencia, etc.).
- O contorno xeográfico: relación coa natureza e protección do ambiente; parques naturais e rutas; reservas de biodiversidade; urbanismo e organización xeográfica; política forestal e xestión dos recursos; zonas de costa e de interior.
- As relacións persoais: relacións entre sexos; novas formas de relación familiar; relacións de poder e solidariedade; relacións a través das TIC; relacións entre xeracións, relacións con outras clases sociais, razas e comunidades; citas e encontros; saúdos entre coñecidos e descoñecidos; normas de cortesía; grao de permisividade co comportamento dos nenos nos lugares públicos.
- Valores, crenzas e actitudes respecto a: grupos profesionais, riqueza, culturas rexionais, seguridade, política, institucións, minorías, identidade nacional, países, estados e pobos estranxeiros.
- As convencións sociais: vestimenta, protocolos, ofrecer e recibir hospitalidade, ofrecer e pedir axuda, invitar, prestar cousas e cartos, etc.; asistir a convencións, conmemoracións e actos sociais.
- O comportamento ritual: cerimonia e prácticas relixiosas (bautizos, vodas, velorio, etc.); comportamento en representacións e cerimonia públicas; celebracións, festividades, bailes, etc.
- A linguaxe corporal.
- Lingua e sociedade: interferencias lingüísticas; recoñecemento doutras linguas (linguas minoritarias, linguas que comparten o mesmo territorio); promoción e conservación doutras linguas; o plurilingüismo.

COMPETENCIA ESTRATÉXICA.

A competencia estratéxica pon en marcha os procesos cognitivos que posibilitan o desenvolvemento da capacidade de aprender autonomamente e da capacidade de uso eficaz da lingua dela resultante, que leva consigo a superación das dificultades que poidan xurdir ao longo da comunicación. Cómpre axudar o alumnado a comprender a importancia de establecer esta competencia como base para o desenvolvemento da competencia comunicativa e para dirixir a propia aprendizaxe de forma consciente e autónoma.

Forman parte da competencia estratéxica as diferentes estratexias de aprendizaxe e de comunicación.

Dependendo da tarefa, activaranse as correspondentes estratexias, tendo en conta que o maior ou menor grao de aplicación destas redundará na consecución dos obxectivos.

3.3.2. COMPETENCIAS COMUNICATIVAS

3.3.2.1. COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS

CONTIDOS LÉXICO-SEMÁNTICOS

O léxico e as estruturas lingüísticas utilizados adecuaranse aos obxectivos do curso Avanzado 1. Os contidos léxico-semánticos deberán adaptarse ás realidades socioculturais dos países nos que se fala español. Alén dos que se detallan a continuación, considéranse adquiridos os contidos dos mesmos temas correspondentes ao nivel Básico e Intermedio (que o alumnado non presencial pode consultar nesta mesma programación). No entanto, repasaranse tamén nas aulas cando se considere necesario para acadar os obxectivos do nivel Intermedio.

Estes contidos, presentados nunha lista única, serán desenvolvidos ao longo dos dous cursos do Nivel Avanzado:

Identificación persoal: Datos persoais - Títulos e tratamentos - Actividade profesional e ocupación - Documentación - Biografía - Sentimentos - Sensacións - Valores, gustos e intereses.

Vivenda, fogar e contorno: Construción, compra e aluguer - Mudanza e instalación - Tipos de residencia e equipamento, decoración e mantemento - Contorno sociocultural, físico e económico.

Traballo e profesión: Profesións e cargos. Lugares, ferramentas e roupa de traballo. Tarefas que se desenvolven no traballo. Desemprego e busca de traballo. Condicións laborais. Dereitos e obrigas laborais. Conflitos no traballo. Organizacións e asociacións laborais. Seguridade e riscos laborais.

Viaxes: Motivacións e obxectivos. Experiencias persoais. Problemas e incidencias. A conducción: normas de circulación, mantemento e reparación de vehículos, seguros. Modas e tendencias turísticas.

Relacións humanas e sociais: A familia. Celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos. Actitudes e formas de comportarse. Asociacións.

Saúde e cuidados físicos: Protección social. Medicina tradicional e alternativa. Estética.

Educación: Sistema educativo. Innovacións. Problemas e conflitos.

Alimentación: Dieta e nutrición. Gastronomía.

Clima, condicións atmosféricas e ambiente: Paisaxe urbana e rural. Clima. Natureza. Desastres naturais. Ecoloxía e problemas ambientais.

Ciencia e tecnoloxía: Avances científicos e tecnolóxicos. Cuestións éticas e filosóficas. Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

Política e sociedade: Institucións. Formas de goberno, sistemas políticos e de goberno. Conflitos e movementos sociais. Xustiza. Modas e tendencias sociais.

Actividades artísticas: Música e danza. Arquitectura, pintura e escultura. Literatura. Fotografía. Cine e teatro. Novas manifestacións artísticas. Artesanía.

Actividades económicas: Finanzas e bolsa. Impostos e renda. Comercio. Entidades e empresas. Industria e enerxía.

Información e medios de comunicación: Prensa escrita. Televisión e radio. Internet.

CONTIDOS GRAMATICAIS

A ORACIÓN COMPOSTA.

- Enlaces en oracións coordinadas afirmativas e negativas.
- Ampliación e reforzo de estruturas con todo tipo de conectores.
- Correlación temporal nas frases de relativo.
- Oración composta por subordinación: substantivas; adxectivas ou de relativo (usos de *que*, *quien*, *cuyo*).

A ORACIÓN SIMPLE.

- Usos de *se* en oracións impersoais.
- Elementos constituíntes e a súa posición.
- Fenómenos de concordancia.

O SINTAGMA NOMINAL

- Núcleo: Substantivo e pronome (clases, xénero, número, caso). Sistematización e ampliación dos artigos, pronomes (laísmo, leísmo, loísmo), cuantificadores.
- Modificación do núcleo mediante:
 - Sintagma preposicional, modificadores separados por comas (*el niño, de mirada alegre, ...*).
 - Usos simples do vocativo.
- Funcións sintácticas do sintagma (suxeito, obxecto directo, etc).
- Posición dos elementos do sintagma (determinantes + núcleo + modificadores) e fenómenos de concordancia (entre o núcleo + adxacentes).

O SINTAGMA ADXECTIVAL.

- Núcleo: Adxectivo (clases, xénero, número, caso, grao).
- Modificación do núcleo mediante complementos nominais introducidos por preposición (*el libro es fácil de leer*).
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia. Colocación dos adxectivos.
- Funcións sintácticas do sintagma (atributo, etc.).

O SINTAGMA VERBAL.

- Núcleo: verbo (clases, tempo, aspecto, modalidade, voz).
- Formas e valores do infinitivo, xerundio e participio.
- Verbos auxiliares.
- Algúns verbos pronominais.
- Algúns verbos con preposición.
- Perífrases verbais.
- Adxectivos que poden ir con *ser* e *estar*.
- Sistematización dos valores dos tempos e modos verbais recollidos no nivel intermedio 2.
- Modo indicativo:
 - Tempos do presente:
 - Con verbos de opinión e crenza en afirmativo: *creo que...*, *pienso que* + pres. ind.
 - Tempos do pasado:
 - Valores do pretérito imperfecto: usos para describir.
 - Futuro imperfecto.
 - Condicional simple: probabilidade no pasado (*serían las diez*).
 - Pretérito pluscuamperfecto
 - Pretérito perfecto

Pretérito indefinido

Condicional composto. Formas e algúns valores: probabilidade no pasado e hipóteses nas condicionais.

- Modo subxuntivo:

Usos do presente: oposición presente-imperfecto.

Estilo indirecto + presente (quero que te vayas).

Pretérito imperfecto de subxuntivo. Formas: paradigma dos verbos regulares nas tres conxugacións; formas en –ra e –se.

Estilo indirecto + imperfecto (me pediu que te fueras/ fueses).

Pretérito perfecto de subxuntivo. Forma: conxugación do verbo haber. Participios regulares e irregulares máis cotiáns.

Pretérito pluscuamperfecto. Formas: conxugación do verbo haber. Participios regulares e irregulares máis cotiáns.

- Imperfecto de cortesía.
- Expresar condicións e consecuencias hipotéticas.
- Falar dunha calidade.
- Imperativo: consolidación do imperativo afirmativo e negativo.
- Imperativos lexicalizados de uso frecuente. Repeticións do imperativo.
- Formas non persoais: o infinitivo con valor de substantivo: Cantar no me gusta; xerundio con valor adverbial: Salió llorando de la película; participio con valor adxectivo: Lo escuché impresionada.
- Perífrases verbais de infinito e xerundio de uso frecuente.
- Distinción SER/ESTAR.
- Pasiva reflexa: Se alquila piso.
- Modificadores do núcleo: negación, etc.
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia. Concordancia Suceso- verbo.
- Funcións sintácticas do sintagma. A orde dos elementos no sintagma.
- Modificadores do núcleo: negación, etc.
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.
- Funcións sintácticas do sintagma (verbo, suceso, etc.). Verbo -complementos (OD, OI, CC, atributo, complemento axente, complemento predicativo).

O SINTAGMA ADVERBIAL.

- Núcleo: Adverbios e locucións adverbiais (clases, grao). Repaso.
- Modificación do núcleo: Mediante sintagma adverbial, preposicional...
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.
- Funcións sintácticas do sintagma (complemento circunstancial, etc.)

O SINTAGMA PREPOSICIONAL.

- Núcleo: Preposición e locucións preposicionais (clases). Repaso.
- Modificación do núcleo.
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.
- Funcións sintácticas do sintagma (complemento de réxime, etc.).

CONTIDOS ORTOGRÁFICOS

- O alfabeto/os caracteres.
- Representación gráfica de fonemas e sons.
- Ortografía de palabras estranxeiras.
- Uso dos caracteres nas súas diversas formas (maiúsculas, minúsculas, cursiva, etc.).
- Signos ortográficos (acento, apóstrofo, diérese, guión, etc.).
- División das palabras ó final da liña. Estrutura silábica.

CONTIDOS FONÉTICOS

- Sistematización destes contidos.
- Sons e fonemas vocálicos e as súas combinacións. Recoñecemento e produción de ditongos, tritongos e hiatos.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Función expresiva dos rasgos acústicos dos fonemas, entoación e ritmo.
- Procesos fonolóxicos.
- Acento fónico/tonal dos elementos léxicos illados. O grupo fónico e a entoación.

- Sistematización do acento e da tonicidade.
- Recoñecemento das variedades de pronunciación e entoación en España e Hispanoamérica.

2.3.2.2. COMPETENCIA SOCIOLINGÜÍSTICA

Un enfoque centrado no uso do idioma supón necesariamente a súa dimensión social. Para que a comunicación sexa eficaz, o usuario da lingua non só ten que coñecer os recursos dispoñíbeis, senón tamén saber utilízalos axeitadamente en cada contexto. Neste sentido, enténdese que a competencia sociolingüística consiste na capacidade do usuario de interpretar diferentes situacións e comportarse nelas de forma axeitada. As alumnas e os alumnos deben adquirir as competencias sociolingüísticas que lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado. Entre estas encóntranse marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos e modismos populares, rexistros, dialectos e acentos.

2.3.2.3. COMPETENCIAS PRAGMÁTICAS

As competencias pragmáticas refírense ao coñecemento dos principios segundo os cales as mensaxes se utilizan para realizar funcións comunicativas («competencia funcional»), se organizan, se estruturan e se ordenan («competencia discursiva»), e se secuencian segundo esquemas de interacción e de transacción («competencia organizativa»).

A) CONTIDOS FUNCIONAIS

Os contidos funcionais que se presentan responden aos obxectivos dos cursos Nivel Avanzado 1 e Nivel Avanzado 2 e fórmulanse en termos de expresión, pero considérase que inclúen tamén a comprensión e a interacción respectivas.

- Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; apostilar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento; expresar dúbida; expresar escepticismo; expresar unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; lembrarlle algo a alguén; rectificar; replicar; supoñer.
- Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder; admitir; consentir; expresar a intención ou vontade de facer algo; invitar; xurar; negarse a facer algo; ofrecer algo; ofrecer axuda; ofrecerse a facer algo; prometer; retractarse.
- Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que o/a destinatario/a faga ou non faga algo, tanto se isto é á súa vez un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; exixir; intimidar; ordenar; pedir algo (axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo); negarlle permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; lembrarlle algo a alguén; restrinxir; solicitar; suxerir; suplicar.
- Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes respecto dos demais: aceptar e declinar unha invitación; agradecer; atraer a atención; compadecerse; dar a benvinda; despedirse; expresar condolencia; felicitar; facer cumprimentos; insultar; interesarse por alguén ou por algo; invitar; pedir desculpas; presentarse e presentar alguén; rexeitar; saudar.
- Funcións ou actos de fala expresivos, con que se expresan determinadas situacións: acusar; expresar admiración, ledicia ou felicidade, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, preferencia, resignación, satisfacción, sorpresa, temor, tristeza; defender; exculpar; lamentar; reprochar.

B) CONTIDOS DISCURSIVOS

COHERENCIA E COHESIÓN

O alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan producir e comprender textos coherentes e cohesionados, pois para que un texto teña validez desde o punto de vista comunicativo debe ser coherente, é dicir, adecuar o texto ao contexto de comunicación, e debe presentar unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.

TIPOLOXÍA DE TEXTOS

O texto é calquera secuencia de discurso (falado ou escrito) relacionada cun ámbito específico e que durante a realización dunha tarefa constitúe o eixe dunha actividade de lingua, ben como apoio ou meta, ben como produto ou como proceso.

Este apartado inclúe un repertorio de textos orais e escritos. A complexidade de cada un deles deberá ser adaptada aos obxectivos propios do nivel.

Oral

- Adiviñas.
- Anuncios publicitarios na radio e na televisión e informacións por megafonía.
- Cancións.
- Conferencias, relatorios, presentacións e declaracións públicas.
- Conversas cara a cara e en grupo: formais e informais, transaccionais.
- Conversas telefónicas: formais e informais; transaccionais.
- Debates e discusións públicas.
- Discursos e conferencias.
- Discusións formais.
- Enquisas e cuestionarios.
- Entrevistas laborais, académicas, médicas, xornalísticas.
- Instrucións.
- Instrucións e indicacións detalladas.
- Mensaxes en contestadores automáticos.
- Representacións teatrais.
- Reunións de traballo.
- Textos audiovisuais: películas, programas de TV ou de radio, noticias, informativos, documentais, material gravado.
- Textos humorísticos: chistes, etc.

Escrito

- Actas.
- Adiviñas.
- Anuncios publicitarios (en valados e paneis, na prensa escrita, internet, etc.) e anuncios por palabras.
- Biografías.
- Catálogos.
- Bandas deseñadas e tiras cómicas.
- Composicións escritas.
- Convocatorias.
- Correspondencia persoal e formal (cartas comerciais, reclamacións, pedidos, faxes, mensaxes electrónicas, invitacións, felicitacións, condolencias, agradecemento, escusa, etc.).
- Currículo.
- Dicionarios e tesaurus. Dicionarios monolingües.
- Documentos comerciais (acordos, contratos, facturas, albarás, cartas comerciais, extractos bancarios).
- Documentos oficiais ou legais (formularios, impresos, instancias, avisos, denuncia, solicitude, reclamación, recurso, citación...).
- Enquisas e cuestionarios.
- Guías de viaxe.
- Guións.
- Informes.
- Libros de texto.
- Manuais de instrucións e prospectos.
- Memorias e informes.
- Mensaxes en foros virtuais, blogs, etc.
- Receitas de cociña.
- Recensións en xornais e revistas.
- Regulamentos e instrucións públicas.
- Resumos e sínteses. Apuntamentos.
- Textos humorísticos: chistes, etc.
- Textos literarios (contos, relatos breves, novelas, poemas, obras teatrais).
- Textos xornalísticos (noticias, reportaxes, crónicas, cartas ao director, artigos de opinión, editoriais, necrolóxicas, recensións, entrevistas).
- Traballos escolares e académicos.

3.4. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS POR CUADRIMESTRES

3.4.1. AVANZADO 1

O ano académico 2011-2012 divídese en dous cuadrimestres:

- O primeiro cuadrimestre comprenderá desde o 19 de setembro ata o 27 de xaneiro.
Impartiranse as unidades 1-5 de *Aula Internacional 4*.
A proba de avaliación de progreso terá lugar entre os días 30 de xaneiro e o 9 de febreiro.
- O segundo cuadrimestre comprenderá desde a realización da proba de progreso ata o 23 de xuño.
Impartiranse as unidades 6-10 de *Aula Internacional 4*.

A programación de aula poderá ser modificada ao longo do curso en función das necesidades do alumnado.

CURSO	LIBRO DE TEXTO	LECTURA RECOMENDADA
AVANZADO 1	<i>Aula 4 Internacional. Curso de español.</i> Editorial Difusión, Barcelona, 2007. ISBN: 978-84-8443-234-0	Se determinarán en función de los gustos e intereses del alumnado.

Programación de AVANZADO 1

1º CUADRIMESTRE	Contidos gramaticais, léxicos e fonéticos	Contidos funcionais	Tipos de textos	Outros contidos
Unidad 1: "Maneras de vivir" Tarea final: Diseñar un paraíso donde vivir.	Pretérito imperfecto de subjuntivo Algunos verbos con preposición Correlación de tiempos en las frases de relativo Usos de <i>por</i> y <i>para</i> Vocabulario para hablar de cualidades	Hablar de sentimientos, del carácter y de la personalidad Dar consejos Hacer propuestas Expresar condiciones y deseos Hablar de las cualidades de personas y objetos	Tipos de textos Reportajes Blog Definiciones	Conectores para añadir, matizar, contraponer y desmentir
Unidad 2: "Así pasó" Tarea final: Escribir la crónica de un suceso	Construcciones temporales Usos del Imperfecto de indicativo Usos del Imperfecto de subjuntivo Combinación de tiempos de pasado Usos del Gerundio Colocación del adjetivo Léxico del ámbito	Comprender y referir eventos pasados Transmitir peticiones y advertencias	Crónicas Noticias y titulares Fragmento de una novela	Marcadores temporales

	de las crónicas en los medios de comunicación			
Unidad 3: “¿Y tú qué opinas?” Tarea final: Celebrar una asamblea popular	creo que + IND. no creo que + SUBJ. es una tontería... + IND/ SUBJ solo si / siempre que... eso de... Léxico del ocio, del turismo y de las características de ciudades y pueblos	Expresar opiniones Valorar opciones Poner condiciones Expresar acuerdo o desacuerdo Argumentar opiniones Aludir a temas o intervenciones	Anuncios publicitarios Artículos Fragmentos de novelas	Conectores para secuenciar argumentos
Unidad 4: “Se valorará la experiencia” Tarea final: Establecer las condiciones para una convocatoria	Oraciones impersonales con se Construcciones relativas es imprescindible + INF / que + SUBJ Usos de las oraciones pasivas Pretérito perfecto de subjuntivo Usos del Infinitivo compuesto Vocabulario del ámbito artístico y de las convocatorias	Expresar condiciones y establecer requisitos	Noticia Entrevista Convocatorias Relato breve	Algunas diferencias entre la lengua oral y la lengua escrita
Unidad 5 “ La vida es puro teatro” Tarea final: Escribir una escena para una	Construcciones temporales Algunas perífrasis verbales Verbos	Describir acciones, movimientos y la situación de las personas y las cosas Describir estados de	Fragmentos de obras teatrales	Marcadores temporales

obra de teatro.	pronominales Usos de poner y quedar Léxico del ámbito del teatro y de actividades cotidianas	ánimo Hablar de la postura corporal		
Unidad 6 “Dijiste que lo harías” Tarea final: Juzgar si dos personas han cumplido una serie de compromisos	para + INF/ PRES/IMPERF. de SUBJ. no es que (no) + IMP. SUBJ., es que... Partículas temporales + PRES/IMPERF. de SUBJ. Usos de se Vocabulario del ámbito de la televisión	Expresar finalidad Expresar intencionalidad Aludir a promesas en estilo indirecto Expresión de involuntariedad Reclamar el cumplimiento de un compromiso	Presentación en internet de un canal de televisión Programación televisiva Carta de protesta Relatos breves Artículo de opinión	Formación de palabras: adjetivos con prefijos

2º CUADRIMESTRE	Contidos gramaticais, léxicos e fonéticos	Contidos funcionais	Tipos de textos	Outros contidos
U. 7 “Lugares con encanto” Tarea final: Escribir un texto poético sobre la ciudad donde estudiamos español	Oraciones de relativo Participio en las relativas Verbos de percepción y de opinión Vocabulario para describir ciudades y del ámbito de los viajes	Hablar de ciudades Hablar de creencias e informaciones previas sobre algo Expresar sentimientos positivos, negativos o neutros sobre algo	Guías de viajes Web de viajes Artículo periodístico Fragmento de novela	Contidos sociales y culturales de la ciudad de Santiago
U. 8 “Antes de que sea tarde” Tarea final: Crear una campaña de concienciación sobre algún problema	Construcciones temporales dicho, el citado, tal... Vocabulario del medioambiente	Narrar en presente, pasado y futuro Expresar obligaciones	Campañas publicitarias Noticias y artículos periodísticos Poemas	Recursos léxicos y gramaticales de cohesión Formación de sustantivos
U. 9 “Vivir para trabajar”	Subordinadas concesivas	Describir una empresa	Reportajes	Recursos para reformular: es más, o

Tarea final: Escribir una página de presentación para la web de una empresa	Vocabulario del ámbito del trabajo y de los sentimientos	Hablar de un trabajo	Web de una empresa Fragmento de novela	sea... Conectores para ejemplificar Características de los textos formales escritos
U. 10 "Como no lo sabía..." Tarea final: Juzgar decisiones y sus consecuencias	Combinaciones de pronombres: se lo Pret. Pluscuamperfecto de Subj. Condicional compuesto Vocabulario del ámbito de la educación	Valorar hechos pasados Hablar de hechos no realizados en el pasado y de sus consecuencias Hacer reproches Transmitir lo que otros dijeron en el pasado Hablar de habilidades	Reportajes Noticias Cuento	Conectores de causa y consecuencia

3.4.2. AVANZADO 2

O ano académico 2011-2012 divídese en dous cuatrimestres:

- O primeiro cuatrimestre comprenderá desde o 19 de setembro ata o 27 de xaneiro.
Impartiranse as unidades 1-6 de *En acción 3*.
A proba de avaliación de progreso terá lugar entre os días 30 de xaneiro e o 9 de febreiro.
- O segundo cuatrimestre comprenderá desde a realización da proba de progreso ata o 23 de xuño.
Impartiranse as unidades 7-12 de *En acción 3*.

A programación de aula poderá ser modificada ao longo do curso en función das necesidades do alumnado.

CURSO	LIBRO DE TEXTO	LECTURA RECOMENDADA
Avanzado 2	<i>En acción 3</i> . Editorial En clave ELE, Madrid, 2010. ISBN: 978-84-96942-80-6	Se determinarán en función de los gustos e intereses del alumnado.

Programación de AVANZADO 2

1º CUADRIMESTRE	Contidos gramaticais, léxicos e fonéticos	Contidos funcionais	Tipos de textos	Outros contidos
U. 1 "Nuevas caras"	lo encuentro, parece, resulta... no tengo muy claro que + SUBJ estoy contigo en que...	Hablar de la impresión que nos produce una persona Expresar acuerdo y desacuerdo Hablar del pasado, presente o futuro	Instrucciones Tests psicológicos Artículos de revistas Conversaciones Blogs	Temas de actualidad Televisión Las relaciones entre profesores y alumnos

	<p>es un poco / no es muy + ADJ</p> <p>Léxico del carácter</p>	<p>Reaccionar ante lo que nos cuentan</p> <p>Valorar hechos u opiniones</p> <p>Suavizar una crítica</p>	<p>Artículo científico</p>	
<p>U. 2</p> <p>“Pequeñas grandes historias”</p>	<p>Imperfecto-Indefinido</p> <p>Recursos temporales</p> <p>Imperfecto de subjuntivo</p> <p>debió de ser/ tiene pinta de haber sido...</p>	<p>Contar historias y anécdotas</p> <p>Hablar de personajes</p> <p>Describir en pasado</p> <p>Hablar de distintas etapas de la vida</p> <p>Hablar de algo de lo que no se está seguro</p> <p>Expresar sentimientos e impresiones del pasado</p>	<p>Títulos</p> <p>Microrrelatos y cuentos</p> <p>Biografías</p> <p>Programas radiofónicos</p> <p>Tertulias</p> <p>Artículo informativo</p> <p>Anécdotas</p>	<p>Algunos conectores</p> <p>Marcadores de cambio</p> <p>Hábitos de lectura</p> <p>Personajes del S.XX</p>
<p>U. 3</p> <p>“Escapadas”</p>	<p>Oraciones de relativo con preposición</p> <p>Léxico de lugares y paisajes, tiempo libre, ocio y estrés</p> <p>Usos del presente y del imperfecto de subjuntivo</p>	<p>Expresar la causa de algo</p> <p>Hablar de hábitos</p> <p>Describir lugares</p> <p>Dar consejos y hacer sugerencias</p> <p>Hablar de sentimientos del presente y del pasado</p>	<p>Guía de restaurantes</p> <p>Entrevista periodística</p> <p>Artículos</p> <p>Grabaciones en contestadores</p> <p>Entrevista radiofónica</p> <p>Conversación</p> <p>Texto divulgativo</p>	<p>Conectores causales</p> <p>Actividades de tiempo libre</p> <p>Ritmos de vida</p> <p>Diferencias entre culturas</p>
<p>U. 4</p> <p>“A trabajar”</p>	<p>Vocabulario del aprendizaje</p> <p>Hipótesis</p> <p>Usos del subjuntivo</p> <p>Usos del condicional</p>	<p>Hablar de la experiencia profesional y de la formación</p> <p>Hablar de situaciones hipotéticas</p> <p>Expresar deseos</p> <p>Dar consejos</p> <p>Hablar de aficiones</p> <p>Hablar de</p>	<p>Test</p> <p>CV</p> <p>Anuncios de trabajo</p> <p>Entrevistas de trabajo</p> <p>Webs</p> <p>Artículos</p> <p>Listas</p>	<p>Conectores</p> <p>Currículum vitae europeo</p>

		condiciones laborales		
U. 5 "Aquí no hay quien viva"	Vocabulario del ámbito de la casa y del vecindario Usos del futuro Vocabulario del ámbito de la contratación de servicios y la atención telefónica Recursos para transmitir preguntas, etc.	Describir una avería Hablar de un conflicto Relatar lo que otros han dicho Expresar normas Expresar quejas Expresar condiciones y restricciones Hacer consultas telefónicas	Conversaciones telefónicas Acta Normas de convivencia Notas de incidencia Blog Mensajes en un foro Carta de reclamación Texto divulgativo	Diferencias entre las normas de convivencia
U. 6 "¿Tú qué opinas?"	Usos del futuro Usos del subjuntivo Vocabulario del ámbito de la televisión	Expresar probabilidad Hacer hipótesis Valorar información Expresar opinión Argumentar	Textos periodísticos Webs Carta al director Texto argumentativo Entrevista y debate radiofónicos Artículo	Los medios de comunicación Conectores

2º CUADRIMESTRE	Contidos gramaticais, léxicos e fonéticos	Contidos funcionais	Tipos de textos	Outros contidos
U. 7 "Por amor al arte"	Vocabulario del ámbito del arte y del cine es como si+ SUBJ Usos del subjuntivo Imperativo con pronombres de CD y de CI	Expresar sensaciones Expresar opiniones Elogiar una obra de arte Emitir un juicio de valor Proponer soluciones	Entradas de museos Exposición de un guía de un museo Petición de información al teléfono Conversación Blog Eslóganes y	Arte contemporáneo hispano

			mensajes publicitarios Teletipo	
Unidad 8 “Queremos cambiar el mundo”	Vocabulario sobre temas sociales y medio ambiente Usos del presente y del imperfecto de subjuntivo Usos del condicional Futuro compuesto	Expresar deseos para el futuro Expresar finalidad Expresar acuerdo y desacuerdo Relacionar cronológicamente en el futuro Hablar de cambios en las personas Argumentar, matizar y aclarar una opinión	Titulares de prensa Foros Debate radiofónico Artículo Mensaje electrónico Folleto Conversación Entrevista escrita	Conectores Asociaciones Temas medioambientales
Unidad 9 “La salud es lo primero”	Vocabulario relacionado con la salud, la anatomía, los medicamentos y las enfermedades Usos del condicional para hacer hipótesis (futuro) Oraciones condicionales Vocabulario de profesiones relacionadas con la salud	Referirse al uso de algo Referirse a hechos constatados Hablar de salud Dar consejos Hacer hipótesis Expresar condiciones para el futuro Reaccionar ante una información desconocida	Programa radiofónico Conversación formal Artículo divulgativo Receta médica Página web Discurso formal Eslóganes Biografías	Salud y medicina Premios Príncipe de Asturias
Unidad 10 “Ciudades en movimiento”	habría que... + INF./SUBJ. Usos del imperfecto de subjuntivo por si en caso de que... + SUBJ. Vocabulario relacionado con el aeropuerto y la circulación	Hablar de requisitos Expresar deseos y peticiones Expresar probabilidad y condiciones	Artículos Instrucciones de un directivo Carta al director de una asociación de vecinos Lista de infracciones Programa radiofónico Carteles informativos y	Sistema de tráfico en España Sistema de transportes

	no hay nadie que... siempre y cuando...		señales Encuesta	
Unidad 11 “¡Cómo hemos cambiado!”	Verbos de influencia Nociones temporales Léxico de la vida personal Léxico de las modas y del aspecto físico Condicional compuesto Pretérito pluscuamperfecto de subjuntivo Léxico de inventos científicos y artísticos	Hablar de cambios experimentados Expresar condiciones en el pasado Expresar deseos y sueños pasados Expresar la finalización de algo Hablar de acontecimientos que han cambiado nuestras vidas Expresar condiciones en el pasado	Página web Conversación informal Adivinanzas Entrevista Artículo Entrevista Anécdotas orales	Aportaciones culturales del mundo hispano Personajes famosos
Unidad 12 “Estamos conectados”	Vocabulario de las NNTT Usos del imperfecto de indicativo Usos del imperfecto de subjuntivo Vocabulario de los regalos	Expresar la opinión Agradecer Narrar Referirse a una información previa Hablar de cosas inolvidables Expresar deseos para el futuro	Noticias Foro de internet Carta de despedida y agradecimiento Tarjetas Conversación informal	Nuevas tecnologías Regalos

4. AVALIACIÓN

A avaliación dos niveis básico, intermedio e avanzado das ensinanzas de idiomas de réxime especial rexeráse pola Orde do 8 de setembro de 2008.

4.1. NATUREZA DA AVALIACIÓN

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten por obxecto valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado de forma que permita obter a certificación no idioma correspondente e, se é o caso, a adopción das medidas oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe. As probas de avaliación serán elaboradas para verificar o grao de dominio en cada unha das destrezas lingüísticas, sen prexuízo do seu tratamento global no proceso de ensino aprendizaxe.

Ademáis da avaliación de progreso, promoción e certificación, que se explican no apartado seguinte, levaranse a cabo as seguintes avaliacións:

Avaliación de diagnóstico

1. Data: a principio de curso
2. Que se avalía: o coñecemento inicial das competencias lingüísticas, sociolingüísticas e pragmáticas do alumnado.
3. Como se avalía: a través dunha proba, dunha enquisa e/ou da observación e análise das tarefas realizadas polo alumnado.
4. Para que se avalía: para coñecer a situación de partida do alumnado. Este coñecemento é moi importante nos cursos de idiomas, por mor da diversidade de formas de acceso que existen e das distintas procedencias e graos de competencia do alumnado. Coñecer toda esta diversidade permitiralle á profesora elaborar actividades específicas para tratar algún aspecto que non dominan todos, prever aqueles aspectos da programación que cómpre tratar dun modo especial e propoñerlle tarefas individualizadas a quen o precise.
5. Como se considera: establece un punto de referencia individual e do grupo que permitirá valorar o progreso. Ten valor informativo, tanto para o profesorado como para o alumnado.

Autoavaliación

- Nun primeiro momento será coavaliación porque se lle debe ensinar ao alumnado a avaliarse e pouco a pouco estará capacitado para facelo con obxectividade.
- Para que se avalía: supón unha reflexión sobre o proceso de aprendizaxe e sobre a forma máis eficaz de aprender que ten cada persoa.
- Como se avalía: Os instrumentos de autoavaliación serán as grellas para avaliar tarefas realizadas na aula de modo individual e en grupos e os descritores do Portfolio. Os criterios de autoavaliación réxense polos obxectivos establecidos para cada actividade e polos obxectivos e criterios da programación.
- Como se considera: non ten validez para a cualificación final, pero é moi importante para o alumnado porque exige unha reflexión sobre a lingua, sobre a súa capacidade para usala e sobre o propio proceso de aprendizaxe.

Avaliación continua

- Que se avalía: a consecución dos obxectivos establecidos para as unidades tratadas ata ese momento. Informará tamén sobre as actitudes, a motivación, o traballo, a participación, etc.
- A valoración do traballo realizado na aula ou fóra dela non terá necesariamente un resultado numérico; será suficiente comparar as novas tarefas coas anteriores para medir o progreso de cada alumno.
- Para que se avalía: para que a profesora e a/o alumna/o teñan coñecemento do progreso, isto permitiralle ao primeiro establecer as correccións precisas, tanto de método como de programación, para mellorar o proceso de aprendizaxe. Ao segundo permitiralle ser consciente da súa evolución, comprender que tipo de actividades son máis adecuadas para el, que destrezas ten que mellorar; en definitiva faino máis consciente da súa situación e da súa aprendizaxe.
- Como se considera: ao tratarse dun curso que remata cun certificado, a avaliación que se fai ao longo do curso non ten validez para a nota final e a consecución deste. Ten só carácter informativo, tanto para o profesorado como para o alumnado.

4.2. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

As normas de avaliación aplicables para o curso 2011/2012 son as que recolle a Orde do 8 de setembro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Pódese consultar a normativa vixente na páxina web da EOI (www.eoisantiago.org) e no portal educativo da Xunta de Galicia (www.edu.xunta.es).

A avaliación do grao de dominio das diferentes destrezas realizarase mediante a tipoloxía de probas que se establece a continuación:

1. **Proba parcial de progreso:** os departamentos didácticos realizarán esta proba ao alumnado presencial en todos os cursos dos diferentes niveis. Esta proba farase, con carácter xeral, ao finalizar o primeiro cuatrimestre.
2. **Proba final de promoción:** nos cursos non terminais de nivel o alumnado realizará unha proba final global elaborada polo correspondente departamento, que avaliará o grao de consecución dos obxectivos do curso.
3. **Proba terminal de certificación:** nos cursos terminais de nivel o alumnado realizará unha proba que será común a todas as modalidades e réximes de ensino en cada escola, e na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel.

4.2.1. PROBA PARCIAL DE PROGRESO E PROBA FINAL DE PROMOCIÓN

Características xerais, estrutura e organización

1. Estas dúas probas serán elaboradas, administradas e corrixidas polo profesorado dos departamentos didácticos. A proba parcial de progreso deberá elaborarse e ser corrixada de acordo coas especificacións establecidas por cada departamento. As probas de promoción terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixidas polo profesor ou profesora correspondente.

2. A proba parcial de progreso realizarase ao finalizar o primeiro cuadrimestre. Nos cursos non terminais de nivel terá un valor porcentual do 30% respecto da cualificación final en cada unha das destrezas, e nos cursos que sexan terminais de nivel terá unicamente valor orientativo para o alumnado e servirá ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

3. No mes de xuño, nos cursos non terminais de nivel, celebrarase unha proba final de promoción que terá un valor porcentual do 70% respecto da cualificación final en cada unha das destrezas. No caso de que a cualificación da proba final de promoción sexa superior á da proba de progreso, prevalecerá aquela. Do mesmo xeito, esta proba final de promoción terá un valor de 100% para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua.

4. A proba final de promoción realizarase no mes de xuño en convocatoria ordinaria e no mes de setembro en convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria de xuño. Esta proba extraordinaria realizarase nos primeiros dez días de setembro e terá un valor do 100% para todo o alumnado.

Baremo e cualificación das probas

1. Tanto a proba parcial de progreso como a proba final de promoción terán un valor de 100 puntos, e cada unha das súas catro partes 25 puntos.

2. Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos en cada unha das destrezas.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, o alumnado promocionará de curso cando, non tendo superado unha das destrezas, acade un mínimo de 10 puntos nela e 60 puntos na totalidade da proba.

4. O alumnado que non promocione deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as destrezas.

4.2.2. PROBAS TERMINAIS ESPECÍFICAS DE CERTIFICACIÓN

Para obter o certificado do nivel básico, intermedio ou avanzado será necesaria a superación dunha proba terminal específica de certificación, común para todas as EOI de Galicia tanto para o alumnado oficial como para o libre.

Esta proba será elaborada por un equipo de redactores designados pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. A súa administración, corrección e cualificación serán responsabilidade do departamento de español de cada EOI.

Realizarase unha convocatoria ordinaria no mes de xuño e unha extraordinaria en setembro, nas mesmas datas e horario en todas as EOI da Comunidade.

As persoas non escolarizadas nas EOI na modalidade presencial que desexen realizar a proba por libre para obter o certificado deberán facer a inscrición no período correspondente (aproximadamente en febreiro-marzo).

Esta proba mide o grao de dominio dos alumnos no uso da lingua, o que cadaquén sabe facer tomando como referencia a descrición do nivel e os obxectivos establecidos por destrezas. O nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nela estableceranse con función dos obxectivos e criterios de avaliación descritos no currículo e nesta programación.

A proba constará de catro partes: comprensión lectora, comprensión oral, expresión e interacción escrita e expresión e interacción oral. A mediación poderá integrarse nas tarefas correspondentes á expresión e interacción escrita e á expresión e interacción oral.

As probas de comprensión de lectura e comprensión oral basearanse en textos auténticos ou adaptados de linguaxe real extraídos das diferentes fontes de comunicación oral ou escrita; as tarefas avaliarán tanto a comprensión global como a comprensión de aspectos máis particulares de cada un dos textos.

A proba de expresión escrita consistirá na produción de textos de diferente tipoloxía e rexistro.

A proba de expresión e interacción oral constará das tarefas necesarias para avaliar tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística no uso da lingua, e comprenderá monólogo sostido e interacción coa profesora ou con outros aspirantes.

As probas de expresión e interacción escrita e oral serán cualificadas por un tribunal constituído por dúas profesoras do departamento como mínimo.

O alumnado examinarase de todas as partes da proba e ningunha delas será considerada eliminatoria ou requisito necesario para a realización das restantes.

A cualificación outorgada será de apto, non apto ou non presentado, segundo corresponda. En calquera caso non poderá figurar Non presentado na avaliación ordinaria do alumnado presencial.

A puntuación total desta proba será de 100 puntos, 25 para cada unha das catro partes (correspondentes ás catro destrezas).

Para obter a cualificación de apto e o certificado de nivel intermedio é preciso superar as catro partes da proba. Considérase superada a destreza que obteña unha puntuación mínima de 15 puntos (60%).

A cualificación de apto na proba terminal de certificación do nivel intermedio permitirá o acceso ao nivel avanzado.

De obter a cualificación de non apto, o alumnado oficial deberá repetir curso e superar todas as destrezas e poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre do anos establecidos pola lexislación para cada un deles. Logo de esgotar as convocatorias, non poderá cursar as ensinanzas en réxime presencial pero sempre poderá inscribirse para realizar as probas de certificación.

Os alumnos que non obteñan a cualificación de apto na proba de certificación por non superaren todas as destrezas poderán solicitar un certificado no que consten as que si superaron.

O departamento garantirá que o alumnado dispoña de información completa sobre a estrutura, contido, criterios de avaliación e cualificación de todas as probas, así como das condicións e prazos de reclamación sobre a cualificación destas. Toda a información relativa ás probas de certificación (baremos, porcentaxes e criterios de corrección, etc.) recollida no documento de especificacións das probas correspondentes ao curso 2009-2010, será publicada na páxina web da EOI cando sexa remitido ao centro desde a Consellaría.

O alumnado que estea matriculado na modalidade presencial poderá inscribirse para realizar as probas terminais de certificación na mesma convocatoria e idioma en niveis diferentes aos que estea cursando. Para a obtención do certificado dun nivel determinado non se requirirá a superación do certificado do nivel ou niveis anteriores.

Os puntos principais da normativa anteriormente citada pódense resumir na seguinte táboa:

	PROBAS				modalidade	
	febreiro parciais	xuño finais ordinaria	setembro extraordinaria	elaborador das probas	presencial	libre
Básico 1 A1	de progreso (30%)	de promoción (70%)	(100%)	Departamento	X	
Básico integrado A2	só valor orientador	de certificación (100%)	(100%)		X	X
Intermedio integrado B1	só valor orientador	de certificación (100%)	(100%)		X	X
Avanzado 1 B2.1	de progreso (30%)	de promoción (70%)	(100%)	Departamento	X	
Avanzado 2 B2	só valor orientador	de certificación (100%)	(100%)		X	X

4.2.3. CONVOCATORIA DAS PROBAS

As datas e o horario das probas terminais de certificación serán fixadas pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, que establecerá anualmente o calendario de probas; as das probas parciais de progreso e finais de promoción, pola EOI.

As probas parciais de progreso do curso 2011-2012 realizaranse entre o 30 de xaneiro e o 9 de febreiro de 2012, ambos os dous incluídos.

As probas finais de promoción (nivel avanzado I) realizaranse no mes de xuño (convocatoria ordinaria) e no mes de setembro (convocatoria extraordinaria).

As probas terminais de certificación (niveis básico integrado, intermedio integrado e avanzado II) realizaranse no mes de xuño (convocatoria ordinaria) e no mes de setembro (convocatoria extraordinaria).

Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria.

Os días e horario concretos serán anunciados nos taboleiros das aulas correspondentes, na vidreira da entrada da EOI e na súa páxina *web*.

O alumnado que estea matriculado na modalidade presencial poderá inscribirse para realizar as probas terminais de certificación na mesma convocatoria e idioma en niveis diferentes aos que estea cursando.

4.2.4. ASISTENCIA

1. O alumnado oficial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos para cada un deles pola lexislación vixente. Logo de esgotadas as convocatorias o alumnado non poderá cursar as ensinanzas en réxime presencial pero poderá inscribirse para realizar as probas terminais de certificación polo réxime libre.

1. O alumnado oficial presencial non poderá superar un número de faltas sen xustificar superior ao 20% das horas totais do curso. De facelo, nos cursos non finais de nivel perderá o dereito á que se teña en conta a cualificación da proba de progreso do mes de febreiro e á valoración da súa participación nas actividades lectivas. En todo caso, o alumnado terá dereito a realizar a proba final de promoción ou a terminal de certificación.

3. O alumnado que non se incorpore ao curso correspondente nos primeiros dez días lectivos sen xustificación documentada perante a dirección, perderá a condición de alumno oficial e a escola poderá dispoñer da súa praza para ser cuberta por outros aspirante

4.3. ALUMNADO CON DISCAPACIDADE

A organización, aplicación e avaliación das probas para obter as certificacións por parte do alumnado con discapacidade basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, na realización das probas deberanse adaptar, se é o caso, a duración e as condicións de realización.

4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR DESTREZAS

4.4.1. ACCESO DE BÁSICO 1 A BÁSICO 2

COMPRESIÓN ORAL

1. Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas frecuentes que se refiren ao ámbito persoal sempre que se fale con lentitude e con claridade.

2. Seguir un texto breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.

3. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.

4. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade.

5. Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

1. Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.

2. Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo e sobre outras persoas, e expresar gustos, preferencias e intereses sobre temas moi cotiáns.

3. Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.

4. Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas sempre que se fale a modo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionando adecuadamente.

5. Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración do interlocutor para entender e facerse entender.

COMPRESIÓN DE LECTURA

1. Comprender textos que inclúan ou soliciten información persoal básica.
2. Comprender instrucións breves e sinxelas, e indicacións, especialmente se contan con apoio visual.
3. Comprender mensaxes breves que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.
4. Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.
5. Comprender correspondencia persoal moi breve e sinxela.
6. Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

1. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.
2. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible.
3. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.
4. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá.
5. Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.

4.4.2. BÁSICO 2

Ao final do Nivel Básico, as alumnas e os alumnos deberán demostrar que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

COMPRESIÓN ORAL

1. Identificar o sentido xeral e os detalles específicos de conversas e discusións informais sobre temas cotiáns ou relacionadas co traballo, desenvolvidas cunha pronuncia clara, en lingua estándar e a velocidade media.
2. Comprender o necesario en conversas formais e reunións de traballo que versen sobre a súa especialidade, sempre que o tema lle resulte familiar e estea estruturado con claridade, se fale a unha velocidade normal e se eviten moitos usos idiomáticos.
3. Seguir as instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente sempre que se poidan escoitar máis dunha vez.
4. Seguir a información esencial dun debate longo, sempre que o discurso estea articulado con claridade e a velocidade media, en lingua estándar, nun rexistro formal que pode conter termos cultos de uso común e non especializados.
5. Comprender o contido da información da maioría dos textos audiovisuais ou material gravado que trate temas coñecidos ou de carácter previsible, articulados de forma relativamente lenta e clara.
6. Comprender filmes e representacións teatrais, sempre que os elementos visuais e a acción conduzan gran parte do argumento e que se articulen con claridade e cun nivel de lingua sinxelo.
7. Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, utilizando claves lingüísticas e non lingüísticas.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

1. Iniciar, manter e terminar espontaneamente conversas e discusións sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, amosando unha certa seguridade, e comprendelas sen dificultade se se fala en lingua estándar e cunha velocidade media.
2. Desenvolverse con relativa seguridade e fluidez en transaccións da vida cotiá, enfrontándose a situacións menos correntes, argumentando ou explicando o motivo dun problema se se ten a cooperación do interlocutor.
3. Intercambiar, en discusións formais e reunións de traballo, puntos de vista con precisión e relativa fluidez, ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal e con estruturas e léxico sinxelos pero adecuados á situación de comunicación.
4. Realizar, con facilidade e en lingua estándar, narracións, descripcións e presentacións de experiencias, sentimentos e reaccións, acontecementos e contidos diversos, e expresar con razoable fluidez ideas e opinións sobre temas que excedan a vida cotiá.
5. Facer unha presentación breve e preparada en lingua estándar sobre un tema coñecido ou do seu interese, clara e ben estruturada, salientando as ideas principais cunha precisión suficiente e respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias aínda que necesite repeticións.
6. Seguir unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, confirmando a información, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, tomando a iniciativa de cambio temático e facéndolle comentarios ao interlocutor.
7. Interactuar de maneira cooperativa, cunha relativa fluidez, con corrección suficiente e pronuncia claramente intelixible para poder ser comprendido, malia un acento estranxeiro.

COMPRESIÓN DE LECTURA

1. Localizar e comprender información específica en textos usuais de uso cotián tanto do ámbito persoal como profesional ou público.
2. Recoñecer a liña argumental xeral de textos literarios contemporáneos breves e sinxelos, e comprender textos dialogados breves en teatrais ou guións, sempre que estean escritos en lingua estándar e que o léxico, aínda que amplo, non conteña demasiados usos idiomáticos.
3. Localizar e identificar información relevante para unha tarefa específica en diferentes textos extensos en soporte papel ou dixital, redactados en lingua estándar, que poderán conter termos cultos usuais e non especializados.
4. Comprender instrucións sinxelas relativas a un aparello escritas con claridade en soporte papel ou dixital.
5. Identificar información relevante e as conclusións principais de textos informativos, narrativos e argumentativos, en soporte papel ou dixital, escritos con claridade e nunha lingua estándar e que traten temas coñecidos ou de actualidade.
6. Comprender a información relevante dos textos, mediante claves lingüísticas e non lingüísticas.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

1. Escribir correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións, e se expliquen problemas con razoable precisión, utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.
2. Resumir información de diversas fontes así como parafrasear breves pasaxes utilizando a ordenación do texto orixinal.
3. Escribir textos narrativos e descritivos, en lingua estándar, coherentes e ben estruturados, sobre temas tanto concretos como abstractos do seu campo de interese.
4. Escribir informes breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos comúns, dando o fundamento de determinadas accións.
5. Comunicar con eficacia as ideas principais que se queren transmitir limitando a mensaxe aos coñecementos que se posúen ou, se é o caso, aos medios de que se dispón.

4.4.3. ACCESO DE INTERMEDIO 1 A INTERMEDIO 2

COMPRESIÓN ORAL

Comprender as principais ideas de interaccións prolongadas articuladas con claridade, ben estruturadas e en lingua estándar, nas que se traten temas cotiáns relacionados cos ámbitos persoal e profesional.

Comprender en liñas xerais conferencias e presentacións ben organizadas e expostas con claridade, sobre temas coñecidos e emitidas cunha pronuncia estándar e clara.

Captar as ideas principais e detalles específicos de textos audiovisuais e doutro material gravado sinxelo que traten temas coñecidos ou de interese persoal, articulados con relativa lentitude e claridade.

Comprender información técnica sinxela o suficiente para poder seguir as instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

Establecer, manter e cerrar adecuadamente contactos sociais e interaccións sinxelas, á cara, sobre temas habituais, de interese persoal e profesional, con eficacia no logro do propósito de comunicación.

Interaccionar con corrección sociolingüística, certa naturalidade e relativa fluidez, en lingua estándar, expresando de forma básica reaccións, actitudes e sentimentos, e dando instrucións ou solucións sobre temas cotiáns dos ámbitos persoal e profesional.

Participar espontaneamente en conversas informais sinxelas e habituais, para realizar xestións e transaccións relativas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns, con obxectivos concretos.

Intercambiar e contrastar opinións e explicar proxectos sinxelos ou plans, utilizando expresións fixas e estruturas idiomáticas moi frecuentes e un repertorio léxico básico propio do tema da interacción.

Realizar breves exposicións preparadas, con certa fluidez, mantendo o tema con coherencia e cohesión.

Solicitar a cooperación do interlocutor para verificar o logro do propósito comunicativo.

COMPRESIÓN DE LECTURA

Identificar e comprender información relevante en material escrito de uso cotián en lingua estándar e ben estruturado, que non presente excesiva complexidade se non está relacionado co seu campo de especialización.

Comprender textos sinxelos sobre acontecementos, sentimentos, argumentos e opinións que traten temas relacionados co seu campo de interese.

Identificar as partes relevantes dun texto ou de varios en busca de información para realizar unha tarefa específica.

Comprender instrucións técnicas sinxelas escritas con claridade e presentadas coa axuda de soporte visual.

Comprender a información xeral e específica de textos auténticos, de extensión variada, sobre temas diversos, coñecidos e sen complexidade, que vehiculen aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua obxecto de estudo.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión mediante claves lingüísticas e non lingüísticas.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

Redactar textos sinxelos, coherentes e cohesionados, coidando os aspectos formais e a corrección ortográfica e de puntuación para que sexan comprensíbeis para o lector.

Escribir textos breves solicitando información e responder transmitindo información sinxela de carácter inmediato ou sobre temas habituais do ámbito profesional.

Escribir textos sinxelos –correspondencia, narracións e descricións–, que conteñan experiencias, sentimentos e acontecementos expresados con detalle.

Escribir informes e resumos breves en formato convencional para describir cuestións coñecidas do ámbito profesional, dando razóns e expoñendo de forma básica opinións, plans e accións.

4.4.4. INTERMEDIO 2

Ao final do Nivel Intermedio, as alumnas e os alumnos deberán demostrar que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

COMPRESIÓN ORAL

1. Identificar o sentido xeral e os detalles específicos de conversas e discusións informais sobre temas cotiáns ou relacionadas co traballo, desenvolvidas cunha pronuncia clara, en lingua estándar e a velocidade media.

2. Comprender o necesario en conversas formais e reunións de traballo que versen sobre a súa especialidade, sempre que o tema lle resulte familiar e estea estruturado con claridade, se fale a unha velocidade normal e se eviten moitos usos idiomáticos.

3. Seguir as instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente sempre que se poidan escoitar máis dunha vez.

4. Seguir a información esencial dun debate longo, sempre que o discurso estea articulado con claridade e a velocidade media, en lingua estándar, nun rexistro formal que pode conter termos cultos de uso común e non especializados.

5. Comprender o contido da información da maioría dos textos audiovisuais ou material gravado que trate temas coñecidos ou de carácter previsible, articulados de forma relativamente lenta e clara.

6. Comprender filmes e representacións teatrais, sempre que os elementos visuais e a acción conduzan gran parte do argumento e que se articulen con claridade e cun nivel de lingua sinxelo.

7. Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, utilizando claves lingüísticas e non lingüísticas.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

1. Iniciar, manter e terminar espontaneamente conversas e discusións sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, amosando unha certa seguridade, e comprendelas sen dificultade se se fala en lingua estándar e cunha velocidade media.

2. Desenvolverse con relativa seguridade e fluidez en transaccións da vida cotiá, enfrontándose a situacións menos correntes, argumentando ou explicando o motivo dun problema se se ten a cooperación do interlocutor.

3. Intercambiar, en discusións formais e reunións de traballo, puntos de vista con precisión e relativa fluidez, ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal e con estruturas e léxico sinxelos pero adecuados á situación de comunicación.

4. Realizar, con facilidade e en lingua estándar, narracións, descricións e presentacións de experiencias, sentimentos e reaccións, acontecementos e contidos diversos, e expresar con razoable fluidez ideas e opinións sobre temas que excedan a vida cotiá.

5. Facer unha presentación breve e preparada en lingua estándar sobre un tema coñecido ou do seu interese, clara e ben estruturada, salientando as ideas principais cunha precisión suficiente e respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias aínda que necesite repeticións.

6. Seguir unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, confirmando a información, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, tomando a iniciativa de cambio temático e facéndolle comentarios ao interlocutor.

7. Interactuar de maneira cooperativa, cunha relativa fluidez, con corrección suficiente e pronuncia claramente intelixible para poder ser comprendido, malia un acento estranxeiro.

COMPRESIÓN DE LECTURA

1. Localizar e comprender información específica en textos usuais de uso cotián tanto do ámbito persoal como profesional ou público.
2. Recoñecer a liña argumental xeral de textos literarios contemporáneos breves e sinxelos, e comprender textos dialogados breves en teatrais ou guións, sempre que estean escritos en lingua estándar e que o léxico, aínda que amplo, non conteña demasiados usos idiomáticos.
3. Localizar e identificar información relevante para unha tarefa específica en diferentes textos extensos en soporte papel ou dixital, redactados en lingua estándar, que poderán conter termos cultos usuais e non especializados.
4. Comprender instrucións sinxelas relativas a un aparello escritas con claridade en soporte papel ou dixital.
5. Identificar información relevante e as conclusións principais de textos informativos, narrativos e argumentativos, en soporte papel ou dixital, escritos con claridade e nunha lingua estándar e que traten temas coñecidos ou de actualidade.
6. Comprender a información relevante dos textos, mediante claves lingüísticas e non lingüísticas.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

1. Escribir correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións, e se expliquen problemas con razoable precisión, utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.
2. Resumir información de diversas fontes así como parafrasear breves pasaxes utilizando a ordenación do texto orixinal.
3. Escribir textos narrativos e descritivos, en lingua estándar, coherentes e ben estruturados, sobre temas tanto concretos como abstractos do seu campo de interese.
4. Escribir informes breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos comúns, dando o fundamento de determinadas accións.
5. Comunicar con eficacia as ideas principais que se queren transmitir limitando a mensaxe aos coñecementos que se posúen ou, se é o caso, aos medios de que se dispón.

4.4.5. ACCESO DE AVANZADO 1 A AVANZADO 2

Para poder acceder ao Nivel Avanzado 2 os alumnos demostrarán que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

Comprensión oral.

- Comprender a información principal de monólogos sostidos en conferencias, charlas, discursos e noutras formas de presentación pública, académica e profesional referidas a temas coñecidos, desenvolvidos mediante marcadores discursivos explícitos, articulados en lingua estándar, aínda que se deban inferir significados pola presenza dalgunhas expresións idiomáticas pouco habituais.
- Comprender cun grao razoable de precisión e eficacia diferentes tipos de textos en lingua estándar sobre temas de actualidade emitidos pola radio ou a televisión, en películas, representacións teatrais e outros textos audiovisuais, sempre que conteñan elementos redundantes que faciliten a comprensión, estean producidos a un ritmo normal, en boas condicións acústicas, e poidan ser escoitados máis dunha vez.
- Comprender con eficacia o seu interlocutor en distintas situacións de comunicación en que se fale a un ritmo normal en lingua estándar, cunha pronuncia clara e sobre temas dos ámbitos persoal, público, profesional e académico, aínda que lle custe algún esforzo ou teña que axudarse de preguntas para asegurar a comprensión.
- Identificar con certa precisión informacións de carácter práctico e aplicación inmediata (avisos, mensaxes, instrucións, etc.) en situacións referidas a temas que resulten familiares nos ámbitos persoal, público, profesional e académico.
- Utilizar estratexias para a comprensión das mensaxes orais.

Expresión e interacción oral.

- Realizar presentacións e declaracións, preparadas previamente, sobre temas xerais ou da súa especialidade, facendo descrições e expoñendo argumentos con claridade, razoando a favor ou refutando un punto de vista concreto, amosando as vantaxes e inconvenientes de varias opcións e achegando información a preguntas complementarias cun grao de fluidez e espontaneidade que non supoña tensión para os seus interlocutores.

- Participar activamente en conversas formais e informais, explicando ou argumentando con claridade os seus puntos de vista, realizando comentarios adecuados sobre os puntos de vista doutras persoas, decantándose razoadamente por unha vía de entre varias propostas e destacando, se cumprise, a importancia persoal de certos feitos e experiencias.
- Presentar brevemente e con claridade un tema, caso ou acontecemento, especulando sobre as causas e consecuencias e comparando as vantaxes e desvantaxes de diferentes enfoques, así como explicar un problema e indicar que se está disposto a facer concesións ou solicitalas sen molestar involuntariamente aos seus interlocutores.
- Participar en entrevistas estruturadas, como entrevistador ou como entrevistado, sexa preparando e formulando adecuadamente as preguntas para obter a información, sexa mostrando un interese amable polo tema da entrevista e polo entrevistador, respondendo en forma completa ás preguntas, solicitando aclaracións, se é o caso, e pechando positivamente a entrevista.
- Expressarse apropiadamente nun rexistro formal e informal adecuado ás diversas situacións de comunicación, seguindo as regras prosódicas -acento, ritmo e entoación- propias do idioma de que se trate, con razoable fluidez, cunha pronuncia clara, con bastante control gramatical e precisión léxica, utilizando estratexias de cooperación na interacción e sen erros importantes de formulación.

Comprensión de lectura.

- Seguir instrucións de certa complexidade e extensión tanto do ámbito público como propio da especialidade, que conteñan conectores textuais de tempo, orde e explicación, e expresións da suxestión, do mandato ou da advertencia, e utilicen un léxico amplo, variado e preciso, aínda que sexa necesario reler e apoiarse para a comprensión en soportes visuais como debuxos, bosquexos e outros.
- Localizar información global e detallada, e distinguir entre feitos, opinións e recomendacións en textos propios de xornais, revistas, guías, páxinas web, novelas, etc. nunha lingua estándar ou nunha variedade de lingua próxima á estándar.
- Comprender información esencial de cartas persoais, acordos, contratos, comunicados ou correspondencia institucional e comercial, correos electrónicos, etc. en que aparezan queixas, reclamacións, peticións, concesións, que versen sobre temas xerais e da súa especialidade, e saber reaccionar adecuadamente distinguindo o rexistro máis formal do estándar.
- Utilizar diferentes estratexias de lectura como a identificación do contido dun texto escrito coa axuda de elementos textuais e paratextuais (tipografía, deseño gráfico, imaxes...), o uso do contexto, de dicionarios ou a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e pór comparación de palabras ou frases similares nas linguas que se coñecen.

Expresión e interacción escrita.

- Escribir textos (notas, cartas, reclamacións) en que se solicite e transmita información, se transmitan emocións, se expliquen problemas, se manifesten puntos de vista ou se comuniquen noticias, salientando os aspectos relevantes ou a importancia persoal de feitos e experiencias, con suficiente claridade e adecuando o rexistro á situación de comunicación.
- Resumir información de diversas fontes, tanto factuais como de ficción, que conteñan unha trama argumental ou secuencia de acontecementos.
- Escribir recensións de libros, películas, exposicións e outros eventos dando unha idea xeral deles e reflectindo a interpretación persoal e a valoración crítica.
- Escribir textos informativos en que se dea a coñecer a realidade e como ocorreron os feitos, describindo persoas, estados físicos ou anímicos, procesos, cambios ou sistemas ou narrando acontecementos seguindo a estrutura organizativa propia deste tipo de textos e con independencia da propia maneira de pensar ou de sentir.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para compoñer e revisar de xeito autónomo os propios textos.

4.4.6. AVANZADO 2

COMPRESIÓN ORAL

- Comprender discursos e conferencias extensos, así como outras presentacións propias dos ámbitos público, profesional e académico, seguindo incluso liñas argumentais complexas, sempre que o tema sexa relativamente coñecido, a organización do discurso inclúa marcadores discursivos explícitos e a súa secuencia estea claramente estruturada por parte do falante.
- Comprender unha variedade ampla de textos audiovisuais: programas de radio ou de televisión, representacións teatrais e outros textos audiovisuais en lingua estándar, gravados ou retransmitidos por medios técnicos (radio, televisión, internet, etc.), así como a maioría das películas; e identificar as opinións e as actitudes expresadas explicitamente polos falantes xunto co contido informativo ou factual do texto.

- Seguir sen dificultade os pormenores do que se lle di directamente no contexto dunha interacción con falantes que empregan a lingua estándar, aínda que no ambiente haxa ruído de fondo.
- Comprender con precisión textos que conteñan informacións de carácter práctico e aplicación inmediata (avisos, mensaxes, instrucións, etc.) en situacións diversas referidas aos ámbitos persoal, público, profesional e académico, mesmo con restricións debidas a condicións externas (ruídos, interferencias ou distorsións leves).

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

- Realizar presentacións e declaracións claras e detalladas, sobre unha ampla gama de temas xerais ou relacionados coa súa especialidade, achegando descricións e argumentos con claridade, precisión e axustando as conclusións ás cadeas argumentais, salientando adecuadamente os aspectos máis significativos e ofrecendo detalles relevantes que sosteñan a intervención, con notable fluidez e certa facilidade de expresión e sendo capaz de desviarse con naturalidade do texto preparado.
- Participar activamente en conversas, discusións e debates extensos, sobre a maioría de temas xerais e da súa profesión, para intercambiar información complexa e consellos, expresar as súas ideas e opinións, presentando liñas argumentais con eficacia, especulando sobre causas e consecuencias e recapitulando o dito polos diferentes interlocutores.
- Expoñer unha situación, explicar as súas ideas e propostas, convidando, se é o caso, as outras persoas a participar, e negociar desenvolvendo a súa argumentación mediante unha linguaxe persuasiva e establecendo con claridade os límites de calquera concesión que estea disposto a facer.
- Participar en entrevistas, como entrevistador ou como entrevistado, sexa preparando e formulando adecuadamente as preguntas para obter a información máis oportuna e seguir un guión flexible que, partindo dun esquema base, permita conseguir fluidez, e orientando a conversación de acordo co tipo de entrevistado, sexa mostrando un interese amable polo tema da entrevista e polo entrevistador, respondendo en forma completa ás preguntas, tomando a iniciativa, dando respostas relevantes e pechando positivamente a interacción.

COMPRESIÓN DE LECTURA

- Identificar e comprender detalles específicos de textos que conteñan instrucións longas e complexas relativas ao ámbito persoal, público, educativo e profesional, nas cales se consideren condicións, advertencias, consecuencias e situacións hipotéticas, aínda que precise reler varias veces as pasaxes máis complexas.
- Comprender información esencial e detalles relevantes en cartas, faxes, correos electrónicos, outras formas de interacción escrita en que aparezan queixas, reclamacións, peticións, concesións, negociacións, citacións, etc. e que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade e saber reaccionar adecuadamente.
- Localizar rápida e facilmente o significado esencial tanto en noticias breves como en artigos, informes, etc. extensos e complexos sobre temas concretos e abstractos e deducir a información máis relevante para levar a cabo as intencións comunicativas dunha tarefa que se lle solicite nos ámbitos persoal, público, profesional e educativo.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

- Escribir textos expositivos, explicativos e argumentativos en que se desenvolvan argumentos, se comenten puntos de vista propios ou doutras persoas; ou se solicite ou transmita información salientando os aspectos que se consideran importantes e achegando detalles e exemplos adecuados e expresándose con concisión, precisión e adecuación.
- Escribir cartas comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos e establecendo unha relación con puntos de vista doutras persoas; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación.
- Redactar un informe claro e detallado sobre temas xerais ou relacionados coa súa especialidade expoñendo información e avaliándoa mediante argumentos a favor ou en contra, salientando os aspectos significativos, explicitando as vantaxes e inconvenientes de diferentes opcións e formulando propostas ou conclusións cunha linguaxe clara e persuasiva en que os problemas de intelixibilidade son pouco frecuentes.
- Redactar textos que sinteticen outros textos destacando os aspectos máis importantes, organizando a información de forma xerárquica, salientando palabras clave e diferenciando entre ideas principais e secundarias, así como resumir fragmentos de noticias, entrevistas ou documentais que conteñan opinións, argumentos e análises.
- Tomar notas con palabras clave, abreviaturas, esquemas, mapas semánticos, etc. que reflectan os aspectos máis importantes e as palabras clave daquilo do que se tomaron apuntamentos (unha declaración ou exposición de calquera ámbito social, ou durante o visionamento dun documento ou acontecemento).

4.5. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para as probas terminais de certificación dos niveis básico, intermedio e avanzado (básico integrado, intermedio integrado e avanzado 2) utilizaranse os baremos incluídos no documento de especificacións da proba de certificación do nivel básico e na guía de administración das probas de certificación dos niveis intermedio e avanzado, dos cales se inclúen modelos do curso 2010-2011 a continuación.

Para as probas parciais de progreso de cada nivel utilizaranse os baremos correspondentes á proba de certificación; e para a proba final de promoción do nivel avanzado I, os correspondentes á proba de certificación do nivel avanzado.

Táboas de baremación do documento de especificacións da proba de certificación do nivel básico:

TAREFA Nº 1: PRODUCCIÓN ESCRITA EN REXISTRO NEUTRO (texto expositivo, narrativo ou descritivo)

Cada descritor vale un punto (non se admiten puntuacións de 0,5 puntos)

Nome e apelidos do/a candidato/a:	
Avaliador/a:	
ADECUACION A CONSIGNA: respéctase o contido da tarefa e a extensión.	
<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON, porque non cumpre: <input type="checkbox"/> CONTIDO <input type="checkbox"/> EXTENSIÓN	

<i>Adecuación (ás funcións comunicativas solicitadas, ao contexto sociolingüístico e á tarefa)</i>	
<input type="checkbox"/> O rexistro adáptase á situación de comunicación proposta na tarefa (rexistro de lingua estándar e neutro). <input type="checkbox"/> Achega información necesaria para cumprir o propósito comunicativo.	
<i>Coherencia e cohesión textual</i>	
<input type="checkbox"/> As ideas son coherentes: non se contradín, non se repiten innecesariamente e non son confusas. <input type="checkbox"/> A información está organizada, aínda que sexa de modo lineal, seguindo un esquema ou un plan, e ten coherencia temporal básica (contén unha secuencia cronolóxica, relacionando tempos verbais e indicadores de tempo), aínda que poida ter erros elementais que deben permitir, porén, a comprensión. <input type="checkbox"/> As frases e as oracións están enlazadas con conectores sinxelos e frecuentes (e, pero, ou entón...). <input type="checkbox"/> Utiliza elementos deícticos (pronomes, posesivos, demostrativos, e adverbios de lugar e de tempo) para se referir a conceptos citados anteriormente e ao contexto extratextual, aínda que poida cometer algún erro.	
<i>Alcance da lingua (utilización de recursos morfosintácticos e semánticos sinxelos)</i>	
<input type="checkbox"/> Utiliza un repertorio de estruturas sintácticas básicas axeitadas ás necesidades da tarefa, aínda que poida cometer erros elementais (por exemplo, confusión de tempos), que deben permitir, porén, a comprensión. <input type="checkbox"/> Utiliza estruturas compostas de expresións memorizadas simples e habituais, e frases feitas sinxelas de uso moi corrente. <input type="checkbox"/> Utiliza un repertorio de léxico básico e sinxelo, axeitado ás necesidades da tarefa.	
<i>Corrección formal: morfosintaxe e ortografía</i>	
<input type="checkbox"/> En xeral, a orde das palabras é correcta. <input type="checkbox"/> En xeral, respecta as regras morfolóxicas do idioma de tal xeito que a mensaxe manteña a coherencia textual e extratextual (flexións e concordancias que permiten identificar o xénero e o número, ou outros aspectos, segundo corresponda en cada idioma). <input type="checkbox"/> Escribe con corrección ortográfica o léxico e as expresións propias do nivel, e utiliza con razoable corrección as regras básicas regulares da representación de fonemas e signos de entoación.	
	TOTAL:/ 12 PUNTOS

TAREFA Nº 2: INTERACCIÓN ESCRITA (cartas, tarxetas postais, correos electrónicos, telefaxes, invitacións, felicitacións, notas, mensaxes, etc.)

Cada descriptor vale un punto (non se admiten puntuacións de 0,5 puntos)

Nome e apelidos do/a candidato/a:	
Avaliador/a:	
ADECUACIÓN Á CONSIGNA: respéctase o contido da tarefa e a extensión	
<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON, porque non cumpre: <input type="checkbox"/> CONTIDO <input type="checkbox"/> EXTENSIÓN	

<i>Adecuación ás funcións comunicativas solicitadas, ao contexto sociolingüístico e á tarefa</i>	
<input type="checkbox"/> O rexistro adáptase á situación de comunicación proposta na tarefa (rexistro de lingua familiar, estándar e neutro). <input type="checkbox"/> Respecta o formato de correspondencia propio da tarefa (por exemplo: <i>encabezamento, saúdo, corpo, despedida</i> , etc.). <input type="checkbox"/> Achega información necesaria para cumprir o propósito comunicativo	
Coherencia e cohesión textual	
<input type="checkbox"/> As ideas son coherentes: non se contradín, non se repiten innecesariamente e non son confusas. <input type="checkbox"/> A información está organizada, aínda que sexa de modo lineal, seguindo un esquema ou un plan, e ten coherencia temporal básica (contén unha secuencia cronolóxica, relacionando tempos verbais e indicadores de tempo), aínda que poida ter erros elementais que deben permitir, porén, a comprensión. <input type="checkbox"/> As frases e oracións están enlazadas con conectores sinxelos e frecuentes (e, <i>pero</i> , ou <i>entón</i> ...). <input type="checkbox"/> Utiliza elementos deícticos (pronomes, posesivos, demostrativos, e adverbios de lugar e tempo) para se referir a conceptos citados anteriormente e ao contexto extratextual, aínda que poida cometer algún erro.	
Alcance da lingua (utilización de recursos morfosintácticos e semánticos sinxelos)	
<input type="checkbox"/> Utiliza un repertorio de estruturas sintácticas básicas axeitadas ás necesidades da tarefa, aínda que poida cometer erros elementais (por exemplo confusión de tempos), que deben permitir, porén, a comprensión. <input type="checkbox"/> Utiliza estruturas compostas de expresións memorizadas e habituais de uso moi corrente, e frases feitas sinxelas e habituais propias da función comunicativa que se realice (agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.). <input type="checkbox"/> Utiliza un repertorio de léxico básico e sinxelo, adecuado ás necesidades da tarefa.	
Corrección formal: morfosintaxe, léxico e ortografía	
<input type="checkbox"/> En xeral, a orde das palabras é correcta. <input type="checkbox"/> En xeral, respecta as regras morfolóxicas do idioma de tal xeito que a mensaxe manteña a coherencia textual e extratextual (flexións e concordancias que permiten identificar o xénero e o número, ou outros aspectos, segundo corresponda en cada idioma). <input type="checkbox"/> Escribe con corrección ortográfica o léxico e as expresións propias do nivel, e utiliza con razoable corrección as regras básicas regulares da representación de fonemas e signos de entoación.	
TOTAL:/ 13 PUNTOS	

TAREFA 2 - INTERACCIÓN

Cada descriptor vale un punto (do total de 25 en expresión e interacción oral) e non se admiten puntuacións de 0,5 puntos.

Apelidos e nome:		Set:	
Avaliador/a:		Puntuación:/13

ADECUACIÓN A CONSIGNA

SI
 NON, porque non cumpre: CONTIDO

Adecuación (ás funcións comunicativas solicitadas e ao contexto sociolingüístico)	Coherencia e cohesión textual	Alcance da lingua recursos lingüísticos sinxelos - morfosintácticos e semánticos-	Corrección formal (morfosintaxe e pronuncia)	Fluidez
<input type="checkbox"/> O rexistro adáptase á situación de comunicación proposta na tarefa (rexistro básico familiar, estándar e neutro). <input type="checkbox"/> Utiliza fórmulas simples de inicio, mantemento e seguimento (toma e cesión da quenda de palabra, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc.) e finalización da interacción. <input type="checkbox"/> Colabora suficientemente para o desenvolvemento da interacción, preguntando, respondendo, ofrecendo, pedindo ou opinando, e achegando a información necesaria para lograr os obxectivos requiridos.	<input type="checkbox"/> As ideas son coherentes: non se contradín, non se repiten innecesariamente e non son confusas. <input type="checkbox"/> As frases e oracións están enlazadas con conectadores sinxelos e frecuentes (e, pero ou entón...). <input type="checkbox"/> Utiliza elementos deícticos (pronomes, posesivos, demostrativos, e adverbios de lugar e tempo). <input type="checkbox"/> O texto ten coherencia temporal básica (contén unha secuencia cronolóxica, relacionando tempos verbais e indicadores de tempo), aínda que poida ter erros elementais que deben permitir, porén, a comprensión.	<input type="checkbox"/> Utiliza un repertorio de estruturas sintácticas básicas adecuadas ás necesidades da tarefa, aínda que poida cometer erros elementais (por exemplo confusión de tempos), que permitan, porén, a comprensión. <input type="checkbox"/> Utiliza un repertorio de léxico básico e de expresións e frases feitas memorizadas e moi habituais adecuado ás necesidades da tarefa.	<input type="checkbox"/> Exprésase con corrección gramatical, aínda que poida cometer de xeito sistemático erros relativos á concordancia, a tempos verbais ou outros, sen que estes dificulten ou impidan a comprensión. <input type="checkbox"/> En xeral, a orde das palabras é correcta. <input type="checkbox"/> Exprésase con pronuncia intelixible, e con entoación e acentuación prosódica da cadea falada adecuadas para asegurar a comprensión, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro.	<input type="checkbox"/> Faise entender e exprésase con certa facilidade e espontaneidade, de tal maneira que as pausas, as dúbidas iniciais e a reformulación da súa produción non interfiran seriamente na continuidade da fala.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL. PARÁMETROS DE AVALIACIÓN

TAREFA 1 - MONÓLOGO SOSTIDO

Cada descriptor vale un punto (do total de 25 en expresión e interacción oral) e non se admiten puntuacións de 0,5 puntos.

Apelidos e nome:		Set:	
Avaliador/a:		Puntuación:/12

ADECUACIÓN A CONSIGNA

SI
 NON, porque non cumpre: CONTIDO

Adecuación (ás funcións comunicativas solicitadas e ao contexto sociolingüístico)	Coherencia e cohesión textual	Alcance da lingua (recursos lingüísticos sinxelos - morfosintácticos e semánticos-)	Corrección formal (morfosintaxe e pronuncia)	Fluidez
<input type="checkbox"/> O rexistro adáptase á situación de comunicación proposta na tarefa (rexistro básico estándar e neutro). <input type="checkbox"/> Achega información necesaria para cumprir o propósito comunicativo.	<input type="checkbox"/> As ideas son coherentes: non se contradín, non se repiten innecesariamente, e non son confusas. <input type="checkbox"/> As frases e oracións están enlazadas con conectadores sinxelos e frecuentes (e, pero, ou entón...). <input type="checkbox"/> Utiliza elementos deícticos (pronomes, posesivos, demostrativos, e adverbios de lugar e tempo). <input type="checkbox"/> O texto ten coherencia temporal básica (contén unha secuencia cronolóxica, relacionando tempos verbais e indicadores de tempo), aínda que poida ter erros elementais que deben permitir, porén, a comprensión.	<input type="checkbox"/> Utiliza un repertorio de estruturas sintácticas básicas adecuadas ás necesidades da tarefa, aínda que poida cometer erros elementais (por exemplo confusión de tempos), que permitan, porén, a comprensión. <input type="checkbox"/> Utiliza estruturas compostas de expresións memorizadas e habituais de uso moi corrente, e frases feitas sinxelas e habituais propias da función comunicativa que se realice. <input type="checkbox"/> Utiliza un repertorio de léxico básico, adecuado ás necesidades da tarefa.	<input type="checkbox"/> Exprésase con corrección gramatical, aínda que poida cometer de xeito sistemático erros relativos á concordancia, tempos verbais ou outros, sen que estes dificulten ou impidan a comprensión. <input type="checkbox"/> Exprésase con pronuncia intelixible, e con entoación e acentuación prosódica da cadea falada adecuadas para asegurar a comprensión, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro.	<input type="checkbox"/> Faise entender e exprésase con certa facilidade e espontaneidade, de tal maneira que as pausas, as dúbidas iniciais e a reformulación da súa produción non interfiran seriamente na continuidade da fala.

Táboas de baremación da Guía de administración das probas de certificación dos niveis intermedio e avanzado para o curso 2010-2011:

CANDIDATO/A:		AVALIADOR/A:			
NIVEL:	<input type="checkbox"/> INT <input type="checkbox"/> AV	EXTENSIÓN ADECUADA	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	RESULTADO TAREFA Nº ____ / 10	TOTAL: TAREFA Nº ____ + TAREFA Nº ____ 2 = ____ / 25
EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA: TAREFA Nº		INTERACCIÓN (10 PUNTOS)			
ADECUACIÓN (2,5)		COHERENCIA E COHESIÓN (2,5)		CORRECCIÓN (2,5)	
RIQUEZA (2,5)					
A.- <input type="checkbox"/> 2,5 puntos Cumpre moi ben a tarefa. Desenvolve todos os puntos cun contido relevante e adecuado. Axústase ao tipo de texto e formato requirido e utiliza un rexistro adecuado ao destinatario, propósito ou situación.	A.- <input type="checkbox"/> 2,5 puntos Cumpre moi ben a tarefa. O texto lese de maneira fluída. A información e as ideas están ben estruturadas en oracións e parágrafos. Fai un uso adecuado de conectores discursivos e/ou mecanismos de referencialidade propios do nivel, así como dos signos de puntuación.	A.- <input type="checkbox"/> 2,5 puntos Cumpre moi ben a tarefa. Presenta un bo control gramatical das estruturas propias do nivel aínda que pode presentar erros illados, sobre todo en estruturas máis ambiciosas. Fai un uso correcto do vocabulario do nivel e ten un bo dominio da ortografía.	A.- <input type="checkbox"/> 2,5 puntos Cumpre moi ben a tarefa. Léxico propio do nivel, moi variado e preciso sen apenas repeticións ou circunloquios. Estruturas do nivel moi variadas e adecuadas á situación comunicativa.		
<input type="checkbox"/> 2,25 puntos	<input type="checkbox"/> 2,25 puntos	<input type="checkbox"/> 2,25 puntos	<input type="checkbox"/> 2,25 puntos		
B.- <input type="checkbox"/> 2 puntos Cumpre ben a tarefa. Desenvolve todos os puntos cun contido, en xeral, relevante e adecuado. En xeral, axústase ao tipo de texto e formato requirido e utiliza un rexistro adecuado ao destinatario, propósito ou situación ou desenvolve a maioría dos puntos cun contido relevante e adecuado. Axústase ao tipo de texto e formato requirido e utiliza un rexistro adecuado ao destinatario, propósito ou situación.	B.- <input type="checkbox"/> 2 puntos Cumpre ben a tarefa. En xeral, o texto lese de maneira fluída. A información e as ideas están, en xeral, ben estruturadas en oracións e parágrafos. En xeral, fai un uso adecuado de conectores discursivos e/ou mecanismos de referencialidade propios do nivel, así como dos signos de puntuación.	B.- <input type="checkbox"/> 2 puntos Cumpre ben a tarefa. Presenta, en xeral, un bo control gramatical das estruturas propias do nivel, aínda que pode cometer erros illados que non dificultan a comprensión. En xeral fai un uso correcto do vocabulario do nivel aínda que con algún erro esporádico. En xeral, ten un bo dominio da ortografía aínda que pode presentar algún erro non sistemático.	B.- <input type="checkbox"/> 2 puntos Cumpre ben a tarefa. Léxico propio do nivel, en xeral variado e bastante preciso. Estruturas do nivel, en xeral variadas e adecuadas á situación comunicativa.		
<input type="checkbox"/> 1,75 puntos	<input type="checkbox"/> 1,75 puntos	<input type="checkbox"/> 1,75 puntos	<input type="checkbox"/> 1,75 puntos		
C.- <input type="checkbox"/> 1,50 punto Cumpre con suficiencia a tarefa. Desenvolve todos os dos puntos, aínda que o contido é, ocasionalmente, pouco relevante. En xeral, axústase ao tipo de texto e formato requirido e utiliza un rexistro adecuado ao destinatario, propósito ou situación, aínda que ocasionalmente poida presentar inconsistencias.	C.- <input type="checkbox"/> 1,50 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. O texto lese de maneira suficientemente fluída, aínda que algún fragmento presente dificultades na comprensión que se superan cunha lectura máis atenta. A información e as ideas están suficientemente estruturadas en oracións e parágrafos e fai un uso suficientemente adecuado de conectores discursivos e/ou mecanismos de referencialidade propios do nivel, aínda que ocasionalmente poida presentar inconsistencias. O uso dos signos de puntuación é suficientemente adecuado.	C.- <input type="checkbox"/> 1,50 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. Presenta un control gramatical suficiente das estruturas propias do nivel, aínda que pode presentar erros ocasionais que ningún momento dificultan lixeiramente a comprensión. Fai un uso suficientemente correcto do vocabulario do nivel e presenta erros de ortografía que non dificultan a comprensión.	C.- <input type="checkbox"/> 1,50 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. Léxico propio do nivel, suficientemente variado e preciso, aínda que presenta repeticións e circunloquios ocasionais. Estruturas do nivel, suficientemente variadas e adecuadas á situación comunicativa.		
<input type="checkbox"/> 1 punto	<input type="checkbox"/> 1 punto	<input type="checkbox"/> 1 punto	<input type="checkbox"/> 1 punto		
D.- <input type="checkbox"/> 0,50 puntos Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Non desenvolve ou desenvolve insuficientemente os puntos. O contido non é relevante. Non se axusta ao tipo de texto nin ao formato, e o rexistro non é o adecuado ao destinatario, nin ao propósito nin á situación. Non cumpre a finalidade comunicativa.	D.- <input type="checkbox"/> 0,50 puntos Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. O texto lese con dificultade. A información e as ideas están desordenadas e o uso de conectores discursivos ou mecanismos de referencialidade non é apropiado. O uso dos signos de puntuación é inadecuado e dificulta a comprensión.	D.- <input type="checkbox"/> 0,50 puntos Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Presenta un dominio gramatical e léxico insuficiente para o nivel, con erros frecuentes que dificultan a comprensión. Comete erros frecuentes de ortografía.	D.- <input type="checkbox"/> 0,50 puntos Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. As estruturas gramaticais e o léxico son repetitivos, imprecisos, demasiado básicos para o nivel e pouco axeitados á situación comunicativa.		
<input type="checkbox"/> 0 puntos	<input type="checkbox"/> 0 puntos	<input type="checkbox"/> 0 puntos	<input type="checkbox"/> 0 puntos		
E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Insuficiente para avaliar, flexible ou totalmente irrelevante.	E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Insuficiente para avaliar, flexible ou totalmente irrelevante.	E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Insuficiente para avaliar, flexible ou totalmente irrelevante.	E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Insuficiente para avaliar, flexible ou totalmente irrelevante.		

CANDIDATO/A:		AVALIADOR/A:		
NIVEL:	<input type="checkbox"/> INT <input type="checkbox"/> AV	EXTENSIÓN ADECUADA	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	RESULTADO TAREFA Nº ____ / 15
EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA: TAREFA Nº		PRODUCCIÓN LIBRE (15 puntos)		
ADECUACIÓN (3)		COHERENCIA E COHESIÓN (4)		CORRECCIÓN (4)
RIQUEZA (4)				
A.- <input type="checkbox"/> 3 puntos Cumpre moi ben a tarefa. Desenvolve todos os puntos cun contido relevante e adecuado. Axústase ao tipo de texto e formato requirido e utiliza un rexistro adecuado ao destinatario, propósito ou situación.	A.- <input type="checkbox"/> 4 puntos Cumpre moi ben a tarefa. O texto lese de maneira fluída. A información e as ideas están ben estruturadas en oracións e parágrafos. Fai un uso adecuado de conectores discursivos e/ou mecanismos de referencialidade propios do nivel, así como dos signos de puntuación.	A.- <input type="checkbox"/> 4 puntos Cumpre moi ben a tarefa. Presenta un bo control gramatical das estruturas propias do nivel aínda que pode presentar erros illados, sobre todo en estruturas máis ambiciosas. Fai un uso correcto do vocabulario do nivel e ten un bo dominio da ortografía.	A.- <input type="checkbox"/> 4 puntos Cumpre moi ben a tarefa. Léxico propio do nivel, moi variado e preciso, sen apenas repeticións nin circunloquios. Estruturas do nivel moi variadas e adecuadas á situación comunicativa.	
<input type="checkbox"/> 2,75 puntos	<input type="checkbox"/> 3,5 puntos	<input type="checkbox"/> 3,5 puntos	<input type="checkbox"/> 3,5 puntos	
B.- <input type="checkbox"/> 2,50 puntos Cumpre ben a tarefa. Desenvolve todos os puntos cun contido, en xeral, relevante e adecuado. En xeral, axústase ao tipo de texto e formato requirido e utiliza un rexistro adecuado ao destinatario, propósito ou situación ou desenvolve a maioría dos puntos cun contido relevante e adecuado. Axústase ao tipo de texto e formato requirido e utiliza un rexistro adecuado ao destinatario, propósito ou situación.	B.- <input type="checkbox"/> 3,25 puntos Cumpre ben a tarefa. En xeral, o texto lese de maneira fluída. A información e as ideas están, en xeral, ben estruturadas en oracións e parágrafos. En xeral, fai un uso axeitado de conectores discursivos e/ou mecanismos de referencialidade propios do nivel, así como dos signos de puntuación.	B.- <input type="checkbox"/> 3,25 puntos Cumpre ben a tarefa. Presenta, en xeral, un bo control gramatical das estruturas propias do nivel, aínda que pode cometer erros illados que non dificultan a comprensión. En xeral, fai un uso correcto do vocabulario do nivel, aínda que con algún erro esporádico. En xeral, ten un bo dominio da ortografía aínda que pode presentar algún erro non sistemático.	B.- <input type="checkbox"/> 3,25 puntos Cumpre ben a tarefa. Léxico propio do nivel, en xeral variado e bastante preciso. Estruturas do nivel, en xeral variadas e adecuadas á situación comunicativa.	
<input type="checkbox"/> 2 puntos	<input type="checkbox"/> 2,75 puntos	<input type="checkbox"/> 2,75 puntos	<input type="checkbox"/> 2,75 puntos	
C.- <input type="checkbox"/> 1,50 punto Cumpre con suficiencia a tarefa. Desenvolve todos os dos puntos, aínda que o contido é, ocasionalmente, pouco relevante. En xeral, axústase ao tipo de texto e formato requirido e utiliza un rexistro adecuado ao destinatario, propósito ou situación, aínda que ocasionalmente poida presentar inconsistencias.	C.- <input type="checkbox"/> 2,50 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. O texto lese de maneira suficientemente fluída, aínda que algún fragmento presente dificultades na comprensión que se superan cunha lectura máis atenta. A información e as ideas están suficientemente estruturadas en oracións e parágrafos e fai un uso suficientemente adecuado de conectores discursivos e/ou mecanismos de referencialidade propios do nivel, aínda que ocasionalmente poida presentar inconsistencias. O uso dos signos de puntuación é suficientemente adecuado.	C.- <input type="checkbox"/> 2,50 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. Presenta un control gramatical suficiente das estruturas propias do nivel, aínda que pode presentar erros ocasionais que ningún momento dificultan lixeiramente a comprensión. Fai un uso suficientemente correcto do vocabulario do nivel e presenta erros de ortografía que non dificultan a comprensión.	C.- <input type="checkbox"/> 2,50 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. Léxico propio do nivel, suficientemente variado e preciso, aínda que presenta repeticións e circunloquios ocasionais. Estruturas do nivel, suficientemente variadas e adecuadas á situación comunicativa.	
<input type="checkbox"/> 1 punto	<input type="checkbox"/> 1,50 puntos	<input type="checkbox"/> 1,50 puntos	<input type="checkbox"/> 1,50 puntos	
D.- <input type="checkbox"/> 0,50 puntos Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Non desenvolve ou desenvolve insuficientemente os puntos. O contido non é relevante. Non se axusta ao tipo de texto nin ao formato, e o rexistro non é o adecuado ao destinatario, nin ao propósito nin á situación. Non cumpre a finalidade comunicativa.	D.- <input type="checkbox"/> 1 punto Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. O texto lese con dificultade. A información e as ideas están desordenadas e o uso de conectores discursivos ou mecanismos de referencialidade é inadecuado. O uso dos signos de puntuación é inadecuado e dificulta a comprensión.	D.- <input type="checkbox"/> 1 punto Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Presenta un dominio gramatical e léxico insuficiente para o nivel, con erros frecuentes que dificultan a comprensión. Comete erros frecuentes de ortografía.	D.- <input type="checkbox"/> 1 punto Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. As estruturas gramaticais e o léxico son repetitivos, imprecisos, demasiado básicos para o nivel e pouco axeitados á situación comunicativa.	
<input type="checkbox"/> 0 puntos	<input type="checkbox"/> 0 puntos	<input type="checkbox"/> 0 puntos	<input type="checkbox"/> 0 puntos	
E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Insuficiente para avaliar, flexible ou totalmente irrelevante.	E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Insuficiente para avaliar, flexible ou totalmente irrelevante.	E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Insuficiente para avaliar, flexible ou totalmente irrelevante.	E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Insuficiente para avaliar, flexible ou totalmente irrelevante.	

CANDIDATO/A:		AVALIADORA:		ADMINISTRADORA:		GRAVADORA Nº ___ PISTA Nº ___			
NIVEL	<input type="checkbox"/> INT	<input type="checkbox"/> AV	IMPRESIÓN GLOBAL DO/A ADMINISTRADORA		<input type="checkbox"/> APTO	<input type="checkbox"/> NON APTO	RESULTADO TAREFA N.º ___ : ___ / 12,5		
EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL: FICHA Nº _____ : MONOLOGO / EXPOSICIÓN (12,5 PUNTOS)									
ADECUACIÓN (2,5)		COHERENCIA E COHESIÓN (2,5)		CORRECCIÓN (2,5)		FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN (2,5)			
A.- <input type="checkbox"/> 2,5 puntos. Cumpre moi ben a tarefa. Desenvolve todos os puntos cun contido sempre relevante e un rexistro adecuado.		A.- <input type="checkbox"/> 2,5 puntos Cumpre moi ben a tarefa. Expressa con moita claridade os seus puntos de vista. Desenvolve os seus argumentos de forma moi clara e precisa. Marca claramente as relacións entre as ideas utilizando unha moi ampla variedade de conectores propios do nivel.		A.- <input type="checkbox"/> 2,5 puntos Cumpre moi ben a tarefa. Ten moi bo control gramatical e léxico en estruturas propias do nivel.		A.- <input type="checkbox"/> 2,5 puntos Cumpre moi ben a tarefa. Tendo en conta o nivel, presenta un discurso moi fluído e natural. A pronuncia é moi clara e non presenta dificultades de comprensión. Entoación moi natural e axeitada á situación comunicativa.		A.- <input type="checkbox"/> 2,5 puntos Cumpre moi ben a tarefa. Léxico propio do nivel, moi variado e moi preciso sen apenas repeticións, vacilacións ou circunloquios. Estruturas do nivel moi variadas, precisas e axeitadas á situación comunicativa.	
<input type="checkbox"/> 2,25 puntos		<input type="checkbox"/> 2,25 puntos		<input type="checkbox"/> 2,25 puntos		<input type="checkbox"/> 2,25 puntos		<input type="checkbox"/> 2,25 puntos	
B.- <input type="checkbox"/> 2 puntos Cumpre ben a tarefa. Desenvolve todos os puntos cun contido, en xeral, relevante e un rexistro adecuado aínda que poida presentar algunha vacilación ou Desenvolve só dous puntos pero cun contido moi relevante e un rexistro adecuado.		B.- <input type="checkbox"/> 2 puntos Cumpre ben a tarefa. Expressa con claridade os seus puntos de vista. Desenvolve os seus argumentos de forma clara e precisa. Marca claramente as relacións entre as ideas utilizando unha ampla variedade de conectores propios do nivel.		B.- <input type="checkbox"/> 2 puntos Cumpre ben a tarefa. Ten, en xeral, un bo control gramatical e léxico en estruturas propias do nivel.		B.- <input type="checkbox"/> 2 puntos Cumpre ben a tarefa. Discurso fluído e natural. Pronuncia clara. A pronuncia non presenta, en xeral, dificultades de comprensión. Entoación, en xeral, natural e axeitada á situación comunicativa.		B.- <input type="checkbox"/> 2 puntos Cumpre ben a tarefa. Léxico propio do nivel, en xeral, variado e preciso. Estruturas do nivel bastante variadas, precisas e axeitadas á situación comunicativa.	
<input type="checkbox"/> 1,75 puntos		<input type="checkbox"/> 1,75 puntos		<input type="checkbox"/> 1,75 puntos		<input type="checkbox"/> 1,75 puntos		<input type="checkbox"/> 1,75 puntos	
C.- <input type="checkbox"/> 1,5 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. Desenvolve todos os puntos aínda que o contido é ocasionalmente pouco relevante. O rexistro é, en xeral, apropiado aínda que poida presentar vacilacións ocasionais.		C.- <input type="checkbox"/> 1,5 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. Expressa con suficiente claridade os seus puntos de vista. Desenvolve os seus argumentos de forma suficientemente clara e precisa. Marca as relacións entre as ideas utilizando unha variedade suficiente de conectores propios do nivel.		C.- <input type="checkbox"/> 1,5 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. Ten un control gramatical e léxico suficiente en estruturas propias do nivel.		C.- <input type="checkbox"/> 1,5 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. Discurso suficientemente fluído e natural. Pronuncia e entoación suficientemente clara para garantir a comunicación. Entoación axeitada á situación comunicativa.		C.- <input type="checkbox"/> 1,5 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. Léxico do nivel suficientemente variado e preciso aínda que con repeticións, vacilacións ou circunloquios ocasionais. Estruturas suficientemente variadas, precisas e axeitadas á situación comunicativa.	
<input type="checkbox"/> 1 punto		<input type="checkbox"/> 1 punto		<input type="checkbox"/> 1 punto		<input type="checkbox"/> 1 punto		<input type="checkbox"/> 1 punto	
D.- <input type="checkbox"/> 0,5 puntos Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Non desenvolve todos os puntos ou desenvólvese de maneira moi superficial, con información irrelevante. O rexistro é, en xeral, inadecuado e presenta frecuentes vacilacións.		D.- <input type="checkbox"/> 0,5 puntos Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Non quedan claros os seus puntos de vista. Os seus argumentos son insuficientes e pouco claros. A relación entre as ideas non é clara e non utiliza os conectores propios do nivel con eficacia.		D.- <input type="checkbox"/> 0,5 puntos Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Eros gramaticais e léxicos frecuentes que dificultan a comprensión.		D.- <input type="checkbox"/> 0,5 puntos Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Discurso pouco fluído e natural, con pausas moi frecuentes e ritmo irregular que dificulta a comprensión. Pronuncia incorrecta e entoación inadecuada que dificulta a comprensión.		D.- <input type="checkbox"/> 0,5 puntos. Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Léxico e estruturas limitados, repetitivos e imprecisos.	
E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Mostra de lingua insuficiente para avaliar, incomprensible ou totalmente irrelevante.		E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Mostra de lingua insuficiente para avaliar, incomprensible ou totalmente irrelevante.		E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Mostra de lingua insuficiente para avaliar, incomprensible ou totalmente irrelevante.		E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Mostra de lingua insuficiente para avaliar, incomprensible ou totalmente irrelevante.		E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Mostra de lingua insuficiente para avaliar, incomprensible ou totalmente irrelevante.	

CANDIDATO/A:		AVALIADORA:		ADMINISTRADORA:		GRAVADORA Nº ___ PISTA Nº ___			
NIVEL	<input type="checkbox"/> INT	<input type="checkbox"/> AV	IMPRESIÓN GLOBAL DO/A ADMINISTRADORA		<input type="checkbox"/> APTO	<input type="checkbox"/> NON APTO	RESULTADO TAREFA N.º ___ : ___ / 12,5		
EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL: FICHA Nº _____ : INTERACCIÓN (12,5 PUNTOS)									
ADECUACIÓN (2,5)		COHERENCIA E COHESIÓN (2,5)		CORRECCIÓN (2,5)		FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN (2,5)			
A.- <input type="checkbox"/> 2,5 puntos Cumpre moi ben a tarefa. Intervén de maneira moi precisa ofrecendo información moi detallada e adaptada ao interlocutor. Colabora de forma moi activa e espontánea na interacción. Uso moi eficaz das quedadas de palabra.		A.- <input type="checkbox"/> 2,5 puntos Cumpre moi ben a tarefa. Expressa con moita claridade os seus puntos de vista. Desenvolve os seus argumentos de forma moi clara e precisa. Marca claramente as relacións entre as ideas utilizando unha moi ampla variedade de conectores propios do nivel.		A.- <input type="checkbox"/> 2,5 puntos Cumpre moi ben a tarefa. Ten moi bo control gramatical e léxico en estruturas propias do nivel.		A.- <input type="checkbox"/> 2,5 puntos Cumpre moi ben a tarefa. Tendo en conta o nivel, presenta un discurso moi fluído e natural. A pronuncia é moi clara e non presenta dificultades de comprensión. Entoación moi natural e axeitada á situación comunicativa.		A.- <input type="checkbox"/> 2,5 puntos. Cumpre moi ben a tarefa. Léxico propio do nivel, moi variado e moi preciso, sen apenas repeticións, vacilacións ou circunloquios. Estruturas do nivel moi variadas, precisas e axeitadas á situación comunicativa.	
<input type="checkbox"/> 2,25 puntos		<input type="checkbox"/> 2,25 puntos		<input type="checkbox"/> 2,25 puntos		<input type="checkbox"/> 2,25 puntos		<input type="checkbox"/> 2,25 puntos	
B.- <input type="checkbox"/> 2 puntos Cumpre ben a tarefa. Intervén, en xeral, de maneira precisa, ofrecendo información detallada e adaptada ao interlocutor. Móstrase, en xeral, activo e espontáneo. Uso eficaz das quedadas de palabra.		B.- <input type="checkbox"/> 2 puntos Cumpre ben a tarefa. Expressa con claridade os seus puntos de vista. Desenvolve os seus argumentos de forma clara e precisa. Marca claramente as relacións entre as ideas utilizando unha ampla variedade de conectores propios do nivel.		B.- <input type="checkbox"/> 2 puntos Cumpre ben a tarefa. Ten, en xeral, un bo control gramatical e léxico en estruturas propias do nivel.		B.- <input type="checkbox"/> 2 puntos Cumpre ben a tarefa. Discurso fluído e natural. Pronuncia clara. A pronuncia non presenta, en xeral, dificultades de comprensión. Entoación, en xeral, natural e axeitada á situación comunicativa.		B.- <input type="checkbox"/> 2 puntos Cumpre ben a tarefa. Léxico propio do nivel, en xeral, variado e preciso. Estruturas do nivel bastante variadas, precisas e axeitadas á situación comunicativa.	
<input type="checkbox"/> 1,75 puntos		<input type="checkbox"/> 1,75 puntos		<input type="checkbox"/> 1,75 puntos		<input type="checkbox"/> 1,75 puntos		<input type="checkbox"/> 1,75 puntos	
C.- <input type="checkbox"/> 1,5 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. Aínda que non intervén sempre de modo preciso ofrece información suficiente e, en xeral, adaptada ao interlocutor. Móstrase suficientemente activo e espontáneo. Uso suficientemente eficaz das quedadas de palabra.		C.- <input type="checkbox"/> 1,5 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. Expressa con suficiente claridade os seus puntos de vista. Desenvolve os seus argumentos de forma suficientemente clara e precisa. Marca as relacións entre as ideas utilizando unha variedade suficiente de conectores propios do nivel.		C.- <input type="checkbox"/> 1,5 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. Ten un control gramatical e léxico suficiente en estruturas propias do nivel.		C.- <input type="checkbox"/> 1,5 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. Discurso suficientemente fluído e natural. Pronuncia e entoación suficientemente clara para garantir a comunicación. Entoación axeitada á situación comunicativa.		C.- <input type="checkbox"/> 1,5 puntos Cumpre con suficiencia a tarefa. Léxico do nivel suficientemente variado e preciso, aínda que con repeticións, vacilacións ou circunloquios ocasionais. Estruturas suficientemente variadas, precisas e axeitadas á situación comunicativa.	
<input type="checkbox"/> 1 punto		<input type="checkbox"/> 1 punto		<input type="checkbox"/> 1 punto		<input type="checkbox"/> 1 punto		<input type="checkbox"/> 1 punto	
D.- <input type="checkbox"/> 0,5 puntos Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Non desenvolve todos os puntos ou desenvólvese de maneira moi superficial con información irrelevante. O rexistro é, en xeral, inadecuado e presenta frecuentes vacilacións.		D.- <input type="checkbox"/> 0,5 puntos Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Non quedan claros os seus puntos de vista. Os seus argumentos son insuficientes e pouco claros. A relación entre as ideas non é clara e non utiliza os conectores propios do nivel con eficacia.		D.- <input type="checkbox"/> 0,5 puntos Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Eros gramaticais e léxicos frecuentes que dificultan a comprensión.		D.- <input type="checkbox"/> 0,5 puntos Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Discurso pouco fluído e natural, con pausas moi frecuentes e ritmo irregular, que dificulta a comprensión. Pronuncia incorrecta e entoación inadecuada que dificulta a comprensión.		D.- <input type="checkbox"/> 0,5 puntos. Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Léxico e estruturas limitados, repetitivos e imprecisos.	
E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Mostra de lingua insuficiente para avaliar, incomprensible ou totalmente irrelevante.		E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Mostra de lingua insuficiente para avaliar, incomprensible ou totalmente irrelevante.		E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Mostra de lingua insuficiente para avaliar, incomprensible ou totalmente irrelevante.		E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Mostra de lingua insuficiente para avaliar, incomprensible ou totalmente irrelevante.		E.- <input type="checkbox"/> 0 puntos Non cumpre a tarefa. Mostra de lingua insuficiente para avaliar, incomprensible ou totalmente irrelevante.	

5. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

As ensinanzas de linguas parten dun modelo de lingua que ten unha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma. Deste xeito, as tarefas estarán baseadas nos obxectivos de comunicación definidos neste currículo, tendo en conta as necesidades e intereses do alumnado.

Este enfoque metodolóxico posibilita que o alumnado se implique no proceso de aprendizaxe mediante tarefas deseñadas en función dos obxectivos fixados para as diferentes destrezas, de xeito que permita a convivencia de distintos estilos de aprendizaxe.

A finalidade deste enfoque será a activación da variedade de procesos e habilidades necesarios para levar a cabo tarefas nas que se realizarán actividades de comprensión, expresión e interacción e que englobarán todos os componentes curriculares (os obxectivos, os contidos, a metodoloxía e a avaliación).

A metodoloxía empregada será activa, innovadora, participativa e integradora.

En tódalas unidades recurrirase á análise de textos para formar e consolidar coñecementos. Empregaranse textos curtos, fragmentos xornalísticos, científicos ou cancións. Ademais do libro de texto, completárase a formación con actividades feitas en parellas e en grupo de tipo oral, xogos, debates sinxelos, audicións e películas. As sopas de letras e encrucillados reforzarán o léxico, a ortografía e o emprego do dicionario.

Así mesmo, dacordo cos obxectivos do curso e cos contidos do programa, as actividades da clase atenderán ao desenvolvemento dos seguintes aspectos:

Explicación de cuestións gramaticais e realización de exercicios de diferente tipo.

Análisis de textos de dificultade variada segundo os niveis.

Exercicios de comprensión e de léxico. Contextualización das explicacións gramaticais.

Práctica de expresión oral en diferentes niveis (formal e informal).

Exercicios de autoaprendizaxe, introducidos e traballados previamente na clase.

Práctica específica de expresión oral.

Práctica específica de comprensión oral (audios, secuencias de vídeos e películas, etc.).

Práctica específica de expresión escrita (normas de redacción, conectores, elementos discursivos, etc.).

Empregaremos o libro de texto e outros materiais coma xornais, revistas ou audiovisuais para traballar tódalas destrezas. Cada unha das unidades do libro contén polo menos una mostra de cada actividade, e todo elo secuenciárase equilibradamente para acadar a consecución de tódolos obxectivos.

6. RECURSOS DIDÁCTICOS

BÁSICO 1:

Agencia ELE 1. Manual de español (máis CD). Ed Sgel, Madrid, 2008 e o

Cuaderno de ejercicios (máis CD). Esta editorial ofrece un valioso material multimedia en Internet (e-práctica, e-comosuena, webquest) grazas a cal o alumno desenrola a súa propia autonomía e aprende a lingua de forma máis activa e motivadora.

BÁSICO 2 INTEGRADO:

Aula 2 Internacional. Curso de español. Editorial Difusión, Barcelona, 2005.

Cuadernos de gramática española A2; Jaime Corpas et al., Difusión, Barcelona, 2009.

LECTURAS:

Vacaciones al sol. Serie Lola Lago, Barcelona, 2007.

Por amor al arte. Serie Lola Lago, Barcelona, 2007.

INTERMEDIO INTEGRADO:

Aula 3 Internacional. Curso de español. Editorial difusión, Barcelona, 2005.

Cuadernos de gramática española B1; Jaime Corpas et al., Difusión, Barcelona, 2011.

LECTURAS:

El desorden de tu nombre; Juan José Millás (adaptación). Ed. Santillana, Madrid, 2008.

Leyendas (Bécquer). *Literatura hispánica de fácil lectura*. Ed. Sgel, Madrid, 2008.

AVANZADO 1:

Aula 4 Internacional. Curso de español. Editorial difusión, Barcelona, 2007.

LECTURAS:

Sen determinar.

AVANZADO 2:

En acción 3. Editorial En clave ELE, Madrid, 2010.

LECTURAS:

Sen determinar.

7. BIBLIOGRAFÍA E MATERIAL RECOMENDADO

DICCIONARIOS:

- *Diccionario de uso del español. María Moliner* (3ªED.) de Moliner, María. Gredos, 2007.
- *Diccionario esencial de la lengua española*, RAE, ed. Espasa, 2006.
- Seco, Manuel y Andrés, Olimpia, *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*, Madrid, Aguilar, 2004

LIBROS COMPLEMENTARIOS:

Practica tu español. Las expresiones coloquiales. Ed. Sgel, Madrid, 2007.
Practica tu español. Las preposiciones. Ed. Sgel, Madrid, 2007.
Practica tu español. Practica la conjugación. Ed. Sgel, Madrid, 2007.
Practica tu español. Los tiempos de pasado. Ed. Sgel, Madrid, 2007.
Practica tu español. Ejercicios de pronunciación. Ed. Sgel, Madrid, 2007.
Practica tu español. Ser y estar. Ed. Sgel, Madrid, 2007.
Practica tu español. Marcadores del discurso. Ed. Sgel, Madrid, 2007.

LIBROS ESPECÍFICOS:

Español para hablantes de alemán. Ed. Sgel, Madrid, 2006.
Español para brasileños. Ed. Sgel, Madrid, 2006.
Español para hablantes de polaco. Ed. Sgel, Madrid, 2006.
Español para hablantes de francés. Ed. Sgel, Madrid, 2008.
Español para hablantes de chino. Ed. Sgel, Madrid, 2008.

ORTOGRAFÍAS:

Hernández, Guillermo: *Ortografía básica*. Ed. Sgel, Madrid, 2007.

GRAMÁTICAS:

Gramática básica del estudiante de español. Ed. Difusión.
Gramática contrastiva de español para brasileiros. Ed. Sgel, Madrid, 2007.
Gramática práctica del español actual. Ed. Sgel, Madrid, 2008.
Nueva gramática de la lengua española. Ed. Espasa, Madrid, 2009.
Nueva gramática de la lengua española. Manual. Ed. Espasa, Madrid, 2010.

LÉXICO:

El bloc español en imágenes. Ed. Edinumen, Madrid, 2007.
Vocabulario activo e ilustrado. Ed. Sgel.

MATERIALES EN REDE PARA O AUTOAPRENDIZAXE:

<http://www.elenet.org/alumnos> .Elenet. Materiales interactivos para aprender español: actividades, lecturas interactivas, diccionarios, etc. Sitio web mantido por un profesor de español

<http://cvc.cervantes.es/aula/%20>. Centro Virtual Cervantes: Aula de lengua. Gran cantidad de materiais de moi variados para aprender e ensinar español: lecturas interactivas, exercicios de gramática e léxico, xogos...

<http://www.proele.com/>. Actividades para profesores e alumnos.

GRAMÁTICA:

<http://www.rae.es/>

Real Academia Española. Sitio web da institución, con ferramentas como: diccionario electrónico, diccionario de dúbidas, conxugador de verbos, ortografía.

<http://www.verbolog.com/conju3.htm>

Conxugador de verbos españoles.

DICCIONARIOS:

<http://cvc.cervantes.es/oteador>. Dicionarios bilingües en línea.

<http://clave.librosvivos.net/>

Clave. Excelente diccionario monolingüe (español-español).

• <http://www.diccionarios.com/>

Sitio web con varios diccionarios bilingües en línea.

• <http://www.elmundo.es/diccionarios/>

Diccionario da lingua española, diccionario de sinónimos e dicionarios bilingües inglés-español e francés-español.

BIBLIOTECAS:

www.opacmeiga.rbgalicia.org. Rede de bibliotecas de Galicia.

www.bne.es

EDITORIALES CON RECURSOS EN INTERNET:

www.edelsa.es

www.edinumen.es

www.esespasa.com

www.sgel.es

www.anayamascerca.com

PRENSA EN INTERNET:

www.lavozdeg Galicia.es

www.farodevigo.es

www.elmundo.es

www.elpais.es

www.elperiodico.com

www.geocities.com/CapitolHill/Lobby/3165/diarios.htm

www.lasrevistas.com. Busca revistas por temas e ten comentarios sobre os contidos e a calidade dos artigos.

www.todalaprensa.com. Buscador de prensa de España e Hispanoamérica.

Ademais se potenciará o uso de material real, como artigos de prensa, páxinas *web*, fragmentos de películas en español, cancións, xogos, vídeos didácticos, etc.

8. MEDIDAS PARA A UTILIZACIÓN DAS TIC

Vivimos nun mundo globalizado onde as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) na vida das persoas, tanto na vida cotiá como na profesional, privada ou no tempo de lecer, están a cada paso máis presentes, e a aprendizaxe de linguas non é ningunha excepción a esta tendencia: os recursos en liña que permiten axudar a esta aprendizaxe multiplícanse de forma exponencial.

Parte do noso alumnado está afeito a aprender e a comunicarse mediante recursos dixitais: resultaralle moito máis satisfactorio facer actividades de aprendizaxe non só centradas na cultura escrita e impresa senón tamén na cultura dixital. Outros alumnos, aínda que non dominan eses recursos, están interesados en facelo.

Polo tanto, resulta conveniente utilizar, ademais dos recursos tradicionais dispoñíbeis no centro (TV, DVD, lector de CD, laboratorio), outros presentes en internet, tendo en conta que a EOI está equipada con conexión ADSL, *wifi*, encerado interactivo, e espazos de traballo que permiten tanto o acceso colectivo (durante a clase) como o acceso individual (fóra da aula) a recursos existentes na rede. Intentarase que de vez en cando o alumnado dispoña do salón de actos ou dunha aula con encerado interactivo ou portátiles.

As vantaxes do uso das TIC no ensino de idiomas son, entre outras, a motivación (carácter innovador e interactividade), o método e rigor, o traballo ao ritmo persoal, a autonomía e a interdisciplinidade. Máis especificamente, internet supón outra forma de estar en contacto coa lingua auténtica, fai entrar o mundo exterior na aula e serve como punto de partida para múltiples actividades.

Así pois, convén:

- Favorecer o uso de redes sociais e da *web* como ferramenta tanto de recepción como de produción de información e interacción / intercambio con outros usuarios da lingua aprendida (uso de *blogs*, *podcasts*, *wikis*...).
- Fomentar a participación en proxectos de colaboración a distancia que utilicen as TIC (*chat*, correo electrónico, foros, telefonía ou videoconferencia a través de internet, co programa *Skype*, por exemplo): estes recursos permiten realizar proxectos tanto con participantes de países nos que o español tamén se estuda ou é vehículo de comunicación ou nos que se traballe de forma multilingüe.
- Favorecer o desenvolvemento de estratexias para a procura, selección e organización de información na *web* (como por exemplo, a través das *webquests*: investigacións a través de internet), utilizando o

español, e promover a creación de *webquests* para usalas nas clases, como actividades complementarias ou de síntese da materia.

- Promover o uso de plataformas de xestión de aulas virtuais.

Trátase, en definitiva, de favorecer a continuidade fóra da aula do proceso de aprendizaxe. Crear unha aula virtual de autoaprendizaxe sería moi beneficioso para o alumnado, pois nel podería ter unha listaxe de enlaces, material audiovisual para a comprensión oral, tarefas interactivas, así como recibir avisos, suxestiónse propostas de traballo do profesorado, participar en foros, etc.

- Incentivar a difusión dos materiais e dos contidos creados polo alumnado e o profesorado na intranet da EOI e na internet, por exemplo mediante a publicación nun *blog*.
- Poñer á disposición do alumnado exercicios interactivos, ben creándoos con recursos como *Hot Potatoes*, ou ben ensinándolles as páxinas onde estes poden aparecer..
- Tests en liña: autoavaliación, proba de clasificación...
- Boletíns pedagóxicos

Para concluír, pódese salientar que as actividades que fomenten o uso das TIC son valiosas ferramentas para poñer en práctica o traballo por tarefas, enfoque metodolóxico que defende o MECR.

9. LIÑAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os nosos alumnos participan de dúas situacións ao combinar o contexto natural coa situación formal de aprendizaxe dentro da aula. Neste sentido, pódese falar dunha situación de inmersión lingüística, pero que non se produce a unha idade temperá, feito que vai ser determinante.

Esta situación de aprendizaxe, marcada polo contexto natural, formará parte, polo tanto, das condicións externas nas que se realice o aprendizaxe do español. Pero haberá que considerar tamén outras dúas series de factores: os internos e os individuais. Os factores individuais que teñen influencia sobre calquera proceso de adquisición lingüística relaciónase con cuestións tales como a personalidade, a intelixencia ou a idade.

Resulta evidente, nembargantes, a conexión que existe entre a idade e o factor psicosocial: o adulto síntese plenamente identificado coa lingua e cultura de procedencia, mentres que o aprendiz adolescente atópase en pleno proceso de construción da súa identidade, feito que pode ter consecuencias moi favorables ao achegarse a unha segunda lingua.

Na aula de español como segunda lingua, os estilos de aprendizaxe serán moi variados. No que respecta aos factores internos, cuestións como a lingua materna do alumno, o seu coñecemento lingüístico e do mundo en xeral, inflúen decisivamente nas condicións para o aprendizaxe do idioma. Este feito ten un reflexo nas distintas circunstancias nas que se incorpora este alumnado ao sistema educativo: alumnos de linguas moi diferentes ao español que presentan problemas de distinto tipo; alumnos de linguas que comparten a mesma orixe que o español ou con experiencia previa na aprendizaxe doutras linguas europeas e que avanza a un ritmo moi rápido. Estas circunstancias están marcadas tamén polo tempo: o alumno recén chegado necesita acadar urxentemente unha competencia comunicativa que lle permita a integración social e académica (Erasmus); as necesidades do alumno con certo tempo de permanencia encamiñanse a desenvolver estratexias de comunicación e a perfeccionar as adquiridas.

Partindo do papel do profesor, un ten que darse conta de varias cuestións: como son os alumnos?, por que queren estudar español?, que esperan os alumnos da clase e do profesor?

Debemos admitir que as diferentes características de cada alumno afectan moito ao proceso de aprendizaxe dun idioma. Está acostumado a traballar en grupo?, é una persoa faladora ou calada?, é participativa ou máis ben pasiva?, é una persoa dependente ou prefire arriscarse? A verdade é que sempre hai alumnos que son máis eficaces á hora de aprender, poden atopar a súa propia vía de aprender o idioma, ser creativos e empregar o que aprende en novas situacións, atopar ocasións para empregar a lingua dentro e fóra da clase, analizar os erros que comete para non repetilos, utilizar os seus coñecementos socioculturais para comprender mellor as mensaxes orais, etc.

Os pedagogos sinalan a cotío a importancia da autonomía no proceso de aprendizaxe. Esta autonomía enténdese como *“voluntad y capacidad de tomar decisiones y de asumir la responsabilidad del propio aprendizaje. Esto implica, por parte del alumno, el desarrollo y la aplicación de estrategias y técnicas que permitan un estudio autónomo: identificar las propias necesidades, definir sus objetivos, seleccionar los materiales adecuados, planificar el tiempo necesario para el aprendizaje, evaluar los resultados obtenidos, etc.”*

Durante o ensino do idioma estranxeiro, é tarefa do profesor fomentar esa autonomía dos alumnos. É neste momento cando as características persoais de cada un serán decisivas no proceso de formación da mesma. Por exemplo, os estudantes visuais pensan en imaxes, polo que poden aprender grande cantidade de información de cada vez e dun xeito moi rápido. Adoitan aprender mellor cando len ou ven a información dalgún modo (textos, debuxos, gráficos ou mapas). Trátase de persoas organizadas cuxa imaxinación e capacidade de abstracción son moi grandes, polo que poden relacionar, dun modo sinxelo, unas ideas con

outras. Se teñen que seguir explicacións orais, prefiren tomar notas. Son persoas observadoras, que lembran ben os detalles. Ademais, teñen boa ortografía porque acostuman a recoñecer as palabras visualmente. Outro tipo de alumno é o auditivo. En comparación cos anteriores, son persoas moi sensibles aos estímulos auditivos polo que aprenden con máis facilidade a través de informacións orais. Gústalles o diálogo e teñen facilidade para expresarse verbalmente. Cando len en silencio, moven os beizos. Están acostumbrados a ler en voz alta repetindo os textos á hora de estudar. Lembran as palabras como representacións sonoras e non son (por norma xeral) personas ordeadas. Por último temos ao tipo táctil. Estas persoas responden con agrado ás mostras físicas de afecto, gústalles tocalo todo e xesticulan moito ó falar. Procesan a información asociándoa a movementos ou accións. En resumo, é case imposible etiquetar aos alumnos cun solo tipo de características. Sempre hai que combinar diferentes métodos para organizar eficazmente o proceso de aprendizaxe a través dun seguemento constante dos casos concretos de cada estudante. O profesor e os alumnos deben tratar en todo momento de adaptarse ás necesidades concretas e estilos de aprendizaxe particulares.

É neste momento cando debemos referirnos a alumnos que teñan algún tipo de discapacidade. Independentemente das características especiais que teñan, as estratexias de ensino adaptaranse a calqueira alumno que parta con desvantaxa con respecto á clase en xeral, xa que todos dependen dunhas circunstancias, dunha educación e dunhas características cognitivas propias, polo que deberemos adaptarnos co fin de obter os mellores resultados.

Por outra banda, tódalas persoas aprenden un idioma estranxeiro cun determinado obxectivo, a miúdo de tipo práctico. Algúns desexan pasar as vacacións nun país hispanofalante ou queren familiarizarse coa cultura española pero para os alumnos que toman o español como unha necesidade académica para investigar na universidade o obxectivo debe de estar máis alá.

O mesmo acontece se o alumno precisa da nova lingua para poder conseguir un traballo ou para desenvolverse con corrección dentro del. Destas razóns nace a motivación. Por iso, hai que intentar que os alumnos recoñezan as súas propias necesidades e intereses. Nembargantes, as necesidades non son fixas, e poden mudar durante o proceso de aprendizaxe cando o alumno fai progresos a través das experiencias vividas. Por parte do profesor, hai que darlle regularmente oportunidades para revisar as súas necesidades en relación co curso que está seguindo. Despois de aprender un pouco de español, o alumno xa ten gañas de comunicarse cun falante nativo. Se se lles ofrece a oportunidade de falar co profesor ou un amigo español, o entusiasmo de estudio verase impulsado. Deste xeito, as actividades que requiren a participación dos alumnos para falar en grupo cun falante nativo (que pode ser o mesmo profesor) serán ben acollidas.

A meta do ensino e aprendizaxe do español é a comunicación, e neste caso, a maioría dos estudantes precisan o idioma para o seu posto de traballo, polo que haberá que insistir nas diferentes destrezas.

Por último, outro factor que favorece a heteroxeneidade é o lugar de procedencia.

Contamos con alumnos de Alemaña, Polonia, Italia, Grecia, República Checa, Corea do Sur, Brasil, Portugal, China, Uzbekistán, Tayikistán, Tánxer, Ucraína, Letonia, California, Inglaterra, Gales ou Irak.

Estas diferenzas entre estruturas lingüísticas repercuten á hora de ensinar, por exemplo:

O ruso, sendo un idioma fonéticamente máis amplo (o seu alfabeto conta con sonidos vogais e 23 consoantes) posúe tódolos sonidos do español, a excepción do sonido [θ], que xeralmente non presenta grande dificultade para os estudantes, xa que a maioría deles estudaron inglés e están familiarizados con el. Nembargantes, hai que ter en conta algunhas particularidades do seu idioma que inflúen no proceso de aprendizaxe do español:

Un alumno ruso tende a realizar o [o] átono como [a] (igual que no seu idioma). O mesmo acontece co sonido [e] en posición non acentuada, os estudantes tenden a pronuncialo como [i].

O sonido [ř], aínda que existe no idioma de orixe (террор, территория), nunca se atopa ao principio da palabra ou despois dos sonidos nasais, polo tanto cústalles ter en conta esta peculiaridade no proceso de estudo.

A tendencia a pronunciar o sonido [e] dunha forma moi aberta. En ruso existen dúas grafías que foneticamente diferézanse polo grao de abertura: е и э, o sonido [e] é máis fechado que o respectivo sonido español, mentras que o sonido [э] é moito máis aberto.

Precisamente este último sonido é o que tenden a pronunciar os estudantes rusos.

Para ensinalles a pronuncialo correctamente, hai que intentar utilizar exemplos do seu idioma: жердь , жест, o e despois de ж aproxímase ao sonido español [e].

O b e o v españois teñen a súa equivalencia en ruso cunha pequena diferenza en canto ao sonido [□], que en español é bilabial, e en ruso é un sonido labiodental.

As palabras rusas non levan acento gráfico, polo tanto non adoitan darlle moita importancia ao acento.

Tamén existen problemas cos artigos determinados debido á ausencia total desta categoría gramatical no seu idioma.

En comparación directa co ruso, as diferenzas entre ucráino e ruso se notan de xeito moi especial nos cambios fonéticos, por exemplo:

O equivalente ruso ás vogais e e o, en ucráino convírtense en i nas sílabas fechadas.

Estas dificultades tamén existen nos demais idiomas:

Quizais xa na clase inaugural de español o alumno de fala xermana se vexa enfrontado aos verbos “ser” e “estar”. Ámbolos dous equivalen ao verbo “sein” en alemán. Para presentarse pódese dicir “soy Martina” (Ich bin Martina). Para expresar que “estás nervioso/a” emprégase igualmente o verbo sein: Ich bin nervös.

A duda de empregar “ser” ou “estar” pode perseguir ao alumno ocasionalmente durante anos, debido ás excepcións, xiros, etc., que non participan da regra xeral no emprego de “ser” e “estar” (p.e. “ser puntual”).

A fonoloxía é outro aspecto lingüístico que hai que ter en conta desde un principio.

O alemán carece das letras alfabéticas ch (que en alemán é un ditongo), ll (que en alemán é dobre consoante e sinala que a vogal anterior é curta) e o ñ. En canto á pronuncia, a lingua xermana carece de erre líquido e pode facer falla unha adicación intensa para conseguir a súa emisión. Tamén carece de acentos ortográficos e non hai regras xerais para unha acentuación fonética correcta, así que as regras do español de palabras graves, agudas ou esdrúxulas axúdanlle moito a un alemán a pronunciar correctamente.

Outra dificultade común a outras linguas é a do sistema temporal, o alemán é máis sinxelo: ten seis tempos. Dous deles presentan formas verbais simples, os catro restantes presentan formas compostas. O español dispón dun total de paradigmas temporais, 5 deles simples e 12 compostos.

Algo máis extremo acontece co chinés, os seus verbos mantéñense inmutables en tódolos casos e en tódolos tempos gramaticais: por exemplo, *shi* (o verbo copulativo “ser”), que non cambia con independencia do suxeito ou do tempo verbal. Pero tamén pode acontecer o contrario, por exemplo, o árabe fai diferenzas de xénero nas formas verbais, por exemplo: “xuf sibura” (mira a pizarra □a un home□) e “xufi sibura” (mira a pizarra □a unha muller□).

Polo tanto, a ausencia de “equivalencias” entre linguas constitúe unha dificultade evidente, (ademais, por suposto, de algo moi enriquecedor), polo que debemos ser comprensivos ante as diferenzas no tempo de asimilación das diferentes estruturas lingüísticas.

10. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DO IDIOMA

As propostas de actividades culturais e de promoción do idioma para o ano académico 2011-12 recóllense na Programación Xeral Anual.

11. PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A aplicación práctica da programación didáctica exige unha reflexión e avaliación sistemática dos elementos fundamentais que a compoñen.

Podemos identificar diferentes elementos avaliábeis partindo do proceso ensinoaprendizaxe.

Avaliación dos obxectivos

- Se se adaptan ao currículo.
- Se se adecúan aos obxectivos xerais de cada etapa.
- Se se adaptan aos coñecementos e capacidades reais dos alumnos nun nivel óptimo para o éxito do proceso de aprendizaxe.
- Se teñen redundancias ou contidos innecesarios.

Avaliación dos contidos

- Se se adaptan ao currículo.
- Se concretan os obxectivos propostos.
- Se amosan unha lóxica interna.
- Se teñen en conta unha perspectiva plurilingüe.
- Se inclúen autoavaliación do estudante.

Avaliación do conxunto da experiencia educativa

- Se permite o tratamento de diferentes dimensións de contido para acadar os obxectivos propostos.
- Se permite unha adaptación para a atención á diversidade en función dos requirimentos, propostas e ideas dos alumnos.
- Se ten en conta o proceso de autoavaliación e autoaprendizaxe do alumno.

Avaliación dos recursos didácticos

- Se apoian a interacción entre os estudantes e entre profesor-estudantes.

- Se se utilizan recursos habituais da vida cotiá non feitos con fins didácticos do tipo de trípticos, xornais, folletos, etc.
- Se son útiles para o desenvolvemento dos contidos e o alcance dos obxectivos.
- Se permiten a exercitación de diferentes formas de expresión.
- Se son atractivos na presentación dos temas.
- Se estimulan as diferentes formas receptivas.
- Se son adecuados para o seu uso creativo.
- Se estimulan a participación activa do estudante, a súa creatividade, autonomía e socialización.
- Se o estudante participa dalgún xeito na súa escola.

Para analizar estes aspectos, a programación estará suxeita a dous tipos de avaliación: de progreso e final. A avaliación de progreso permitirá unha mellor aplicación da programación á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado.

A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posible ás necesidades que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación final terá como obxectivo a consideración da programación dun ano escolar para o seguinte, reformulando aqueles aspectos que se considere oportuno. Os instrumentos de avaliación da programación que se empregarán serán os seguintes:

Reunións de coordinación. Estas reunións permitirán unha avaliación progresiva da programación, a fin de adaptala ás necesidades do alumnado e facer os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito.

Reunións de avaliación final. Estas reunións de final de curso terán como obxectivo a análise do desenvolvemento da programación, reflectindo na memoria final do departamento aqueles apartados que precisan ser modificados ou reformulados.

Memoria final. Este documento comprenderá, entre outros puntos, a serie de aspectos da programación que sería preciso reformar para adaptala, tanto ao tempo dispoñible, como ás necesidades do alumnado, como a un mellor axuste co establecido no currículo. Todos os aspectos que cómpre reformar consignados na memoria serán tidos en conta á hora de elaborar a programación didáctica do ano seguinte.

Enquisas de interese entre o alumnado. Este instrumento permite coñecer a súa opinión respecto á adecuación do libro de texto, das actividades propostas, da temporalización seguida e do traballo de aula, entre outros datos.

Estatísticas. Despois de facer a avaliación final do alumnado, estudaranse os datos estatísticos respecto ao número de aprobados, suspensos e non presentados por cada curso, co obxectivo de detectar un posible abandono e fracaso escolar ligado a desaxustes na programación didáctica

12. PROCEDIMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Co fin de mellorar o funcionamento interno do departamento, unha vez o trimestre comentaránse, nas reunións de departamento as seguintes cuestións, ademáis de calquera outra que poda ser de interese para o profesorado:

- Actividades extra-escolares
- Recursos didácticos
- Reunións de departamento
- Organización dos exames

14. PROCEDIMENTOS PARA IDENTIFICAR E CANALIZAR AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO

Como en calquera aspecto da vida, tamén nos centros de ensino é necesario, antes dedeseñar e intervir, realizar unha análise de necesidades que nos permita calcular coa maior exactitude posible os aspectos en que debemos centrar o noso traballo formativo, como debemos realizalo e secuencialo, etc.

É importante que a análise das necesidades non sexa realizada “de arriba para abaixo”, é dicir, que non sexan exclusivamente os membros dos equipos directivos, da inspección ou da Consellaría os que determinen cales son as necesidades que ten o profesorado.

Os procedementos básicos que se utilizarán para detectar as necesidades de formación do profesorado do departamento serán principalmente tres:

Observación: a simple observación persoal permítenos detectar problemas, erros e carencias que poderían ser remediados a través da acción formativa (dificultades para gravar un CD, para usar programas de gravación de vídeos e audios como Roxio, Nero, Audacity no formato adecuado (Avi, mp3...), para reproducir audios e vídeos nos aparellos da aula, para usar o encerado interactivo, etc. A estas observacións pódense engadir outras derivadas da análise de situacións anómalas ou estrañas e das queixas de alumnas e alumnos.

Reflexión en grupo: o proceso podería ser o que segue:

- Distribución do profesorado (dun único departamento ou de varios) en grupos de 5 ou 6 persoas; escolla de voceiro.
- Reflexión individual sobre as propias necesidades e elaboración dunha lista.
- Debate no grupo e contraste das reflexións individuais para conseguir unha proposta consensuada (sen excluír ningunha das anteriores); posteriormente repetirase o proceso cos resultados dos outros grupos.
- Enquisas dirixidas ao profesorado ou ao alumnado. Para optimizar a utilidade do cuestionario, este deberá seguir algunhas normas:
 - Anonimato: non se poderá pedir nome nin sinatura, evitarase que haxa que escribir algunha á man e non se farán preguntas identificadoras.
 - Motivación e información: débese informar previamente da utilidade da enquisa e posteriormente dos resultados.
 - Brevidade.
 - O principal problema da enquisa, a pesar destas “precaucións”, será a inevitable subxectividade das percepcións dos suxeitos entrevistados.

A presente **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CURSO 2011/2012**
foi elaborada pola xefatura do departamento de español da EOI de Santiago de Compostela
en colaboración cos membros do mesmo.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2011

A xefa do departamento

Asdo./ Carmela Busta Varela

Asdo./ Manuel Maneiro Vidal